

cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Verán 2003 • Número 39 • 3 €



a Ulloa ameazada • cetaceos • incendios • auga
voluntariado ambiental • a situación da costa • o río Miño • Uxia Senlle



ADEGA dispón dunha exposición en paneis de arte postal (acuarelas, debuxos, poemas, etc.) con motivos da catástrofe do Prestige, elaborada polo I.E.S. de Caldas de Reis.

Todos aqueles centros, asociacións ou organizacións que a queiran solicitar deberán chamar o local nacional de ADEGA.


solicitudes: 981 570 099 (Ramsés)

petro (leño) preto

Continua a venta o disco "Bagoas Negras" que edita a S.G.A.E., do cal os beneficios van destinados a ADEGA.

Poderalo atopar nas tendas de discos e en librerías.


En dito disco participan entre outros artistas: Susana Seivane, Milladoiro, Mercedes Peón, Na Lúa, Carlos Núñez coa voz de Luz Casal, Berrogüeto, La bruja gata, Carmen París, Joaquín Lera, Amancio Prada, Hevia, etc.



O colectivo chapapote ven de facer un comic, que conta coas aportacións dos mellores debuxantes, ilustradores e guionistas galegos. Cunha excelente edición de 66 páxinas impresas a unha tinta, da mesma cor que nos deixou a alma e a costa o Prestige.

Os beneficios das vendas irán destinados integralmente a ADEGA.

O Colectivo Chapapote denuncia os feitos da catástrofe do Prestige e contribúe á memoria colectiva e á esixencia de todas as responsabilidades a día de hoxe aínda non asumidas.



ACTUALIDADE	5
ECONOMÍA E MEDIO AMBIENTE	18
ADEGA-Cadernos nº8	
COMPOSTAXE EN COMPOSTELA?	20
Xan Duro	
SEMÁFOROS CONTRA PEÓNS	21
Colectivo Eixo	
IMPACTO AMBIENTAL	
A ULLOA AMERZADA	22
Braulio Vilariño, Xesús Pereiras e Daniel Salgado	
INVESTIGACIÓN	
PEQUENOS CETACEOS DA PLATAFORMA GALEGA	24
Alfredo López	
INCENDIOS	
O MONTE É VIDA, O LUME MORTE	27
Xosé Santos	
MARÉ NEGRA DO PRESTIGE	
A VOZ INSUBORNABLE DE UXIA SENLLE	31
Rosa Aneiros	
A SITUACIÓN ACTUAL DA COSTA GALEGA	35
Xabier Vázquez e Martiño Nercellas	
ADEGA: BALANCE DO VOLUNTARIADO	38
Belén Martín, Alberte Sánchez e Manolo Soto	
MAREA DE LETRAS E ARTE	41
Emilio Xosé Insua	
EDUCACIÓN AMBIENTAL	
ECOLOXIA NO COTIÁN: A AUGA NO FOGAR	42
Ramsés Pérez	
O RIO MIÑO: PARA ALEN DAS FRONTEIRAS	44
Adela Figueroa	
VOLUNTARIADO AMBIENTAL NA RECUPERACIÓN DUNHA CANTEIRA-VERTEDOIRO	46
Virginia Rodríguez e Ramsés Pérez	
A NATUREZA NA LITERATURA	
XERARDO ÁLVAREZ LIMESES (II)	48
Emilio Xosé Insua	
Coa colaboración especial de: Rosa Aneiros, Xan G. Muras, Alfredo López	

Marea negra en terra

Desde hai máis de 30 anos, os lumes forestais teñen ennegrecido centos e centos de miles de hectáreas de monte en Galiza, en moitas delas en varias ocasións. Cada ano estamos a sufrir unha media duns 10.000 lumes. No noso país acontecen a metade dos lumes que se adoitan producir en todo o territorio español. Estamos perante unha "marea negra" en terra, de consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais desastrosas, repetida ano tras ano, cuxa magnitude depende dos ventos, da temperatura e da humidade.

No xeito en que o goberno de Fraga se enfrenta ao problema dos lumes forestais tamén hai moitas semellanzas coa forma en que ten encarado as mareas negras: autoritarismo, arrogancia, ocultación e minimización da gravidade do problema perante a opinión pública (recorrendo tamén á instrumentalización e control de medios de información públicos e privados), desatención á prevención, insuficiente sensibilidade ambiental na extinción (abuso de queimas controladas, de incendios cortalumes e de pistas forestais,...), calumnia (cantas veces se ten acusado sen probas aos críticos da política forestal de estaren detrás dalgúns incendios?),...

Durante a campaña das eleccións autonómicas de 1989 Fraga fixo unha utilización extraordinariamente demagóxica e partidista dos lumes, uso que ten continuado durante todo o seu mandato. Unha mostra disto, un tanto anecdótica pero ben ilustrativa, é a comparación obsesiva dos datos de hectáreas queimadas baixo o seu goberno cos do especialmente catastrófico ano de 1989, cando o socialista González Laxe era presidente. A promesa de Fraga de acabar cos lumes foi incumplida. Non podía ser doutro xeito. Ningún goberno sería capaz de diminuír o número e incidencia dos lumes até límites aceptábeis nuns poucos anos.

A estratexia dos gobernos de Fraga fronte aos lumes podemos sintetizala deste xeito: "Centrarémonos en reforzar os medios para a extinción co obxectivo de reducir a superficie queimada por lume e o número de grandes lumes, tan visíbeis socialmente, aínda que non consigamos diminuír o seu número total. Cando as condicións meteorolóxicas non sexan moi desfavorábeis conseguiremos manter controlado o problema e, contando co noso eficaz control dos medios de información, conseguiremos o que máis interesa, atenuar sensíbelmente o impacto mediático dos lumes".

Fronte aos lumes non hai lugar para fanfarronadas, formulacións simplistas e solucións rápidas e fáceis. Cos gobernos Fraga non só non teñen diminuído os lumes senón que mesmo aumentaron en número, e se nos atemos á década dos 90 e primeiros anos deste novo milenio, prescindindo por tanto do fatídico 1989, mesmo confirmamos un incremento paulatino das superficies queimadas.

O elevado número incendios e as superficies queimadas constitúe un fracaso do goberno mais tamén de toda a sociedade galega. Sería desexábel e estaría ben xustificada unha reacción social contra os lumes semellante á vivida con motivo da catástrofe do Prestige.

cerna

Tel: e Fax: 981 570 099
Praza Camilo Díaz Vialño 15, 2º A
15704 Santiago de Compostela
E-Mail: adega@ctv.es. Web: www.adegagaliza.org

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Elvira Cienfuegos, Xan Duro, Emilio Insua, Miguel de Lima, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Xabier Vázquez, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Verán - 2003

Tanto en artigos como noutras colaboracións, reséptase a normativa lingüística do autor. CERN non se fai coparticipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERN edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
Manuel Soto

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Alberte Sánchez

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E
MAQUETACIÓN
Alberte Sánchez

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Xabier V. Pumariño

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor

IMPRESIÓN
Grafínova, S. A.

D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

ADEGA TRASANCOS NA DEFENSA DO BOSQUE AUTÓCTONO

O LITORAL TRAS O PRESTIGE

Depois de meses de retirar o chapapote cuspidado polo *Prestige*, cercar as dunas dalgúns areais para impedir o acceso de vehículos e de persoas ou instalar pequenas barreiras nos regatos e humidaes ártabros para frear a maré negra, ADEGA-Trasancos pasou a denunciar as desfeitas perpetradas polas empresas *Tragsa* e *Dragados* nos areais da bisbarra, ansiosas de deixar "esplendorosas" as nosas costas ante a proximidade do verán. Tal foi o ansia que retiraron grandes cantidades de area e coios que non estaban afectados polo fuel, peneiraron con maquinaria pesada as dunas embrionarias, mesmo aquelas nas que non había rastro de chapapote, danando seriamente a vexetación psamófila e introduciron vehículos polas dunas, aínda existindo accesos rodados xa consolidados. Ademais, utilizáronse hidrolimpadoras en zonas onde non era necesario, instalando galpóns e maquinaria sobre as dunas e outras zonas sensíbeis do litoral. Estes feitos foron denunciados por escrito ante a Demarcación de Costas do Estado, adxuntando varios informes elaborados pola SGHN (Ferrol), coa que colaboramos neste traballo.

REDUTOS DE BOSQUE AUTÓCTONO EN FERROL

Aínda que Ferrol figura na actualidade entre as localidades máis eucaliptizadas do País, quedan algúns reductos de bosque autóctono como a Fraga de Menáncaro (Serantes), as Fragas da Pega e da Casa do Monte (Leixa), a Fraga do Monte Fontelo (A Graña) ou o Acivreiral das Forxas (Covas) que merecen ser protexidos, tanto polo seu valor biolóxico e paisaxístico como pola súa escaseza. Ademais, a maioría destas masas arbóreas residuais están

seriamente en perigo pola execución de diversos proxectos urbanísticos; nomeadamente, urbanizacións, polígonos industriais, vías rodadas, etc. Desde que no ano 2001 ADEGA-Trasancos demandou por escrito ante o Concello de Ferrol a conservación e protección destas fragas, realizámonos diversos actos reivindicativos dirixidos á cidadanía.

Aproveitando a celebración da popular Romaría de Chamorro (21 de abril) na parroquia de Serantes (Ferrol), exhibeuse nas proximidades unha pancarta alusiva á Fraga de Menáncaro e repartíronse entre os/as romeiros/as case 4.000 panfletos reivindicativos. Asimesmo, recolléronse numerosas asinaturas a favor da súa conservación. Este acto reivindicativo xa se repetira na romaría anterior con igual éxito. Co gallo do Día Mundial do Ambiente (5 de xuño) instalou-se unha mesa na Praza de Armas de Ferrol para recoller sinaturas en defensa das fragas ferrolás, despregou-se tamén unha pancarta alusiva e repartíronse numerosos folletos á cidadanía, informando da súa importancia e da necesidade de preservar estas masas arbóreas. Ademais, mantívose unha entrevista simultánea cos Concelléiros de Urbanismo e de Medio Ambiente do Goberno municipal sainte (BNG-PSOE), cuxo compromiso verbal de preservar as citadas fragas chegou demasiado tarde.

A DEFENSA DOS RIOS

A raíz do desvío e da canalización do Río Freixeiro polas obras da autoestrada A-9 en Narón, ADEGA-Trasancos, a SGHN e diversas asociacións veciñais e partidos políticos creamos unha plataforma en defensa deste río, que despois conflúir coa posterior *Plataforma Freixeiro Futuro*. Por medio desta plataforma remíteuse un

escrito ao Ministerio de Fomento, ao Concello de Narón e ás empresas constructoras para demandar a eliminación da canalización, a construción dun viaducto para respetar o cauce fluvial en vez dun recheo, a recuperación integral do Río Freixeiro na zona afectada polas obras, o soterramento dunhas liñas de alta tensión e a instalación de pantallas para mitigar o ruído dos vehículos, unha vez rematen as obras, entre outras reivindicacións. Roldas de prensa, concentracións de protesta (luns, mércores e venres) nas inmediacións das obras, entrevistas con autoridades... conseguiu-se que o Delegado Provincial de Medio Ambiente, o Sr. Manuel Álvarez-Campana Gallo, visitase as obras e se comprometese a recuperar íntegramente o Río Freixeiro. Os actos reivindicativos proseguen.



Conxuntamente coa SGHN (Ferrol), ADEGA-Trasancos vin de formular alegacións ao Aceso Terrestre ao Porto Exterior de Ferrol, que afectaría á cabeceira do val de Doniños, á Fraga da Pega (Leixa) e ás veigas do Río Freixeiro, entre outros enclaves de interese natural. Ademais paralizamos e denunciámos as obras de instalación da rede de sumidoiros á beira do Río Belelle (Neda), polo seu impacto ambiental e por carecer de autorización de Augas de Galicia e non ter aprobado o proxecto, que se executou en período de alegacións. Tamén se denunciaron unhas obras semellantes no lugar de Roibeiras (Mugardos), por carecer de autorizacións e deteriorar tanto o cauce fluvial como o seu bosque de riveira.

Xuntanzas: todos os Xoves ás 20:30 h.
Lugar: local social da Fundación Artábria (Rúa madalena, 31-entrenchan, Ferrol)

Contacto: 616039268 / Fax: 981369920
Enderezos: adega_trasancos@eres-mas.com / Apdo. dos correos nº 481, c.p.: 15480 Ferrol



ADEGA Trasancos

ADEGA Trasancos

RIO NARLA: REDE NATURA AMEAZADA

Coa excusa de procurar un abastecemento de auga potábel de calidade ás poboacións de Lugo, Rábade e Outeiro de Rei, vén de anunciarse a construción no Río Narla dunha presa de 40 metros de altura (máis de doce pisos) con capacidade para 9,5 Hm³ de auga e cun aproveitamento hidroeléctrico asociado de 2450 kw de potencia capaz de producir, segundo o proxecto, ata 6.000.000 de Kwh/ano. ADEGA-Lugo opónse a esta nova presa e exige que os investimentos deste proxecto se dediquen a completar o saneamento de toda a cunca do Miño.

Os ríos galegos, cos seus caudais maiores xa completamente regulados e cos seus máis valiosos vales e bosques de ribeira perdidos para sempre, xa teñen pagado impactos ambientais dabondo. Esta debiera de ser razón demáis para non seguir abusando por máis tempo dos encoros, sexan grandes ou pequenos.

Pero ademáis disto, o río Narla, -dende a localidade de Friol ata, augas abaixo, a súa desembocadura no Miño-, figura incluído na proposta da Rede Natura 2000 dentro do complexo denominado Parga-Ladra-Támoga. E, entre os seus moitos valores ecolóxicos, destaca a presenza nel do chamado mexilón de río, incluída como especie prioritaria no anexo II da Directiva 92/43: outra razón máis, polo tanto, para, -dacordo cos obxectivos de conservación da biodiversi-

dade que pretende a citada Directiva-, facer prevalecer os obxectivos de conservación sobre os de calquer outra actuación.

Non foi esta, sen embargo, a sensibilidade da Administración Ambiental, nen en relación ás canteiras de pizarra que continúan a despedazar as serras do Courel ou de Pena Trevinca, nen tampouco en relación a esa proliferación de parques eólicos que, sen siquera reparo polos espazos máis valiosos da Rede Natura, está a ocupar todos os montes de Galiza.

E, polo que vemos, tampouco neste caso cabe esperar maior sensibilidade. A oposición á presa non vai, polo tanto, ser doada, mais temos, ao mesmo tempo, a seguridade de que poderemos parala, pois non hai na memoria presentada argumento algún co que xustificar unha

actuación desta envergadura: a calidade da auga potabilizada e os custos de potabilización están, dende logo, en relación directa á calidade da auga da que se abastece a ETAP correspondente; pero, dado que a contaminación non nace no río, senón nos vertidos indebidamente depurados que chegan a el, nós seguimos a exixir que os investimentos desta presa se dediquen a completar o saneamento de toda a cunca do Miño. Queda, neste aspecto, aínda moito por facer.

Xuntanzas: todos os martes ás 20.00 h.
(abertas a todos e todas as que queiran achegarse)

Contacto: 982 813 338

Enderezos: adegalugo@wanadoo.es

A TROPA DA TRALLA, PREMIO LUSCO 2003

O día 20 de Xuño a delegación local de ADEGA na Coruña fixo entrega dos premios *Lusco* e *Fusco* 2003 á mellor e á peor actuación medioambiental do ano, que recaeron nesta segunda edición dos mesmos, no programa de radio "A tropa da tralla" e na Demarcación de Costas, respectivamente. O programa de radio Coruña presentado por Xurxo Souto non deixou de denunciar os problemas medioambientais da comarca, facendo un especial seguimento á destrución do litoral do Monte de San Pedro para ampliar o paseo marítimo. Pola contra, a Demarcación de Costas autorizou mil e unha obras que provocarán danos irreversíbeis no noso litoral (o exemplo máis salientábel é a ampliación do paseo), permitiu a abertura de pistas indiscriminadamente e outros estragos en numerosos ecosistemas na Costa da Morte e deixou moito que desexar na súa laboursa de coordinación de grupos de voluntarios, sobre todo nos primeiros días da catástrofe.

Por outra banda, ADEGA-Coruña celebrou o pasado Xuño a asemblea xeral

de socios anual na que se renovou a Xunta Directiva local e se presentaron os informes económico e de actividades. Toda a información está dispoñíbel dende a páxina web.

"COIDEMOLO. ¡ENTRE TODOS PODEMOS!"

Este é o lema do colectivo *Amigos/as do Medioambiente* do Centro Cívico de Labañou, co que ven colaborando ADEGA e que recibiu un dos premios Lusco do 2002. Esta asociación, que está en activo dende a primavera do 2002, está formada por un numeroso grupo dunhas sesenta persoas. Tamén participan pais, avós, e outros educadores e pedagogos que colaboran a crear un intercambio xeneracional que lles favorece a todos, pero os verdadeiros responsabeis do colectivo son os pequenos. Nenos de idades que rondan os dez anos son os verdadeiros creadores das actividades, os tesoureiros, os bibliotecarios. Coa ilusión de sentirse protagonistas, participan tódolos sábados nas actividades e disfrutan das saídas, como

a do Monte de San Pedro ou á Casa dos Peixes.

A elaboración dun xornal medioambiental a partir de textos extraídos da prensa e un ecotrivial, o intercambio de cartas cos nenos de Muxía tralo "Prestige", unha exposición de diapositivas sobre a contaminación na ría do Burgo, distintos obradoiros (papel reciclado, etc.) foron diversas actividades que se foron desenrolandon ao longo do ano.

Agora, ao chegar o verán e as vacacións, todos están convencidos de que se pode respetar o planeta e manter limpo o medio ambiente. Entre todos é posíbel. O único necesario é aportar cada un o seu esforzo para conseguilo.

Agradecemos, por último, o traballo do Colectivo Eixo, tamén premio Lusco no ano 2002, do que é mostra o estudo sobre o funcionamento dos semáforos na cidade e que se presenta resumido neste mesmo número de Cerna (páxina 21).

Mais información:
www.adegagaliza.org/corunha

BREVES

CAMBIO CLIMÁTICO. O Estado español xa multiplica por 2,5 o xeneroso límite do 15% de aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro concedido pola UE entre 1990 e o 2008-2012, no marco do protocolo de Quioto. "España é o país desenvolvido que máis incrementou as súas emisións, cun 38% a respecto de 1990, mentres que nos EEUU, por exemplo, medraron un 16 % e en Alemaña reducíronse xa nun 9%". sinalou José Santamaría, editor da revista WorldWatch (edición en castelán). Mentres Aznar e Fraga non se preocupan polo cambio climático, os primeiros ministros do Reino Unido e de Suecia veñen de defender conxuntamente unha redución das emisións da UE do 60% até o 2050.

ENDESA APOSTA POLO CARBÓN. A central térmica de carbón de As Pontes, a maior "factoría de cambio climático" da Península Ibérica polas súas emisións de dióxido de carbono (CO₂) (ver Cerna 36), será transformada totalmente para empregar carbón de importación e alongará a súa vida ata o ano 2023. Ademais, ENDESA contempla a construción dunha nova central térmica de ciclo combinado a gas natural. A pesar do crecemento da produción da electricidade de orixe eólica, que ten acceso prioritario á rede eléctrica sobre a de orixe térmica, a produción das centrais térmicas de carbón galegas non ten diminuído, debido ao elevado aumento do consumo de electricidade no conxunto do Estado español rexistrado nos últimos anos.

VICTORIA DA PLATAFORMA RÍO MERO NATURAL. A Plataforma Río Mero Natural conseguiu evitar coa súa mobilización a canalización de todo o tramo do río Mero situado augas abaixo do encoro de Cecebre. O pasado xuño, a Confederación Hidrográfica do Norte (CHNE) e o alcalde de Cambre asinaron un acordo segundo o cal a Administración comprométese a conservar "o máis posíbel" o estado natural do río. Porén, a canalización manterase no tramo final do río, desde A Telva á Barcala.

VAGA DE CALOR E CAMBIO CLIMÁTICO. Son moitos os científicos expertos en clima que achán que a vaga de calor que sufriu Galiza é o

(pasa a páxina 7)

ADEGA COMPOSTELA OBXECCIÓN FISCAL, ESTRADAS, (AUTO)COMPOSTAXE...



ADEGA Compostela


ADEGA-Compostela organizou, con membros de *Redes Negras* e da *Asembleia de Obxección Fiscal*, unha charla sobre a campaña de Obxección Fiscal 2003 na que tamén se apresentou o número 38 de *Cerna*. Esta delegación apresentou propostas para o *Plano de Mellora Ambiental e Desenvolvemento Sustentábel da Universidade de Santiago de Compostela (USC)*, participou na Marcha "En Defensa do Mar" celebrada o 8 de Xuño en Malpica e continua cos labores de recuperación ambiental do contorno da antiga mina de Aríns. Tamén apresentou alegacións ao trazado do Cinto Oeste Santiago-Amestoe (N-550) ao seu paso pola Gracia e Vilar de Calo, tras ter-se dirixido a nós viziños deses lugares.

ADEGA-Compostela, que está a desenvolver o programa de autocompostaxe do Concello, emitiu un comunicado defendendo a compostaxe dos residuos orgánicos xerados en Santiago e vai comezar a desenvolver unha campaña neste sentido, dada a posibilidade de que o novo Goberno local opte por SOGAMA e a incineración.

ESCOLA DE VERÁN

Adega Compostela volveu a participar na segunda edición do programa Escola de Verán 2003, que promove o departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración con asociacións da cidade. Trátase de ofrecer un espazo de encontro e de lecer para os rapaces e rapazas cunha oferta pensada para elas, rendibilizar os equipamentos escolares, así como descubrir as posibilidades educativas da cidade, e aproveitar os recursos que esta proporciona.

Na edición anterior Adega-Compostela realizaba roteiros por distintos lugares do concello, pola cidade, a alameda, ou lugares de interese natural, etc, cos nen@s de tres centros. Nesta ocasión, Adega-Compostela asumiu a programación dun cuarto centro (CEIP Colexiata do Sar) durante toda a semana, baseándose na Educación Ambiental e engadindo aos roteiros outras actividades (obradoiros, xogos ambientais, etc). A temática dos residuos e os tres erros nucleares o programa: fabricación de papel reciclado para un caderno de campo que logo se empregou nos roteiros, construíronse monicreques e un teatriño con material de refugallo no que se representou unha obra, etc. Adega coordinará en setembro a programación do mesmo centro, ao redor da temática de biodiversidade.



ADEGA Compostela

APOSTANDO POLO AZUL

CAMPO DE TRABAJO EN CARNOTA

Cinco meses despois da catástrofe do Prestige, O concello de Carnota, un dos máis afectados, recibe a un grupo de trinta e cinco persoas, implicadas activamente nas tarefas de retirada de fuel, procedentes de diversos puntos da xeografía galega e do estado español, para participar nunha experiencia nova dentro do movemento do voluntariado e presentada co formato de Campo de Trabajo.

A idea orixinal deste proxecto xurde dun grupo de persoas, formado por membros de ADEGA, a Escola de Tempo Libre PASPALLÁS, e traballadoras do Concello de Carnota, cunha ampla experiencia no ámbito do tempo libre e a educación ambiental. Son conscientes da necesidade de implicar ao voluntariado en actividades que vaian máis aló da retirada de fuel. Trátase dun proxecto diferente e innovador, que abrangue ámbitos que nun primeiro momento non foron prioritarios xa que a gravidade do problema (continuas chegadas de mareas negras) esixía a inmediata retirada de fuel, ante a incapacidade e indiferencia amosada polas administracións "competentes".

Con esta experiencia pretendeuse incrementar a toma de conciencia sobre os problemas ambientais, tanto por parte dos participantes como da poboación local. Con este fin organizouse o traballo en torno a tres actividades principais:

- Elaboración dun cuestionario que servira para avaliar a situación da costa, a partir dunha auditoría por observación do litoral. Este cuestionario foi concebido como un instrumento asequible para a poboación en xeral, e para a comunidade educativa en particular.
- Creación dunha metodoloxía sistematizada de detección de bolsas de fuel, e aplicación polos equipos de voluntarios na recollida de fuel nun tramo de costa prioritario.
- Análise da percepción da catástrofe pola comunidade desde múltiples perspectivas (políticas, sociais, económicas e medioambientais), por medio da realización de entrevistas a persoas seleccionadas en virtude dunha serie de perfís socioeconómicos predeterminados.

Pero o obxectivo desta experiencia non se reducía á realización destas actividades principais. Buscábase tamén un intercambio de experiencias entre as persoas implicadas na actividade por medio dunha combinación de traballo e lecer, así como o establecemento de vínculos de unión coa poboación por medio de actividades lúdicas abertas á participación das/os veciñas/os de Carnota. A sesión de contos no Concello, con Cándido Pazó, o obradoiro de baile galego e concerto de música tradicional organizada por compañeiros/as de Ourense, e un seminario sobre aro-

materapia, foron algunhas das actividades programadas para estes momentos de lecer.

Un dos obxectivos do equipo organizador era presentar un programa aberto, onde tiveran cabida todas as aportacións das/os participantes do campo, a diversidade na formación e coñecementos así como a implicación activa do grupo. Isto permitiu incluír actividades como a interpretación dun intermareal, a observación e limpeza da marisma, obradoiros de ornitoxía e papiroflexia, xogos de mesa, etc; son só algúns exemplos da contribución do grupo ao desenvolvemento deste Campo de Trabajo, que superou todas as expectativas iniciais da organización.

O transcurso do campo de traballo estivo marcado tamén por actividades de denuncia ás que se enfrentou o grupo cando presenciou actuacións ilegais descubertas durante o roteiro de subida ao Monte Pindo. Este lugar está declarado Espacio Natural Protexido en Réxime de Protección Xeral, polo que segundo a normativa aplicábel (Decreto 82/1989), quedan prohibidas actividades que poidan afectar á conservación dos seus valores naturais. Esta normativa está a ser ignorada por practicantes de deportes que, como o trial, se consideran contrarios á lexislación vixente. Os participantes non dubidaron en presentar a correspondente denuncia ante o Concello de Carnota pola práctica desta actividade deportiva, non sen antes intentar disuadir, na súa actitude ao grupo de motoristas, mediante o diálogo.


A valoración desta actividade é tremendamente positiva ante a consecución da maioría dos obxectivos previamente fixados e a gran implicación dos participantes. Iniciativas como esta han de seguir evoluindo e mellorando ata conseguir que ocupen un espazo propio no mundo do tempo libre galego.

resto de Europa este verán podería significar que o cambio climático inducido pola especie humana está acontecendo de xeito aínda máis rápido e forte do que se esperaba. O cambio climático suporá un aumento da frecuencia e intensidade de fenómenos como vagos de calor e enchentes. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) volveu reclamar da Xunta a implementación dunha Estratexia de Loita contra o Cambio Climático que procure unha redución progresiva e substancial das emisións de gases causantes do cambio climático e prevea medidas de adaptación ao mesmo.

"O PAÍS DE NUNCA MÁIS". Este espectáculo da Plataforma contra a Burla Negra, instalado no mes de Xuño na Ría do Burgo, Carnota e Pontevedra, contou co apoio de máis de 500 artistas e un público de máis de 12.000 espectadores/as. Unhas 1.000 persoas estiveron implicadas na realización deste proxecto, convertido nunha das mellores mostras do voluntariado galego contra os efectos da maré negra do Prestige.

UNIÓN FENOSA INCUMPRE A LEI DE PESCA FLUVIAL. Así o considera ADEGA, quen ademais expresou o seu pésame aos familiares e compañeiros do garda civil José Alberto Ferreira, falecido o pasado mes de xullo no Ulla, augas abaixo do encoro de Portodemouros. A Lei de Pesca Fluvial de Galiza, aprobada en 1992, establece no artigo 22 que "toda variación do caudal do curso fluvial motivada por calquera tipo de aproveitamento hidráulico deberase facer paulatinamente". A variación drástica e reiterada do caudal causados polas descargas de auga dos encoros poñen en perigo a vida das per-

(posa a páxina 8)



ADEGA Ourense

soas que se encontran nas zonas afectadas e prexudican notabelmente á fauna e á flora do río.

PROTESTAS EN TODO O MUNDO CONTRA A INCINERACIÓN.

Manila/Berkeley/Ginebra/Buenos Aires/Morón/Canárias... o 14 de xullo de 2003 máis de 200 organizacións de 62 países levaron a cabo accións contra a incineración de residuos para advertir aos seus gobernos que se debe acabar con esta perigosa tecnoloxía, fonte internacionalmente recoñecida de substancias cancerixenas emitidas ao ambiente. ADEGA sumou-se a esta campaña denunciando o proxecto SOGAMA e enviou un comunicado de solidariedade ao *Foro Ciudadano Contra la Incineración en Tenerife*, onde foi lido por unha emigrante galega. Segundo a ONU, as incineradoras son responsábeis do 69% das emisións de dioxinas en todo o mundo. Un recente informe alternativo ("Waste Incineration: A Dying Technology", dispoñíbel en www.no-burn.org) actualiza o debate sobre esta cuestión e dá conta das crecentes prohibicións e moratorias impostas á incineración en todo o mundo. Para máis información: www.noalaincineracion.org

PROXECTO DE GRANDE INCINERADOR EN PORTUGAL-CENTRO.

A portuguesa Quercus -Associação Nacional de Conservação da Natureza-, acusou ao Goberno de total incoerencia na política de residuos, ao ter opresentado un plano que prevé a instalación dun enorme incinerador na zona centro (ERSUC: Distritos de Aveiro e Coimbra, e concellos de Gaia e Feira) para os residuos urbanos. A Quercus conseguiu recentemente que Portugal abandonara a posibilidade de incinerar outro tipo de residuos, os perigosos, para os que as solucións alternativas son máis difíciles. Portugal pasaría a incinerar cerca de 50% dos seus residuos urbanos, sendo fisicamente imposible cumprir as futuras metas de reciclaxe de 60% das embalaxes. Asimesmo, a QUERCUS indica que a incineración xa non conta para os metas de valorización de residuos, polo que a enerxía xerada deixará de ser considerada renovábel, o que aumentará aínda máis os custos desta alternativa. Quercus estuda presentar unha queixa ao Tribunal de Contas por má xestión de fondos públicos.

A CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO Á BAIXA. Así o pretenden os liberais holandeses, que presentaron ao Par-

(pasa a páxina 9)

SPLAI MOWGLI DE CORNELLÁ DE LLOBREGAT-ADEGA



Adega colaborou a comezos deste verán co Splai Mowgli de Cornellá de Llobregat (Barcelona). Os Splais, son centros de educación no tempo libre para nen@s e mozo@s, que realizan actividades durante todo o ano, especialmente os sábados, e que cun campamento completan o traballo educativo realizado durante todo o curso.

Logo de traballar o tema da maré negra, o splai acordou que o campamento deste ano se realizase nunha vila costeira afectada polo fuel (Carnota), así como colaborar cunha asociación galega implicada nas actuacións para a mellora da situación orixinada polo desastre do Prestige (ADEGA). Como obxectivo principal estaba o traballo co sector infantil na superación das dificultades orixinadas pola catástrofe, potencian-do un espírito de estima cara o medio no que viven, así como fomentar as ganas de mellorar as cousas aportando cada persoa o que poida e transmitir que co traballo cooperativo as persoas, poden superar as dificultades. Esta idea levouse adiante cunha función de monicreques como eixo central da programación, que @s trinta mozo@s prepararon xuntamente con outras actividades para @s cativo@s de Fisterra e Carnota.

Adega participou nunha primeira xuntanza para a preparación da actividade perco-

rrando cos educador@s do splai a zona afectada pola maré negra, así como facilitando-lle material da organización para que se traballara o tema antes de vir a Galiza.

Unha vez aquí, Adega colaborou no campamento de Carnota en Caldebarcos. Unha tarde traballouse cunha dinámica de grupo o litoral galego, lugares de interese, a súa problemática, etc, así como o que supuxo tanto a maré negra como o movemento social Nunca Mais. Traballouse partindo das súas ideas previas sobre estes temas e ademais do sucedido valorouse o traballo de limpeza e a maré gris do Plan Galicia. Un roteiro polo litoral de Carnota permitiu tratar in-situ as temáticas e problemáticas traballadas o día anterior, incluíndo o recoñecemento da costa e zonas afectadas, e as consecuencias positivas e negativas das labores de limpeza, etc.

A valoración da actividade polas dúas partes foi moi positiva e servirá de experiencia para futuros proxectos e intercambios.



ADEGA apoia a certificación forestal FSC GALIZA A AUSTRALIA DE EUROPA

Turgalicia, sociedade anónima vinculada á Dirección Xeral de Turismo da Xunta, promoveu unha campaña publicitaria co lema "Galicia viva, sensaciones vivas", que incluía un chamativo e ridículo anuncio cunha foto dunha casa rural no medio dun eucaliptal. Deste xeito, rompíase un tabú dos anuncios de turismo rural, que só incluían até agora fotos de paisaxes forestais propias do país.

O anuncio de Turgalicia reflicte até que extremo o actual goberno autonómico asume a acelerada e incontrolada expansión dos eucaliptais como algo non problemático e mesmo positivo. Como sinalou Javier Guitián, Catedrático de Botánica da Universidade de Santiago, "hai unha cuestión de fondo que sen darse conta nos mostran os responsábeis da campaña, que é a nula consideración que para certos sectores do país ten o noso patrimonio biolóxico", patrimonio que "ninguén ben informado -que non cobre por opinar o contrario- discute hoxe que está nunha situación lamentábel".

Coa compracencia e a colaboración activa da Xunta, a eucaliptización da nosa terra avanza a un ritmo espectacular. Os eucaliptais multiplicáronse por máis de 6 nos últimos 25 anos. As plantacións puras e mixtas de eucaliptos ocupan xa máis da cuarta parte do monte arborado. Galiza podería ser coñecida tamén como o país dos 500 millóns de eucaliptos (talvez un futuro lema turístico).

A CERTIFICACIÓN FORESTAL

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Xunta, xunto con organizacións que agrupan parte dos propietarios de montes e das industrias (entre elas, por certo, as máis entusiastas da eucaliptización), está a impulsar no noso país a implantación do sistema paneuropeo de certificación forestal ecolóxica coñecido polas siglas en inglés PEFC. Conscientes de que xa non abonda co discurso vacío da sostibilidade forestal, agora pretenden crear un selo que presuntamente avalaría a xestión forestal sostíbel das plantacións que o obtivesen.

O sistema PEFC non garante na práctica unha xestión forestal sostíbel. Non cumpre os requisitos mínimos de credibilidade e minusvalora claramente os criterios ambientais e sociais. Non ten o apoio en Galiza de ADEGA e da FEG nin a nivel

européo de organizacións ecoloxistas como Greenpeace, WWF ou a Oficina Europea do Ambiente (a federación ecoloxista europea).

O selo PEFC foi creado por propietarios e industrias de Europa como resposta ao éxito do selo

FSC (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal), un sistema de certificación forestal de ámbito mundial xurdido en 1993 que se basea no equilibrio das funcións económicas, sociais e ambientais e goza do recoñecemento ecoloxista.

O sistema FSC está iniciando a súa implantación nos montes españois. Bosques xestionados polo Cabildo de Gran Canaria e pola empresa Bosques Naturales en Cataluña e en Extremadura xa obtiveron a certificación FSC. No noso país, dúas mancomunidades de montes en man común da provincia de Pontevedra, integradas na Organización Galega de Comunidades de Montes, pretenden conseguir a curto prazo a certificación FSC para os seus montes.

Xosé Veiras García.

Vocal de Montes da Xunta Directiva Xeral de ADEGA

Alberte Sánchez



ADEGA apoia a certificación forestal FSC fronte á PEFC, que non garante unha verdadeira xestión forestal sostíbel.

lamento europeo unha proposta de dobrar os máximos permitidos de dous indicadores chave de contaminación fecal, para ser considerado na revisión en curso da directiva das augas de baño.

OS PLANOS INFOGA, continúan sen ser debatidos no Consello Galego de Medio Ambiente (CGMA), ao non aceptar o novo conselleiro do ambiente e presidente do Consello, Xosé Manuel Barreiro, a recomendación do Valedor do Pobo. Esta recomendación tivo a súa orixe nunha queixa presentada conxuntamente por varias Asociacións ambientalistas e sindicais. O Valedor sinala que "unha das principais razóns de ser dun órgano administrativo de consulta é debatir sobre o que a propia Administración ten previsto facer nas cuestións fundamentais da materia, neste caso o medio ambiente. E, indubidabelmente, en Galiza, os incendios forestais e a súa prevención son un destes temas fundamentais". Barreiro, ao igual que antes del Álamo, non o considerou así.

IMPACTO AMBIENTAL DOS ANTIBIÓTICOS.

Tres proxectos de investigación adicaron-se a determinar o impacto ambiental dos antibióticos humanos e animais en 13 países europeos, así como as posibles solucións. Os resultados foron presentados a finais de xuño na maior planta de tratamento de augas residuais de Escandinavia, en Göteborg (Suecia), querendo por de manifesto que as augas residuais son a vía principal de entrada dos antibióticos na biosfera. Na última década, foron consumidas 12.500 toneladas anuais de antibióticos, cifra que continua en aumento. Os compoñentes dos antibióticos son parcialmente degradados no corpo, pero miles de toneladas son excretadas e pasan á biosfera cada ano, a través das augas residuais domésticas e agrogandeiras, con consecuencias ambientais preocupantes.

O RAINBOW WARRIOR permaneceu retido en València varias semanas a partir do 13 de xuño, despois de realizar unha protesta contra a importación de madeira procedente da tala ilegal de bosques africanos. ADEGA solidarizouse con Greenpeace e denunciou que o goberno español se dedique a perseguir as protestas pacíficas en defensa dos bosques, en lugar de facer todo o posible para que España deixe de importar este tipo de madeira tropical ilegal.

(pasa a páxina 11)

CONVOCADA POLAS PRINCIPAIS ORGANIZACIÓNS AMBIENTALISTAS GALEGAS MARCHA EN DEFENSA DO MAR

Unhas mil persoas percorreron na calorosa mañá do domingo 8 de xuño os 5 quilómetros que separan o porto de Malpica da Ermida de Santo Hadrián, fronte ás illas Sisargas, nunha marcha baixo o lema "en defensa do mar". A marcha, convocada pola práctica totalidade do movemento ecoloxista galego á proposta de ADEGA, celebrouse con motivo do día mundial do ambiente para demandar, entre outras cousas, unha solución ao Prestige afundido, a ampliación inmediata do Parque Nacional das Illas Atlánticas ás Illas Sisargas e un modelo enerxético e de transporte menos dependente do petróleo.



Román Pérez

Como non podía ser doutro xeito, a celebración do Día Mundial do Ambiente deste ano foi dedicada á catástrofe do Prestige, sen por iso esquecer outras desfeitas ambientais.

A marcha foi convocada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), a Federación Ecoloxista Galega (FEG), a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). Recibiu o apoio da Plataforma cidadá Nunca Máis e de diversas organizacións sociais, políticas e de diversos concellos da Costa da Morte.

Ao remate da marcha, o poeta Paco Souto leu o manifesto da convocatoria, que incluía as seguintes demandas:

- Unha solución inmediata e definitiva para o barco afundido, custe o que custe.
- A elaboración dun plano de recuperación ambiental de todos os ecosistemas danados polas mareas negras e pola recolla incorrecta do fuel.
- A declaración inmediata como espazos naturais de protección especial de todas as zonas litorais propostas para formaren parte da Rede Natura 2000.
- A ampliación inmediata do Parque Nacional das Illas Atlánticas ás Illas Sisargas e ás Lobeiras.
- Unha regulación do tráfico marítimo que reduza o risco de novas mareas negras. En particular, esíxese a declaración das costas galegas como Zona Marítima Especialmente Sensíbel e a adopción dun réxime de responsabilidade civil ilimitada para toda a cadea involucrada no transporte de hidrocarburos e outras sustancias perigosas.

- Unha política enerxética que sitúe a promoción do aforro e da eficiencia enerxética como a primeira das súas prioridades.
- Unha política de transportes que potencie os modos ecolóxicos.
- O cesamento de todos os altos cargos dos gobernos directamente implicados na xestión da crise.

O texto completo do manifesto da marcha pódese ler no especial sobre o prestige

da web de ADEGA (<http://www.adegagaliza.org>).

Asistiron á marcha os alcaldes de Malpica, José Ramón Varela, e de Laxe, Antón Carracedo. As Redes Escarlata sumáronse á marcha achegando as súas artísticas pancartas. Despois da marcha, houbo un pequeno recital de poesía coa participación de Xosé Lois Cabana, Paco de Tano, Alberte Ferreiro, Manolo Pita, Marta Dacosta e Paco Souto.

IMPACTO AMBIENTAL

EXPEDIENTE DA UE CONTRA O ESTADO ESPAÑOL

A COMISIÓN EUROPEA CONSIDERA QUE A INSTALACIÓN DA PLANTA DE GAS NA RIA DE FERROL VULNERA VÁRIAS DIRECTIVAS

ADEGA Trasancos

A raíz das denuncias formuladas ante a Comisión Europea por ADEGA-Trasancos e polo Comité Cidadán de Emerxencia contra a instalación da Planta de Gas de Reganosa en Punta Promontorio (Mugardos), a Dirección Xeral do Ambiente da Comisión Europea ven de remitir a ambas entidades un escrito no que lles comunica que a Comisión decidiu abrir un procedemento de infracción contra o Estado español, por vulnerar a instalación da Planta de Gas as Directivas 85/337/CEE e 96/82/CEE (SEVESO II), relativas á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados no medio ambiente e ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, respectivamente.

Lembramos que a Planta de Gas pretendese intalar a 100 mts. da parroquia de Meá (Mugardos) e a 800 mts do centro urbano de Ferrol, cando o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (Decreto 2414/1961, do 7 de decembro) establece unha distancia mínima de 2000 mts entre este tipo de instalacións e calquera núcleo habitado. Ademais, o proxecto da Planta de Gas

aproboouse carecendo da preceptiva Avaliación de Impacto Ambiental. Asimismo, os máis de 120.000 m² de recheo efectuados na Ría de Ferrol para a instalación desta planta excederon a superficie autorizada (aproximadamente 90.000 m²), na que ademais, soterráronse grandes cantidades de residuos tóxicos e perigosos procedentes de *Forestal del Atlántico* (Grupo Toxeiro).

A pesares deste procedemento de infracción, Reganosa (integrada por Endesa, Unión Fenosa, Grupo Toxeiro, Sonatrach, Caixa Galicia, Banco Pastor, Caixa Nova e Xunta de Galicia) segue adiante co proxecto, pretendendo que a Planta de Gas comece a funcionar no 2005.



ADEGA Trasancos

A ACCESIBILIDADE TEMA CENTRAL DA SEMANA EUROPEA DA MOBILIDADE

Entre o so días 16 e 22 de setembro celebrárase un ano máis a Semana Europea da Mobilidade, convocada pola Dirección Xeral de Medio Ambiente en colaboración con outras entidades. O tema central desta Semana é a accesibilidade, posto que se está a celebrar o Ano Europeo das Persoas con Discapacidades. Mellorar a xestión da mobilidade das persoas con discapacidades, serve como catalizador para mellorar a mobilidade de todas as persoas. A finalidade última e a creación dun espazo urbano humanizado que permita unha mobilidade sustentábel para todos e todas, asumindo as necesidades específicas dos distintos grupos sociais.

As Administracións e entidades partícipares que traballen no campo do transporte e a mobilidade teñen unha grande oportunidade para analizar e superar os problemas de mobilidade que a configuración urbana e arquitectónica das nosas cidades supón para os/as cidadáns, prestando unha atención especial aos grupos sociais cunha mobilidade diminuída, como persoas discapacitadas, nenos e nenas, persoas maiores, familias, etc. Isto implica traballar sobre unha serie de temas:

- Acceso a edificios e infraestruturas: promocionar un deseño urbano e arquitectónico válido para todos/as, no que prime a cercanía como premisa fundamental.
- Acceso ao transporte público e a outros modos de transporte. Integrar as características específicas dos distintos grupos dentro da planificación dos sistemas de transporte, dotando

ao transporte público de medios adaptados aos mesmos.

- Solucións intermodais que permitan unha accesibilidade máis eficiente en certas áreas (custos, seguridade, impacto ambiental)
- Acceso a servizos de información, especialmente de persoas con discapacidades sensoriais. O coñecemento do horarios, modos de transporte e distancias é fundamental para permitir a mobilidade das persoas. Esta información debe subministrarse en distintos formatos que abran todas as posibilidades de percepción de información (son, braille, pantallas, etc..)
- Concienciación da poboación respecto destes problemas

Hoxe en día, as nosas cidades son unha trampa insuperábel para moitas persoas, que ven moi limitada a súa independencia polas barreiras físicas e psicolóxicas que presentan as rúas: tráfico intenso, múltiples carrís co conseguinte efecto barreira, sensación psicolóxica de perigo e inseguridade, beirarrúas estreitas e ategadas de bolardos, farolas e sinais, falla de ascensores, rampas e outras medidas arquitectónicas, etc. A planificación dunha mobilidade sustentábel pasa ineludiblemente por facilitar a accesibilidade a todos os grupos sociais sen ningún tipo de discriminación. Temos que eliminar toda barreira física (entre elas, a distancia é fundamental), proporcionando modos de transporte individuais e adecuando os colectivos.

Máis información:

www.mobilityweek-europe.org

GABICIA - COORDENADORA GALEGA DE CICLOUSUARI@S

ADEGA inicia contactos coas asociacións galegas de cicλουςuari@s para recuperar a actividade de GABICIA

ADEGA e as asociacións Pedaladas (Pontevedra), A Golpe de Pedal (Vigo), Arousa en Bici (Vilagarcía), Colectivo Peonil e Ciclista Eixo (A Coruña), Xevale Bici-ecoloxía (Chantada) e Bici pola Paz (Chantada) iniciaron o pasado mes de xuño os contactos con vistas á recuperación da actividade da GABICIA-Coordenadora Galega de Cicλουςuari@s. A promoción e defensa da bicicleta como elemento fundamental dun sistema sustentábel de transporte e como ferramenta de lecer, integradora de valores de solidariedade e res-

pecto polas persoas e o medio ambiente é a meta desta coordinadora. Como punto inicial deste camiño de colaboración, creouse unha páxina web como lugar de encontro de todos e todas as usuarias da bicicleta. Nela ofrécense información de todas as asociacións, calendario de actividades, sección de documentación, un álbum fotográfico e unha lista de distribución á que toda persoa interesada pode subscribirse. ADEGA cedeu espazo no seu servidor web para poder aloxar a páxina cuxo enderezo é: www.adegagaliza.org/gabicia

IMPORTANTES CANTIDADES DE FUEL

nos fondos mariños da Costa da Morte, segundo un Informe do Instituto Español de Oceanografía (www.ieo.es), que van de 100 a 200 kg por km² a profundidades de entre 100 e 200 m. Por isto, ADEGA posicionou-se en contra da abertura da pesca nesta área, temendo que os efectos subletais dos hidrocarburos mostren a súa incidencia máis forte a partir do primeiro e segundo ano do accidente. Por outra banda, un Decreto da Xunta impide reclamacións futuras se se cobran indemnizacións hoxe, algo incomprensíbel por vir dunha administración que debería defender os intereses galegos.

A INCINERACIÓN DO LIXO, ILEGALMENTE FINANCIADA

no Estado español e en Portugal, que consideran a combustión dos plásticos como unha forma de enerxía renovábel, en contra do estipulado na Directiva 2001/77/EC do 27 setembro de 2001, sobre política europea en materia de enerxías renovábeis. Esta directiva veu a recoñecer un feito claro como é que os plásticos proceden do petróleo, un combustible fósil non renovábel. Con estas consideracións, a Asociación portuguesa Quercus ven de presentar unha denuncia diante da Comisión Europea contra o Estado portugués.

O ACCESO Á INFORMACIÓN E A PARTICIPACIÓN

en temas de medio ambiente atopan-se paralizados en España, que aínda non ratificou o Convénio de Aarhus, xa en vigor desde o 30 de outubro de 2001 para os máis de 20 países ratificantes, entre eles Italia, Francia, Portugal, Dinamarca e Bélxica. O Estado español semella decidido a esperar a que a UE aprobe as tres directivas que adaptarán os contidos do convénio, das que a día de hoxe só hai unha, a Directiva 2003/4, de 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental. Se temos en conta o prazo para a súa transposición (14-02-05), o habitual incumprimento destes prazos polo Estado español, e que as outras dúas directivas (participación e acceso á xustiza en temas ambientais) aínda van tardar, podemos afirmar que os dereitos cidadáns previstos no Convénio de Aarhus chegarán a España con máis dunha década de atraso. Mentres, o Ministerio do Ambiente considera cuberto o tema cunha achega de 60.000 € á Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas, encargada da implantación deste Convénio.

(poso a páxina 12)

MÁRCHA CONTRA CELULOSAS. Convocada pola Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) o pasado 15 de xuño, foi un novo éxito este ano. ADEGA apoiou esta marcha ao entender que o complexo industrial Celulosas-ELNOSA debe desaparecer (garantindo a recolocación dos seus empregados/as) da súa localización actual, pois está causando prexuízos inaceptábeis á saúde e ao benestar da poboación de Pontevedra e comarca.

ÓLEOS ALIMENTARES USADOS E BIODIESEL foi o tema dun encontro organizado pola Cámara Municipal da Moita e a Asociación Quercus, no que se debatiu o uso destes residuos no fabrico de biodiesel, un combustible substituído do gasóleo. No encontro fixo-se unha viaxe en vehículos que xa usan este combustible e contou-se coa exposición dun equipamento para a súa fabricación. A Quercus indica que en Portugal se producen anualmente cerca de 125 mil toneladas de óleos alimentares usados, que na súa maioría acaban nas redes dos sumidoiros poluindo os cursos de auga e causando problemas nas plantas de tratamento de augas residuais. Hoxe a recolla selectiva deste residuo atínxe só ao 5% do producido, pequena cantidade que se destina ao fabrico de xabón, á alimentación animal (práctica xa prohibida na Unión Europea) ou á exportación. Porén, o seu uso como biocombustíbel aprésenta-se como sustentábel e constitúe unha enerxía renovábel.

O DIA DA MULLER ANTIMILITARISTA celebrou-se o pasado 24 de maio ADEGA sumou-se á súa celebración lembrando que acabamos de asistir a unha guerra contra o Iraqe co claro apoio do Goberno do Estado español, hoxe xa convertido en forza ocupante do país, e indicou que "as Forzas Armadas españolas teñen sérios problemas á hora de recrutar soldados: son poucos os homes, e aínda menos as mulleres, dispost@s a se alistar, e aspiramos a que acabe por non o facer ningún. As mulleres, ademais de se atopar entre as principais vítimas da guerra, son tristes protagonistas tanto da violencia directa -maus tratos, violacións...- como da violencia estrutural -feminización da pobreza, discriminación... O belicismo e o militarismo, directamente relacionados coa masculinidade patriarcal, é algo que debemos superar se queremos construír un

(pasa a páxina 13)

PLANO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS METROPOLITANAS

ADEGA valora positivamente a iniciativa da Xunta, pero afirma que presenta graves carencias, como a ausencia de medidas de política territorial que creen proximidade

A iniciativa da Consellería de Política Territorial de promover por fin un Plano de Transportes para as sete grandes cidades e as súas áreas metropolitanas foron valoradas positivamente por ADEGA. Porén, considera que o Plano presenta graves carencias e resulta claramente insuficiente para promover un modelo de transporte ecolóxicamente sostíbel e socialmente máis xusto. A proposta non incorpora medidas de política urbanística e de ordenación do territorio que creen cercanía entre as distintas actividades (traballo, ensino, residencia,...), coa finalidade de reducir as necesidades de desprazamento. A potenciación do uso mixto dos barrios e dos pequenos municipios e a súa dotación con servizos de todo tipo é esencial. A proliferación de urbanizacións e vivendas illadas é unha importante fonte de conflito para o transporte ao dispersar a poboación.

Os feitos demostran que só se consegue unha redución sensíbel do uso do coche se, ao mesmo tempo que se potencia o transporte público, se restrinxe o seu emprego. O Plano ignora totalmente esta realidade, polo que non prevé medidas


restritivas do uso do coche como, por exemplo, a adopción de "áreas 30" (velocidade máxima de 30 km/h) nas cidades, a ampliación dos espazos peonais, peaxes de acceso ao espazo urbano como o implementado en Londres este ano, a redución e encarecemento de prazas de estacionamento nos centros urbanos ou a limitación da construción de novas estradas. Non incorpora unha óptica interurbana e despreza o potencial da bicicleta como modo de transporte urbano. Exemplos como o de Ferrara (Italia), onde máis do 70% da súa poboación emprega a bicicleta como transporte cotián, demostran que a bicicleta non só é lúdica/deportiva.

A proposta da Xunta tampouco atende a grupos sociais específicos con problemas de mobilidade (anciáns e anciás, nenos e nenas, persoas con discapacidades). A promoción do transporte público debe incluír medidas específicas para estes colectivos (vehículos, información, horarios,...). En setembro de 2001, ADEGA e a FEG presentaron o documento "Por un transporte urbano sustentábel" (<http://www.adegagaliza.org/ADEGA/transporte.htm>).

POR UN FERROCARRIL SUSTENTÁBEL, PÚBLICO E SOCIAL

ADEGA sumouse á xornada do 21-06-03 convocada pola Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril, para denunciar o estado de abandono no que se atopa a maior parte da rede ferroviaria. Os enormes investimentos para a construción das liñas de AVE estricto (300-350 km/h) nalgúns zonas do Estado español está levando ao abandono da rede convencional, que dá servizo ao 95% dos usuarios do tren. O Plano estatal de Infraestruturas prevé investir 41.000 millóns de euros en liñas de AVE estricto, mentres que no mantemento da rede actual investíronse o ano pasado tan só 244 millóns de euros. Este abandono está na orixe dos cada vez máis frecuentes accidentes ferroviarios e de ameazas de peches de liñas convencionais como a de Ferrol-A Coruña. Asimesmo, ADEGA demandou novas liñas na Galiza, como Santiago-Lugo, A Coruña-Cee, Santiago-Noia, Lugo-A

Mariña, Padrón-Ribeira ou Pontevedra-Sanxenxo. A creación de novas liñas ferroviarias debe ser alternativa á construción de novas autovías e autoestradas.



**A nova PAC non favorece aos pequenos produtores
nen aos países empobrecidos**

DECEPCIONANTE REFORMA DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

A Oficina Europea do Ambiente (OEA), a federación ecoloxista europea da que forma parte adega, acha que a reforma da pac que aprobou o consello de ministros de agricultura da ue supón unha oportunidade perdida para un cambio estrutural cara a unha agricultura sostíbel. A reforma adoptada é o resultado final do debilitamento progresivo da proposta presentada pola Comisión Europea en xullo de 2002. Para a oea, a reforma é "un primeiro" e "tímido" paso na dirección correcta. Intermón-Oxfam entende que a reforma non beneficia aos pequenos produtores e aos países empobrecidos do sur.

A modulación, é dicir, a transferencia de axudas directas á produción cara ao financiamento de accións de desenvolvemento rural, será dun máximo do 5 % a partir de 2007, cando a proposta inicial da Comisión falaba dun 20 %. Esta porcentaxe é ben escasa para promover medidas agroambientais no marco do fomento do desenvolvemento rural, medidas das que se podería beneficiar significativamente Galiza.

No que atinxe á ecocondicionalidade das axudas houbo unha redución do número de esixencias a respecto da proposta da Comisión. A OEA e outras organizacións ambientalistas sinalan que as esixencias non son completas (Directiva Marco da Auga, Producción Integrada) e que debían ir alén da lexislación existente.

A OEA recoñece que non todo foi a peor en relación coa proposta inicial. "En primeiro lugar, o sistema de pagamento único ás explotacións agrarias inclúe elementos destinados a evitar o abandono da produción", o que é positivo para países como Galiza, cun modelo agrario relativamente pouco intensivo e con serios problemas de despoboación rural. Porén, resulta prexudicial para a nosa terra a forma en que se calcula este pagamento único, tendo en conta as axudas recibidas no pasado, baixas no noso caso, o que favorece aos países máis ricos e con agricultura máis intensiva.

"En segundo lugar, incluíronse novas medidas de fomento do desenvolvemento rural, como o incremento das posibilidades de financiamento de

labregos que sofren restricións ambientais e o aumento dos niveis de cofinanciamento para a implementación de medidas agroambientais". Porén, o efecto destas mellores será pequeno, debido ao escaso incremento do orzamento destinado ao desenvolvemento rural.

Intermón Oxfam coida que a reforma da PAC da UE evidencia que "os Quince só protexen os intereses dos grandes exportadores e dan as costas aos pequenos produtores e ao ambiente da UE". Esta reforma "non vai servir para frear o *dumping* agrario (as exportacións por debaixo do custo de produción), que tantos destragos está causando nos países en desenvolvemento". O goberno español debería terse comprometido fortemente cun modelo de agricultura máis sostíbel, porén, "España alíneuse cos intereses dun grande agroexportador como Francia".

Para saberes máis:

Oficina Europea do Ambiente
(<http://www.eeb.org/activities/agriculture/main.htm>)

Web da SEO "Cambiar a PAC"
(<http://www.seo.org/2003/pac/cambiar-lapac.asp>)

Web da Comisión Europea sobre a PAC
(http://europa.eu.int/comm/agriculture/mtr/index_en.htm)

mundo no que poder conviver realmente en paz".

RECICLAXE DE ENVASES. A Comisión de Meio Ambiente do Parlamento Europeo aprobou o borrador da proposta de modificación da Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases, fixando nun 60% e nun 55% en peso, respectivamente, os obxectivos xerais para a recuperación e reciclaxe destes residuos. Para cada material específico, a reciclaxe deberá atinxir o 60% (vidro e papel/cartón), 50% (metais), 22,5% (plásticos) e 15% (madeira) antes de finais do 2006.

ESTRATExIA TEMÁTICA SOBRE PREVENCIÓN DE RESÍDUOS. A Comisión Europea comezou en maio un proceso para a elaboración desta estratexia que se aprobará o próximo ano, e que constitúe un dos sete pilares básicos do Sexto Programa de Acción Comunitario en Meio Ambiente. A Estratexia abordará a reciclaxe e a prevención dos residuos, incluíndo obxectivos de prevención e medidas para alcanzalos. Para isto, abre-se un período de consulta aos grupos e axentes interesados, que deberán enviar as súas propostas antes do 30 de novembro de 2003.

"GALIZA SUSTENTÁBEL, TERRA CON FUTURO", con este título e con motivo da celebración do 25 de xullo, Día da Pátria Galega, ADEGA editou un manifesto no que se chama a construír unha Galiza solidaria e sustentábel: "Construíndo Galiza de modo sustentábel garantimos que a nosa terra teña futuro e contribuímos para unha saída emancipatória á crise ecolóxica global.". Pódese ver en <http://www.adegagaliza.org>

SOBRAN WATIOS, FALTAN RIOS VIVOS, SOBRAN PRESAS. O 18 de agosto ADEGA e a FEG fixeron entrega na Consellería de Medio Ambiente de 3.500 postais asinadas por cidadáns e cidadás en apoio a esta campaña en defensa dos nosos ríos. Máis información sobre esta campaña na web <http://www.rios-vivos.org>.

ADEGA-OURENSE preparou unha serie de micromensaxes con consellos ambientais para emitir na emisora de Onda Cero en Ourense. Segue participando no Comité de Defensa do Monte Galego e está traballando, xunto con ADEGA Nacional, na organización dunhas xornadas sobre transporte sustentábel que terán lugar en Ourense o 20 de setembro do presente ano.



EFECTO PRESTIGE:

O MAR DA VIDA E OS SEUS ÁMBITOS

Con este título e dedicadas a reflexionar sobre o estado actual e o futuro próximo do noso mar celebráronse en Carnota os días 20, 21 e 22 de xuño as IV Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional, organizadas pola Asociación Cultural Canle de Lira, a Confraría de Pescadores desa mesma localidade e o Consello da Cultura Galega.

Entre os poñentes que participaron, cabe destacar Pablo Meira, Carme García Negro, Pedro Armas, José Mora Bermúdez, Miguel Anxo Murado e Jeffrey W. Short, quen viaxou dende Alaska para aportar a súa experiencia e coñecementos. Particularmente interesantes foron as dúas mesas redondas convocadas, a primeira coa participación de membros das Confrarías de Cangas, Pobra do Caramiñal, Corme, Muxía e Lira e a segunda, que tiña por obxecto reflexionar sobre a defensa do litoral, contou coa participación de Xan Duro e Xabier Vázquez Pumariño (ADEGA), Alba María Andrade (voluntaria) e Raul Garcia (WWF-Adena). O escritor Xavier Queipo, nunha interesante comunicación titulada Como se contan os peixes, desvelou os paradoxos e enganar que se acochan por detrás das cotas de pesca fixadas pola Unión Europea.

Como resultado das Xornadas elaboráronse as seguintes propostas:

1. Que a valoración dos danos inclúa os sufridos polo patrimonio non material, e en xeral por todo o que significa vida, teña ou non un valor susceptible de ser calculado en base á súa produtividade inmediata.
2. Que as aberturas para a pesca e o marisqueo das zonas e especies afectadas pola marea negra e en xeral a explotación dos recursos mariños se realicen contando coa efectiva participación dos colectivos afectados, por seren eles os que viven deses recursos, e non co obxectivo de aparentar "normalidade".
3. Restauración do litoral á situación anterior ao inicio dos traballos de limpeza, evitando a consolidación das pistas abertas en entornos de grande valor natural.
4. Acelear os traballos de posta en funcionamento dun modelo de

actuación que en situacións futuras semellantes á do Prestige, permita que un órgano non condicionado por circunstancias políticas adopte as mellores decisións para o interese xeral.

5. Afondar na reflexión sobre o modelo de sociedade que estamos a construír entre todos, participando de forma activa nos foros de debate xa abertos no seo da sociedade.
6. Apoiar a iniciativa de conceder unha medalla de Galiza simbólica ao conxunto do voluntariado, a mellor expresión dunha sociedade galega viva e querida.

Máis de cento vinte inscritos participaron nos debates e actos festivos que completaban o programa, como a tradicional sardiñada no Mar de Lira e a degustación de empanadas de millo, elaboradas polas mulleres da parroquia. A coincidencia de que nesas datas estivese instalada no faro de Punta Insua a carpa do País de Nunca Máis, permitiu complementar o programa con música e teatro de variedades.

ALERTA VERMELLA INFORME DO ICES SOBRE O ESTADO AMBIENTAL DOS MARES EUROPEUS

O Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) ven de publicar un informe sobre os mares europeos (Báltico, Atlántico Norte e Irlandés, Negro e Mediterráneo) no que se analisan os impactos humanos (cambio climático, pesca e contaminación química) sobre os ecosistemas mariños. Encargado polo ministerio alemán do ambiente, este informe podería ser o punto de partida para a elaboración dunha estratexia europea para o mar. Entre as súas conclusións podemos resaltar as seguintes:

- O cambio climático traerá máis chuvia para o Norte, incrementando as inundacións nas zonas baixas. Isto e as tormentas incrementarán os problemas de erosión das costas.
- Constata-se a diminución das existencias de peixe nos caladoiros do Atlántico Norleste durante a última década, co resultado de que do total de 113 caladoiros avaliados no 2001, só o 16% se atopan dentro dos límites biolóxicos de seguridade.
- Os vertidos de combustíbeis e aceites desde os barcos están a causar un importante impacto nos ecosistemas mariños.
- O uso do espazo litoral deteriora o meio mariño, afectando ás aves e á vida mariña.
- Aumenta a contaminación por mercurio no Ártico, posibelmente polo incremento da combustión de carbón en Ásia.

Alvarella

ECOTURISMO

Albergue Turístico Rural

- ◆ 68 prazos
- ◆ Actividades de educación ambiental
- ◆ Turismo cultural
- ◆ Rotas de sendeirismo
- ◆ Obradoiros
- ◆ Horto ecolóxico
- ◆ Enerxías renovables
- ◆ Piscina
- ◆ Pista deportiva
- ◆ Servizos concertados de piragüismo e cabalos



Breanca Doroña s/n 15637 Vilamaior A Coruña
Tlf./fax 981.79.88.63 info@alvarella.com

www.alvarella.com

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume

O Medio Ambiente en Europa III Informe. A Axencia Europea do Medio Ambiente ven de publicar, dentro do proceso "Medio Ambiente para Europa", o Informe Medio Ambiente en Europa - Terceira Avaliación. Foi presentado na Conferencia Ministerial de Kiev en maio deste ano e enmárcase dentro da liña dos dous informes anteriores publicados co gallo das Conferencias de Aarhus e de Sofía. A diferenza destes, a terceira avaliación ofrece un enfoque máis integrado dos temas ambientais e unha análise da inclusión dos problemas ambientais nas políticas sectoriais. Amplia tamén a súa cobertura xeográfica á Asia Central e á Federación Rusa.

O informe completo ofrécese unicamente en inglés e pódese descargar en (ten un tamaño de 12 MB):

http://reports.eea.eu.int/environmental_assessment_report_2003_10/en/tab_content_RLR

Hai un resumo de 63 páxinas en castelán (1.8 MB) dispoñíbel en:

http://reports.eea.eu.int/environmental_assessment_report_2003_10-sum/es/kiev_sum_es.pdf

O Medio Ambiente en Europa III Informe. Os desastres naturais, como inundacións e terremotos, son frecuentes en América Latina e teñen altos custos sociais, económicos e ambientais. Ecoloxía Social dos Desastres é un manual que aborda temas sobre o que é un desastre, que pasa nunha sociedade afectada e como podemos quitar conclusións destas custosas experiencias sociais. Este libro analiza todos os aspectos dun desastre, incluíndo os seus compoñentes tecnolóxicos, ambientais, os riscos e o seu manexo, as estratexias de recuperación e outros impactos sociais. O libro inclúe exemplos de América Latina así como tres apéndices con estudos de casos no Chaco de Argentina, os impactos do furacán Mitch en Centroamérica e os riscos e desastres ambientais en Uruguay.

<http://www.ambiental.net/coscoroba/EcologiaSocialDesastres.htm>

Nova Estratexia Medio Ambiente e saúde. Con esta estratexia, a UE pretende acadar un mellor coñecemento das complexas relacións entre o ambiente e a saúde, así como identifi-

car e reducir as enfermidades causadas por factores ambientais. Pódese descargar o documento en:

http://europa.eu.int/comm/press_room/presspacks/health/pp_health_en.htm

Nova web de WWF/Adena. WWF/Adena vén de estrear a súa nova web, máis atractiva e con máis e mellores contidos: <http://www.wwf.es>

A etiqueta ecolóxica europea. Bole-
tin de noticias da Comisión europea sobre a etiqueta ecolóxica europea, coñecida como "A flor":

<http://europa.eu.int/comm/environment/ecolabel/news/econewsletter.htm>

Natura 2000. Coincidindo co décimo aniversario da Directiva Hábitats, Birdlife vén de lanzar unha web sobre os beneficios da Rede Natura 2000, especialmente pensada para os habitantes das zonas propostas para formar parte desta rede: <http://www.natura2000benefits.org>

AXENDA

Consulta a axenda medio ambiental frecuentemente actualizada na nosa páxina web:

<http://www.adegagaliza.org>

O 20 de setembro de 2003. Xornadas sobre transporte sustentábel en Ourense, organizadas por ADEGA. En setembro encontrarás toda a información necesaria sobre esta convocatoria na web de ADEGA.

Do 19 ao 22 de maio de 2004. Braga. Conferencia internacional "Educação para o Desenvolvimento Sustentábel. Organiza o Instituto de Educação e Psicologia da Universidade do Minho. Información dispoñíbel en breve na web <http://www.iep.uminho.pt>.

En novembro de 2003. O Foro da Verdade, da Plataforma Nunca Máis. A mellor forma de se manter informado sobre as actividades da Plataforma Nunca Máis é visitando regularmente a súa páxina web, desde a cal se pode tamén colaborar economicamente coa Plataforma.

<http://www.plataformanuncamais.org>

Aforro de auga. A Fundación "Ecología y Desarrollo" de Zaragoza creou unha web con información práctica sobre o aforro e a eficiencia no uso da auga en distintos ámbitos: <http://www.agua-dulce.org>

Indymedia Galiza. A rede de información alternativa Indymedia xa ten unha web no noso país, impulsada desde a Casa Encantada de Santiago de Compostela: <http://www.galiza.indymedia.org>

Incumprimento da directiva de impacto ambiental. A Comisión Europea fixo público en xuño un informe sobre a aplicación e efectividade da Directiva de Avaliación de Impacto Ambiental, unha peza chave na lexislación ambiental europea, que afecta maiormente aos proxectos de infraestructuras. O Estado español é o número un na má implementación da directiva e no seu incumprimento. O informe "How successful are the Member States in implementing the EIA Directive" está dispoñíbel en formato electrónico en:

<http://europa.eu.int/comm/environment/eia/home.htm>


Actas do V Congreso GALEGO de Ornitoloxía. A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) vén de editar as actas do Congreso de Ornitoloxía que organizou en novembro do ano pasado. Máis información electrónica en <http://www.arrakis.es/~alericque/actas.htm>

Guía básica de medio ambiente no traballo. O Gabinete técnico de saúde laboral da Confederación Intersindical Galega (CIG) editou esta guía para a acción preventiva.

CIG. Rúa do Campo do Forno, nº1 baixo. 15703 Santiago de Compostela. Tel.: 981 564 300

La Situación del Mundo 2003. Xa está dispoñíbel a versión en castelán da edición 2003 do informe A situación do mundo do Wordlwatch Institute. Inclúe como apéndice o artigo de Ricardo Aguilar "Del Prestige a la pesca".

Máis información en: <http://www.icariaeditorial.com/llib/l645-9.htm>



Vertebrados da Limia. Dende a lagoa de Antela ós nosos días. I – Aves: Gaviiformes a Piciformes

Bárcena, F., González, S. e Villarino, A.

Limaia Produccións. Sandiás, 2002.

302 páxinas.

ISBN: 84-607-5811-7

É este o primeiro volume dos tres que compoñerán a serie 'Vertebrados da Limia',

comarca tristemente famosa por ter albergado á lagoa de Antela, desecada no ano 1957 ao abeiro da sombría lei Cambó, ao igual que o foron as lagoas de La Nava (Palencia) ou La Janda (Cádiz) e moitas outras de menor entidade, como a de Cospeito. Porén, a comarca conservou, a pesar de todo, un interese ornitolóxico máis que notábel pois aínda mantivo durante moitos anos chairas de inundación e veigas adicadas á gandería extensiva así como paisaxes agrícolas tradicionais.

Durante 25 anos, dende a primavera de 1977 ata decembro de 2001, os autores levaron a cabo unha dura e constante tarefa de prospección de 416 cuadrículas UTM de 1 km² tanto na tempada de cría como na invernada e nos pasos migratorios. Así mesmo, os autores emprenden a ardua labor de obter información sobre a avifauna comarcal en datas anteriores. Paralelamente, a través de enquisas, realizan unha valiosísima labor de recompilación de nomes vernáculos nuns 85 núcleos de poboación, chegando a entrevistar a 180 persoas.


O resultado ofrécese parcialmente neste volume que abarca dende as Gaviiformes ata as Piciformes, presentando o groso da información biolóxica en mapas

nos que se aporta información sobre a súa situación histórica e actual, ao longo do ano. No texto de cada especie, un apartado infórmanos sobre os nomes vernáculos cos que conta e, en caso de que estes sexan abundantes son reflectidos nun mapa específico. Polo tanto, atopámonos ante un libro que son dous en realidade e que en ambos casos ofrece unha información valiosísima sobre unha das comarcas e humedais historicamente máis importantes do noroeste da Península Ibérica, hoxe moi deteriorados por un sinfín de actuacións nefastas, que aínda así, á vista dos resultados, gardan una gran diversidade avifaunística que merece a pena preservar con medidas de conservación eficaces e activas, pois a restauración da lagoa de Antela é posíbel e desexabel. Conscientes desta necesidade de conservación, adicarase una parte dos beneficios deste libro á recuperación de ecosistemas forestais na bisbarra.

Debemos, pois, felicitarnos pola edición deste libro que contribúe de xeito decisivo ao coñecemento das aves de A Limia, e sen dúbida á conservación dos seus ecosistemas. Agora, só nos queda agardar a ter nas nosas mans os seguintes dous volumes.

Xabier Vázquez Pumariño

Polo que pasou, polo que pasa,
polo que poida pasar. O mellor, poñer.



a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.

www.cadenaser.es



A CREDIBILIDADE do Nº1

PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

SE ES SÓCI@...

- Das-lle forza ao ecoloxismo galego e fas posíbel os seus proxectos de defensa medio ambiental
- Apoias unha vía alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna
- Recibirás CERNA, Revista galega de ecoloxía e medio ambiente
- Estarás ao día das actividades que organiza Adega nas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto

Cada día, a natureza está máis amiazada e máis degradada. A contaminación e os residuos fan casi imposible unha vida san. O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

CUMPRE ACTUAR XÁ. NA GALIZA TAMÉN. FAI-TE SÓCIA/O

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2º A • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Teléfono e Fax: 981 570 099
E-mail: adega@ctv.es / Web: www.adegagaliza.org

Apelidos Nome Data de nacemento
Profesión NIF Enderezo C.P.
Localidade Provincia Teléfono Email:

CUOTAS E FORMA DE PAGO

Banco ou Caixa Sucursal/localidade
Núm. de conta: (..... / /) Titular

☐ Inscripción como Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- ☐ Xuvenil, estudantes, parados 21 €/ano
- ☐ Xeral 42 €/ano
- ☐ Superior: ☐ Anual 72 €
☐ Trimestral 18 €

☐ Suscripción á revista "Cerna"

Suscripción anual (4 números) 10 €

☐ Suscripción a "Adega Cadernos"

4 €/número. (Para socios/as 2 €/número)
(Periodicidade estimada 2 números por ano)

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Data: Asdo:

Remitir este boletín debidamente coberto
ao enderezo indicado máis arriba.



Monografías ADEGA-Cadernos

Edición semestral.
PVP 4 euros/número

Nº 8:
**ECONOMÍA E MEDIO
AMBIENTE**
XA Á VENDA

PRÓXIMOS NÚMEROS

- Nº 9: PESCA SUSTENTÁBEL
- Nº 10: MEIO AMBIENTE LITORAL
- Nº 11: AUGA E SUSTENTABILIDADE
- Nº 12: DEPURACIÓN ECOLÓXICA
DE AUGAS RESIDUAIS

Subscripcións: ver a ficha nesta páxina

*** OFERTA ESPECIAL SÓCI@S
DE ADEGA: 2 euros/número**
(no caso de subscripción)

ECONOMÍA E MEDIO AMBIENTE

M^a Xosé Vázquez e Xavier Labandeira

ADEGA-Cadernos nº 8, 56 pax, ADEGA, Santiago de Compostela, 2003.

ISSN: 1137-0262

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) ven de publicar no número 8 da serie "ADEGA-Cadernos" a monografía "ECONOMÍA E MEDIO AMBIENTE", da que son autores María Xosé Vázquez Rodríguez e Xavier Labandeira Villot, ambos profesores da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. Segundo os autores, "as bases da economía ambiental descansan na importancia de analizar as causas e as implicacións económicas da degradación ambiental, e a necesidade de deseñar incentivos económicos para frear este proceso, baixo a premisa de que o medio ambiente e a economía non se poden contemplar separadamente, pois cambios nun deles afectan inexorablemente ao outro".

AS TRES FUNCIÓNS BÁSICAS DO MEIO AMBIENTE PARA A ECONOMÍA

O traballo divide-se en tres partes nas que se aborda, respectivamente, o paso da economía convencional á economía da sustentabilidade, a economía da contaminación, e a valoración económica dos cambios ambientais

Para a economía ambiental, o sistema económico, que proporciona os bens materiais e servizos necesarios, está asentado nos sistemas ecolóxicos (biosfera) e sen o seu soporte non pode sobrevivir. A consideración en sério desta realidade require pasar da concepción lineal clásica que prescinde da biosfera, a unha concepción ou enfoque circular, o da Economía Ambiental, que se representa no esquema adxunto. As tres funcións básicas do medio ambiente para a economía (subministración de materias primas, servizos recreativos, asimilación de residuos) están íntima e indisolubelmente relacionadas e presentan as súas propias limitacións.

CONTABILIDADE NACIONAL VERDE

Nesta liña, revíase o concepto de Desenvolvemento Sustentábel e introdúcese o menos coñecido de Contabilidade Nacional Verde para ter en conta o valor e a depreciación do capital natural. Así, o produto nacional verde é o resultado de axustar o PNB convencional, restándolle os danos ambientais causados (perda de recursos) e os gastos defensivos en prevención e mitigación destes danos, e sumándolle os servizos que o medio ambiente nos proporciona, entre eles a súa capacidade de depuración de residuos. Esta contabilidade verde implica o concepto de aforro xenuíno, que se calcula reducindo do aforro do país a depreciación do capital material e natural. A sustentabilidade require que o aforro xenuíno non sexa negativo.

No capítulo 2 aborda-se a degradación ambiental como un fallo do mercado e analísanse as formas en que a economía ambiental pode corrixir isto, fundamentalmente a través da intervención sobre os bens públicos ou sobre as chamadas exter-

nalidades. Considera-se que o mercado de por si non é capaz de asignar bens públicos (recursos ambientais como a calidade das augas ou da atmosfera, etc) e por iso o sector público debe velar por unha adecuada provisión dos bens ambientais.

INSTRUMENTOS ECONÓMICOS APLICADOS Á XESTIÓN AMBIENTAL

Xurden así os instrumentos económicos aplicados á xestión ambiental, que se concretan na reforma fiscal verde e na imposición ambiental, como complementarios, nuns casos, ou alternativos, noutros, aos mecanismos de mandato e control (normativa ambiental sobre límites de emisións, etc). Son os países mais desenvolvidos os que lideran a aplicación da imposición ambiental: só catro países (Canadá, Dinamarca, Finlandia e Noruega) contan con 95 tributos ambientais.


No Estado español foron as Comunidades Autónomas as administracións mais decididas na aplicación da imposición verde. En conceptos como o canon de vertidos, combustíbeis derivados do petróleo, instalacións con incidencia ambiental, actividades de risco ambiental, enerxía nuclear, grandes superficies ou turismo introduciron-se gravames fundamentalmente ao longo dos anos noventa do

pasado século. Un deles é o imposto galego sobre a contaminación atmosférica, que data de 1995.

COMO SABER O VALOR DUN PARQUE NATURAL OU OS CUSTOS DA CONTAMINACIÓN URBANA

O capítulo 3 presenta os métodos de valoración ambiental, xa que as estimacións do valor económico dos bens e servizos ambientais poden proporcionar información valiosa para a toma de decisións de xestión de recursos naturais e ambientais. Entre estes métodos atopan-se o dos prezos hedónicos, o do custo da viaxe, e o da valoración continxente. Mediante estas valoracións chegou-se á conclusión, entre outras, de que os gastos anuais da Administración no mantemento do uso recreativo do Parque Natural do Monte Aloia presentan unha rendibilidade do 430%, ou que os beneficios de introducir políticas que diminúan os niveis de contaminación no centro urbano de Vigo atinxen os 72 millóns de euros/ano (12.000 millóns de ptas/ano, cantidade equivalente ao 6% da renda total dispoñible das familias viguesas).

Un apéndice inclúe unha introdución á avaliación dos danos do Prestige e presenta unha campaña da OEA para a reforma ambiental da fiscalidade en Europa.



O centro de ocio do Grove




Punta Moreiras

Península do Grove

986 731 515

www.acquariumgalicia.com



Porto do Grove

Peirao Acquavisión

986 731 246

www.acquariumgalicia.com

★ **acquavisión / galicia**

 **acquariumgalicia**

RESÍDUOS

AVANZAMOS NA RECICLAXE E COMPOSTAXE?

Xan Duro

O pasado 22 de xuño, nun pleno celebrado en Raxoi, o PSOE, co apoio do PP, decidiu frear o acordo acadado en abril para o tratamento dos residuos urbanos do Concello no Complexo Medioambiental de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) e Asimilábeis da Mancomunidad de Concellos da Serra do Barbanza, integrada por Brión, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son, e reestudar a súa viabilidade económica.

Esta postura do PSOE contradí todos os informes técnicos presentados até o de agora. Xa no 2001 contratouse un informe técnico realizada por EGMASA, empresa pública dependente da Junta de Andalucía para avaliar as vantaxes medioambientais e económicas das distintas opcións. Este informe sinalaba que a opción máis axeitada sumando ambos conceptos era a construción dunha planta propia para a recuperación de materiais reciclábeis e para o aproveitamento da fracción orgánica dos residuos converténdoo en compost, enviando a SOGAMA os refugallo (previsto nun 15% do total). A segunda opción máis valorada foi unha combinación de reciclaxe e compostaxe co uso do vertedoiro municipal para os refugallo.

"O goberno municipal do PSOE en Santiago frea o proceso da Compostaxe"

Un segundo estudio, encargado por decreto da Alcaldía en novembro do 2001 á empresa Lagares Enxeñaría, avaliou detidamente a opción proposta no estudio de EGMASA fronte ao ofrecemento de participación na Planta de Compostaxe de Lousame realizada pola Mancomunidad Serra do Barbanza. O resultado da avaliación recomendaba a participación no proxecto de Lousame polo aforro na construción dunha planta propia.

En abril do 2003 negociouse un acordo coa Mancomunidad do Barbanza para integrar a Compostela na Planta de Lousame. Este acordo supuña a construción dunha planta de transferencia no municipio e o transporte dos residuos a Lousame. Nela procesaríanse todos os materiais procedentes da recollida selectiva para o seu reciclado ou compostaxe, depositándose o material de rexeitamento (entre un 30 e un 15%) nun vertedoiro axeitado xunta a planta. Os informes, respaldados polos técnicos municipais, indican que o custo para os/as cidadáns subiría un 4% fronte ao 20% de SOGAMA, polo que a opción de Lousame presenta un aforro de 1,3 millóns de euros anuais.

ADEGA leva anos demandando unha xestión adecuada dos RSU e loitando contra a incineración, que non considera unha solución posto que incrementan a toxicidade dos residuos finais, xerando fumes e escouras con metais pesados e contaminantes cancerixenos como as dioxinas e furanos. Nunha incineradora como a de SOGAMA, o tratamento de 500.000 toneladas anuais de lixo orixina máis de 2.000.000 de t/ano de gases, arredor dunhas 100.000 t/ano de cinzas e escouras e 50.000 t/ano de augas residuais que van a atmosfera, aos ríos e ao chan.

"A opción da compostaxe e reciclaxe en Lousame presenta un aforro de 1,3 millóns de euros anuais fronte á de SOGAMA"

Para ADEGA a xestión dos residuos ten que basearse nunha política de minimización dos mesmos mediante o procedemento de produción limpa, incluíndo o emprego de materiais reciclados e reciclábeis, conservando a enerxía, a auga, as materias primas e o solo, e sen empregar nen elaborar compostos químicos perigosos. Tamén debe ter en conta criterios de equidade e xustiza social. A redución en orixe, a reutilización e a reciclaxe e compostaxe (3R) pode dar solución a mais do 80% do lixo que xeramos.


O Concello de Lugo adoptou o ano pasado (goberno PSOE/BNG, tras unha intensa campaña de ADEGA) o acordo de construír unha planta de compostaxe propia. O Concello de A Coruña (PSOE) xan ten a planta de Nostián funcionando. O mesmo PSOE prometeu hai dous anos, na campaña das eleccións autonómicas do 2001, pechar a incineradora de SOGAMA no prazo máximo de dez anos. ¿Que razóns pode ter o goberno municipal socialista compostelán para contradecir esta práctica do seu partido e optar pola incineración de residuos en SOGAMA? Obviamente, razóns estritamente políticas e oportunistas: o mantemento de boas relacións co PP municipal que lle permitan gobernar en minoría e claudicación ante

as presións da Xunta son algunhas das explicacións que se están a barallar.

ADEGA-Compostela ten previsto iniciar unha campaña de información entre a cidadanía sobre o significado e custos das dúas opcións de tratamento de RSU e traballará para que a opción da compostaxe en Lousame sexa a escollida definitivamente.

AUTOCOMPOSTAXE EN 150 VIVENDAS COMPOSTELANAS

Unha das liñas de actuación que viña impulsando o Concello de Santiago é a da autocompostaxe nas vivendas que dispoñan de horta ou xardín e queiran acoller-se voluntariamente a este programa. Este método permite o tratamento in situ do 50% do lixo doméstico, sen consumo de enerxía e sen residuos adicionais. O Concello cede aos particulares un composteiro familiar e corre cos gastos de información e seguimento durante os primeiros meses. Esta última actividade foi contratada a ADEGA, que xa a realizara con anterioridade para o Concello de Ferrol (programa do 2002) con excelentes resultados. Prevese que a totalidade dos composteiros se atopen instalados a finais do verán.



Román Pérez

SEMÁFOROS OU COMO PREXUDICAR ÓS VIANDANTES

Colectivo EIXO

Os semáforos: cada día máis do lado do coche e máis en contra do peón. O colectivo peonil e ciclista Eixo ven de facer público un informe no que se pon de manifesto a discriminación que sofren os camiñantes con respecto ao tráfico rodado na cidade da Coruña. Os tempos en verde para os peóns non son suficientes e, mentres os coches apenas agardan, a espera para os peóns é na maioría dos casos excesiva. O número de peóns agardando tamén supera o número de vehículos que esperan.

Os semáforos teñen, e tiveron historicamente, a única misión de regular os fluxos de automóviles. Só nalgúns casos regulan, como función secundaria, os cruces entre autos e peóns. Moi poucos semáforos regulan unicamente fluxos de vehículos fronte a camiñantes, sendo escasamente respetados polos primeiros.

O Concello de A Coruña concede máis tempo de uso do espazo aos cidadáns que van en automóbil que aos que, en mala hora, elixiron ir a pé. É o xusto? A nosa tese para o estudo foi a seguinte: obxectivo dos semáforos na Coruña é garantir que os coches poidan aumentar en número e velocidade. O Concello instala semáforos

para que os automóviles circulen a velocidades non compatíbeis co uso peonil libre da rúa. Para comprobar esta tese, analizámos 11 semáforos da rúa Juan Flórez en hora punta para usuarios a pé e motorizados: un día laboral entre as 7:30 e as 9 da noite.

Considerámos que a ordenación dos semáforos debe rexerse por dous criterios: o de suficiencia e o de equidade para cada un dos colectivos de usuarios. Tratamos de ver se os tempos son suficientes para os/as camiñantes, e se son equitativos cando os comparamos cos asinados aos usuarios motorizados.

SUFICIENCIA DOS TEMPOS EN VERDE

Os semáforos han de ter en conta as capacidades físicas dos seres humanos, para que todas as persoas sexan capaces de cruzar con seguridade e comodidade a rúa. Para isto, fai falla que a fase de verde do semáforo dure un tempo que sume o necesario para reaccionar (entre 3 e 5 segundos), o espazo a percorrer (1,25 segundos por cada metro) e o tempo de verde intermitente. Ademais, a lonxitude máxima da calzada non debe superar os 10 m, recomendándose menos de 8 m.

Dos 11 semáforos analizados, só 3 superan o tempo suficiente. Garantido: nestes tres casos non é necesario ter superpoderes para cruzar en non morrer non intento.

EQUIDADE

Un semáforo reparte o tempo de uso do espazo, e o reparto ha de ser equitativo. Debe responder a un criterio de uso. Os usuarios máis numerosos deben ter máis tempo para cruzar. O reparto do tempo de cruce debe ser proporcional ó número de usuarios que seguen cada unha das distintas vías reguladas, agás que queiramos facer discriminación positiva ou negativa dalgún tipo.

Contamos o número de usuarios (persoas que van a pé, ou total de persoas que van en vehículos) das interseccións. Só en 4 semáforos o número de usuarios de vehículos de motor superou o número de viandantes. E en ningún caso o número de

viandantes baixou do 30% do total, dándose casos como a rúa Nicaragua cun 89% de camiñantes fronte un 11% de usuarios de automóviles.

Comparando o tempo da fase de verde proporcionalmente ao de usuarios, concluímos que só dous semáforos favorecen aos peóns, e os outros nove favorecen aos vehículos. En termo medio, o 55% dos usuarios son viandantes, pero só dispoñen do 34% do tempo en verde.


O TEMPO DE VERMELLO PARA CAMIÑANTES

Tempo de paso insuficiente e discriminación negativa para os/as camiñantes. Confirmamos pois a nosa tese e chegamos á lamentabel conclusión de que o Concello só pretende favorecer o tránsito dos autos. Pero falta aínda analizar o tempo de espera.

En pé e exposto ás inclemencias meteorolóxicas, as longas esperas fan incómodo e inseguro o semáforo para o transeúnte, polo que esta fase non debe exceder de 60 segundos. Pero os resultados do estudo mostránnos que os/as viandantes temos que esperar moito, un 66% do tempo en promedio, mentres os automóbeis non teñen a obriga de parar nunca, pois atópanse coa "ambigua" luz ámbar. En moitos casos, esta espera para os/as viandantes chega ao 77% do tempo. Ante esta situación vergoñenta, abusiva e insultante, a ningún lle estrañará que a maioría dos viandantes se ven obrigados a cruzar en vermello. As rúas Betanzos e Nicaragua son as de maior tránsito peonil, esperas e inseguridade para os/as viandantes. ¿Ata cando esta discriminación do Concello?

Bibliografía:

- Pequeña guía de A PIE para pensar la movilidad. 03 Semáforos. A pie, Asociación de Viandantes. San Cosme y San Damián 24, 1º. Correo electrónico: apie-madrid@bigfoot.es Web: www.telefonica.net/web/apiemadrid
- Alfonso Sanz Alduán. Calmar el tráfico. Ministerio de Fomento. Dirección Gral. de la Vivienda, la Arquitectura y el Urbanismo.




CONSTITUIDA A PLATAFORMA SOCIAL POLA DEFENSA DO ALTO ULLA

A ULLOA AMEAZADA

Braulio Vilariño e Xesús Perreiras

A Ulloa, comarca constituída polos concellos de Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rei, está moi ben definida xeograficamente, xa que se corresponde coa parte alta da bacía do Ulla e está limitada por montañas (Farelo, Vacaloura, Careón...) en todo o seu contorno, menos polo Oeste por onde se abre paso o Ulla. Se ben as ampliacións das pradarias a partires dos anos 70, á costa en moitos casos de terreos arborados, e a tala lenta mais continua que na actualidade se está a facer das árbores autóctones, están a reducir a extensión deste bosque, aínda é posíbel disfrutar dunha paisaxe onde as chousas de carballos, os soutos, os bidueirais... son os protagonistas.



A Ulloa é unha terra que sufriu as gadoupas da emigración e do atraso, igual que outras comarcas do interior galego, mais non tiña padecido até o de agora certos impactos que veñen alterando, nas últimas décadas, a idiosincrasia da paisaxe galega, como son o da eucaliptización ou das concentracións parcelares alleas aos mais mínimos criterios de conservación.

Á perda paulatina do arboredo propio, sumouse nestes anos a ameaza dun encoro na zona de Frádegas e o proxecto da autovía Santiago-Lugo atravesando o cerne da Ulloa, que vai alterar irreversiblemente a súa face mais característica.

Por isto, a principios deste ano 2003 e despois de terse exposto nos concellos o proxecto da nova Autovía e, tendo en conta o forte impacto que vai producir, varias asociacións culturais e veciñais, así como diferentes persoas a título indivi-

"Á perda paulatina do arboredo autóctone súmase un encoro na zona de Frádegas e o proxecto da autovía Santiago-Lugo atravesando o cerne da Ulloa, que vai alterar irreversiblemente a súa face mais característica"

dual, decidense a crear unha Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla, tendo entre os seus fins a defensa do patrimonio histórico-artístico, cultural e do medio natural desta comarca, así como a súa promoción turística.

Esta plataforma iniciou as súas actividades cunha campaña informativa das terribes consecuencias do trazado da autovía nas diferentes parroquias afectadas, así como noutros lugares. Tamén se recolleron sinaturas para solicitar a revisión do trazado proposto polo Ministerio de Fomento e deuse a coñecer en diferentes medios de comunicación, mediante notas de presa, entrevistas en xornais e programas de radio, destacando un núme-



ro especial do suplemento cultural do Correo Galego "Revista das Letras", dedicado integramente á Ulloa.

A plataforma tamén presentou as alegacións correspondentes á este tramo, adxuntando informes técnicos que poñen en relevancia o forte impacto da autovía, referido aos distintos aspectos ambiental, patrimonio histórico-artístico, recursos agro-gandeiros, turísticos, etnográficos e sobre o patrimonio particular das persoas. Nestas alegacións faise referencia a que o Camiño de Santiago, declarado patrimonio da humanidade, vai ser atravesado en dous puntos por esta autovía, un deles en San Xiao do Camiño en Palas de Rei. Cítase tamén a numerosa riqueza arquitectónica e arqueolóxica que vai ser afectada por achegarse a ela a autovía e alterar o seu contorno.

É de destacar entre as afectacións, sinaladas nas alegacións, o forte impacto ambiental e paisaxístico que, como sinala o biólogo Xurxo Mouriño no seu informe, vaise producir nunha das zonas de Galicia que mellor conservan a paisaxe tradicional do agro galego: aldeas rodeadas de agros, hortas, prados, matos e de abondosas carballeiras e soutos, "presentando as ribeiras do Ulla afectadas un estado de conservación óptimo, con lameiros seminaturais, bosques ripícolas de amieiros, bosques de bidueiros e chousas de carballedos, ademais de numerosos muiños e tostas (pequenas presas construídas acumulando pedras), que constitúen habitats de especies de interese comunitario".

Sinalar por último que esta comarca está apostando por un turismo ligado a un

medio natural ben conservado, son varias as casas rurais en funcionamento, así como centros ligados a actividades na natureza (Casa da Terra en Portocarreiro, Casa del Alba en Santiso, Balneario do Pambre en San Breixo...). A deterioración do entorno que a autovía vai producir, xunto con outros impactos como o encoro proxectado en Frádegas que vai destruír as Torrentes de Mácara, non só van decimar un patrimonio ecolóxico singular, senón que tamén van limitar as posibilidades dese turismo que valora ese rico patrimonio e esa paisaxe xa escasa no resto da Galiza.

"As asociacións ecoloxistas teñen cuestionado a necesidade da nova vía e afirman que responde a un modelo de comunicacións insustentábel, que dilapida recursos escasos e fragmenta o territorio"

Por todos estes efectos negativos da autovía, así como das conexións previstas coas localidades de Monterroso e Antas (enlace en Podence, Palas de Rei), a Plataforma considerou que o proxecto debe ser modificado, por un trazado paralelo pola beira norte á actual estrada Lugo-

Santiago tentando minimizar sempre o destroz do patrimonio histórico e medio ambiental. E isto independentemente das opinións que, a título individual, poidan ter as persoas integrantes na Plataforma, sobre a necesidade ou non desta nova vía, ou sobre o modelo global de transporte que queremos para o noso País. Con relación a isto último sinalar que as asociacións ecoloxistas (ADEGA, FEG, SOBREIRA) teñen cuestionado a necesidade da nova vía, así o Vicepresidente de ADEGA, Daniel López Vispo afirma que "a mellora do trazado e do firme, da actual estrada Lugo-Santiago para facela máis cómoda e segura, semella o máis adecuado neste momento para mellorar as comunicacións nestas comarcas" e acrescenta que "desde unha asociación ecoloxista temos que criticar un modelo de comunicacións que só potencia o transporte por estrada fronte aos camiños de ferro, un modelo insustentábel que dilapida recursos escasos, que fragmenta o territorio e incrementa a contaminación atmosférica".

Dentro dese desenvolvemento sustentábel que a ecoloxía pregoa, as posibilidades da Ulloa son grandes. Por iso, desexamos que se atendan as reivindicacións da Plataforma e as súas actividades sexan un contributo máis para sensibilizar aos seus habitantes na necesidade de preservar os valores ambientais que atesoura.

ALTO ULLA: A AUTOVÍA LUGO-SANTIAGO AMEZA O CERNE DO PAÍS

Treme o ventre de Galiza. De se confirmar o trazado previsto, a autovía Lugo-Santiago, encadrada nos proxectos do Plano Galicia, esgazará a bisbarra da Ulloa. Paisaxes irrepitíbeis e lugares de aberta fartura ecolóxica ficarán so o chapapote controlado do Ministerio de Fomento. Veciños ulloaos a prol dun trazado alternativo para a vía de comunicación constituíron en Palas de Rei o pasado marzo a Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla.

O trazado da autovía Lugo-Santiago, que propón e impón o Ministerio de Fomento, discorre perto do castelo de Pambre e manca a paisaxe da única testemuña arquitectónica da Galicia sobrevivente ás revoltas irmandiñas. Co río Ulla recén nado, o asfalto asulagará as torrentes de Mácara, caída natural do curso fluvial con bosque de ribeira e ecosistema propio aínda virxes. Asemade se anunciou a autovía, na Xunta desempoaron un proxecto de minicentral eléctrica elaborado hai máis de

cinco anos para o lugar e sacaron a concurso a licenza de obras.

Dende a Plataforma en Defensa do Alto Ulla aseguran que existe outra posibilidade para o trazado da autovía. A alternativa, que xa presentaron a xeito de alegación no ministerio, defende que a vía de comunicación non corte o Camiño de Santiago -catalogado pola Unesco como Patrimonio da Humanidade- e, ao norte da estrada actual, suque a Serra do Careón. O ministerio apón que o Careón pertence á Rede Natura 2000, unha incerta modalidade de protección ambiental dependente da Unión Europea. Mais, segundo explican veciños da Ulloa, no Careón xa instalaron un parque eólico e o polígono empresarial de Melide. "É mellor salvar o Alto Ulla, as torrentes e Pambre, que un sistema montañoso xa estragado", opina o integrante da plataforma Braulio Vilariño.

Daniel Salgado

ALFREDO LÓPEZ*, DOUTOR POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

PEQUENOS CETÁCEOS DA PLATAFORMA GALAICA

Cerna/xvp

Alfredo López Fernández, presidente da CEMMA (Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños) ven de defender a súa Tese Doutoral que leva por título 'Estatus dos pequenos cetáceos da plataforma de Galiza', realizada baixo a dirección dos Doutores D. Ángel Guerra, do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC e Graham Pierce do Departamento de Zooloxía da Universidade escocesa de Aberdeen. Esta Tese supón, sen dúbida, un gran avance no coñecemento da situación dos mamíferos mariños no litoral galego con importantes implicacións de cara a súa conservación. Afondaremos nunha das súas conclusións máis interesantes neste resumo elaborado por Cerna.



griseus). A abundancia de cetáceos nas costas de Galiza estímase en 9.969 exemplares, sendo o máis abundante o golfinho común (*Delphinus delphis*), seguido do arroaz (*Tursiops truncatus*).

"O litoral galego destaca no sur de Europa, co rexistro de 17 especies de cetáceos (baleas e golfinhos), 6 de pinnípedes (focas ou lobos mariños) e a presenza de pequenos cetáceos como o arroaz e a toniña"

METODOLOXÍA

Realizouse unha búsqueda bibliográfica histórica así como unha revisión do publicado en diferentes ámbitos sobre a presenza e varamentos de cetáceos en Galiza; igualmente revisáronse os informes de varamentos e avistamentos da CEMMA entre o 90 e o 98. Para os traballos de campo, dividiuse o litoral galego en seis subáreas, realizándose campañas de avistamentos e asistindo aos animais abeirados a través da Rede de Varamentos co obxecto da recollida de mostras biolóxicas para diferentes estudos. Parellamente recolleuse información mediante enquisas aos mariñeiros para coñecer as capturas accidentais en faenas pesqueiras.

RESULTADOS XERAIS

Os resultados amosan que o litoral galego destaca como unha importante área en canto á presenza de mamíferos mariños no sur de Europa o que ben dado polo rexistro de 17 especies de cetáceos (baleas e golfinhos) e 6 de pinnípedes (focas ou lobos mariños) varados entre 1970 e 1999, así como pola presenza de importantes poboacións de pequenos cetáceos, sobre todo no que respecta a dúas espe-

cies: o arroaz (*Tursiops truncatus*) e a toniña (*Phocoena phocoena*). O número de varamentos na costa galega pode ser considerado alto, en relación ás áreas adxacentes: así con respecto á área atlántica española e portuguesa, Galiza conta co 20,9% dos 5.744 km de litoral, pero contabiliza o 43 % da totalidade de rexistros e varamentos de mamíferos mariños, o que arroxa un índice de varamento de 1,7 varamentos anuais por cada 10 km de costa; esta cifra duplica a media do atlántico español e portugués. O maior número de varamentos danse entre a zona comprendida entre o esteiro do Río Miño e Fisterra (o 63%). A relación entre cetáceos varados e cetáceos que viven nas costas de Galiza é de 1:56 e a proporción de exemplares que chegan á costa en relación aos que morren no mar estímase en 14%.

As observacións no mar arrojan unha densidade relativa de máis de 33 exemplares cada 100 km², mentres que dende a costa contabilízanse 11,3 exemplares cada 100 km², rexistrándose as seguintes especies: golfinho común (*Delphinus delphis*), arroaz (*Tursiops truncatus*), toniña (*Phocoena phocoena*), caldeirón común (*Globicephala melas*) e o arroaz boto (*Grampus*

As artes de pesca inciden sobre as poboacións de mamíferos mariños a través das capturas accidentais tendo maior incidencia sobre a especie máis abundante, o golfinho; calcúlase, así, que a interacción coa pesca supón unha mortalidade de entre o 2,6% e o 9,4% das poboacións de cetáceos. Isto supón que a situación para dúas especies, arroaz e toniña, podería ser insostible dende o punto de vista da súa conservación, posto que unha mortalidade anual superior ao 4% da poboación sería maior que a taxa de renovación.

AS SEIS ESPECIES MÁIS FRECUENTES

O golfinho común (*D. delphis*) distribúese ao longo da costa e ao ancho da plataforma, sendo máis frecuente entre os 100 e 200 metros de profundidade na costa suroccidental galega. Ocasionalmente pode ser observado no interior das rías. Trátase da especie máis abundosa nas costas galegas, estimándose os seus efectivos en 9.583 exemplares. Desprázanse en mandas compostas por unha media de 30 exemplares, das cales un 12% son crías; a súa taxa de renovación anual é do 8,4%. Estímase que o peso do alimento medio inxerido por comida é de 470 g polo que a poboación das costas galegas precisaría unhas 10.000 t de biomasa por ano para a súa alimentación. Esta especie sofre una

forte interacción coas actividades humanas, e concretamente coa pesca, estimándose que as capturas accidentais afectan a un 8% da poboación, o que en termos biolóxicos é soportábel pero de incrementarse podería poñer en perigo a especie.

"O 43 % de rexistros e varamentos de mamíferos mariños de todo o litoral ibérico danse nas costas galegas, con 2 varamentos anuais cada 12 km. Mais só o 14% dos cetáceos que morren no mar chegan á costa"

O Arroaz (*T. truncatus*) é unha especie ben coñecida tradicionalmente. As mandas de cría ocupan augas de profundidades menores de 20 metros, así ao ser a especie que habita máis a carón da costa é a observada con maior facilidade; é unha especie moi móbil e desprazase habitualmente entre as rías. Os seus efectivos estimanse en 558 exemplares. As capturas accidentais estimanse en 28 exemplares o ano, o que supón un 4,4% da poboación. A súa situación é moi fráxil e o tráfico marítimo é cualificado como unha ameaza particular, especialmente as molestias durante os meses de verán.

A Toniña (*P. phocoena*) é unha especie de pequeno tamaño, común en Galiza inda que pouco frecuente. Ocupa augas en torno ás illas atlánticas sobre os 20 metros de profundidade. Presenta unha forte interacción coas actividades humanas, estimándose a captura accidental en máis do 25% dos exemplares varados. A súa situación é moi delicada con forte risco de desaparición.

O golfinho riscado (*S. coeruleoalba*) é unha especie común inda que pouco frecuente e representa case o 6% dos varamentos totais, a pesar disto apenas é observada na plataforma dada a súa distribución maiormente oceánica.

O arroaz boto (*G. griseus*), tamén común pero pouco frecuente, vive nas

augas da plataforma continental da fachada occidental de Galiza en pequenas mandas, estimándose a súa poboación en non máis de 100 exemplares.

Igualmente común pero pouco frecuente, o caldeirón común (*G. melas*) vive en augas da plataforma en mandas de tamaño medio facendo desprazamentos pola plataforma; os seus efectivos diminúen nos meses de verán.

A INVESTIGACIÓN E A CONSERVACIÓN DOS CETÁCEOS EN GALIZA

As investigacións recopiladas no traballo de Alfredo López deben abrir camiño a novos campos nos que afondar nos estudos das especies de cetáceos e no seu carácter de bioindicador da situación do medio mariño e do estado de saúde das poboacións presentes no mar de Galiza.

Por outra banda, a pesar do árduo traballo desenvolvido durante estes anos por Alfredo López e os seus colaboradores, e máis intensamente dende o ano 1998, a falta de medios adecuados e suficientes e de técnicos e investigadores especializados, fixo que moita información non se recollera completamente ou que moitas análises non se tiveran levado a cabo. A presenza de cetáceos na costa de Galiza tense sobradamente demostrado que é das

máis importantes de Europa, e o número de varamentos xera un volume de traballo inmenso, o que provoca que algunhas persoas dediquen todo o seu esforzo e ilusión no traballo de asistencia, recuperación e investigación dos mamíferos mariños, cun esforzo mui superior ao dos medios cos que se conta.

"O golfinho común é a especie máis abundosa nas costas galegas, con perto de dez mil exemplares. Porén, outras especies non atinxen o centenar de individuos achándose, especialmente a toniña e o arroaz, nunha situación delicada. O transporte marítimo e a pesca casuan os maiores impactos"

Por odo isto, o reto no futuro do estudo da cetoloxía en Galiza debe pasar polas medidas que se apontan a continuación:

- É necesario o mantemento dunha Rede de Varamentos axeitada que rentabilice a recollida de información e de mostras de todos os animais varados posíbeis, na que estean integradas de feito as institucións que levan colaborando ata o de agora (Guarda Civil, Protección Civil, Policía Local, etc.) a través de labores formativos para a mellora da coordinación e rendabilidade de medios.
- A creación dunha unidade específica de estudos de campo no medio mariño que manteña un estreito contacto co sector pesqueiro, sobre todo na avaliación de impactos e na busca de solucións aos problemas da interacción coa pesca.
- A posta en marcha de instalacións axeitadas á asistencia e rehabilitación de exemplares varados, así como dun equipo de investigadores interdisciplinar que aborde todos os temas rela-



CGMMA



Mara Galdas



cionados cos traballos que se deben manter ou por en marcha rutinariamente (accións de asistencia, transporte e recuperación, estudos de dieta, reprodución, idade, histopatoloxía, microbioloxía, viroloxía, xenética, contaminantes, comportamento, catálogo de fotoidentificación, avaliación de impactos, etc.).

- A necesidade de elaboración de Plans de Conservación para abordar a pervivencia das especies en peor estado de conservación, poñendo en marcha medidas de urxencia no respecto á conservación da toniña (*P. phocoena*) e o arroaz (*T. truncatus*).

*Alfredo López Fernández é presidente da Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA). Máis información en <http://www.arrakis.org>

ENTREVISTA POR XABIER V. PUMARIÑO

ALFREDO LÓPEZ:

"AS ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN GALEGA SON MOI LENTAS E RESPONDEN Á PRESIÓN DE PERSOAS E GRUPOS COMO A CEMMA"

- O arroaz e a toniña atópanse en perigo de desaparición da costa galega, qué causas se poden apuntar e qué prazo, de manterse as actuais condicións, quedaría para a súa desaparición?

- Unha das principais causas da desaparición destas especies é a perda de calidade de hábitat e a interacción coa actividade pesqueira; tamén posiblemente un cambio nas especies presa: hai un paralelismo entre a desaparición do aro (*Uria aalge*) e a da toniña (*P. phocoena*), atribuíbel a cambios no medio e a determinadas actividades humanas. A situación da toniña e o arroaz é diferente; a toniña atópase nunha situación moito peor, estímase a súa poboación en augas galegas en menos de 300 exemplares, mentres que o arroaz ten unha situación máis ou menos estábel, pero claramente ameazada. Se a situación mellora, o arroaz manterá as súas poboacións mentres que o prazo de tempo para a desaparición da toniña é posibelmente moi curto, manténdose en base á inmigración dende as costas portuguesas onde semella máis abundante.

- Qué fan as administracións públicas pola conservación dos mamíferos mariños?

- As actuacións son moi lentas e responden á existencia de persoas e grupos como a CEMMA que presionan para que a administración galega tome en serio este tema; o mesmo ocorre a nivel espa-

ñol onde a existencia da SEC (Sociedade Española de Cetáceos) mobiliza á Administración central. A aportación dos grupos a nivel estatal propiciou a inclusión de especies e a revisión de categorías nos catálogos de especies ameazadas. En Galiza desenvolveuse o deseño da Rede Natura 2000 tendo en conta os cetáceos, mais existe un problema: a falla de información; por iso CEMMA e Xunta teñen asinado un convenio para os anos 2003-2006 para incrementar a información sobre as especies, distribución, bioloxía, etc. En xeral, as Administracións van por detrás do que se necesita; está nas nosas mans tirar para trocar esa situación.

"A desaparición da toniña é posíbel en moi curto prazo, manténdose hoxe en base á inmigración dende as costas portuguesas"

- ¿Cómo afectou e afectará o Prestige aos cetáceos?

- En primeiro lugar cumpre falar da mortalidade directa; neste senso a mortalidade debida ao fuel non resultou moi significativa, en comparación con outros grupos como as aves, tartarugas mariñas ou mesmo focas, que si sufriron de cheo as consecuencias; grazas a súa mobilidade, os cetáceos teñen capacidade de fuxir do fuel, aínda que non se pode asegurar nada no caso do alto número de animais

que vararon en descomposición avanzada. Agora ben, a medio prazo, estase a estudar a reubicación das mandas, prevéndose resultados para final deste ano. A longo prazo, os contaminantes pódense difundir na cadea trófica e afectar aos cetáceos, dada a súa capacidade de bioacumulación; igualmente as súas presas pódense ver afectadas, ben diminuindo os seus efectivos, ben trocando a súa distribución; indirectamente a saúde xeral da poboación pódese ver comprometida pola influencia dos contaminantes no sistema inmunitario, fisioloxía, etc. Isto é o que hai que tratar de monitorizar de cara ao futuro.



NUNCA MÁIS INCENDIOS O MONTE É VIDA, O LUME MORTE

Xosé Santos Otero

O fenómeno dos incendios forestais converteuse en Galiza, debido á súa elevada frecuencia, intensidade e superficie afectada, nun dos maiores problemas ecolóxicos que sofren os nosos bosques, prantacións forestais e montes. Sen ningunha dúbida, trátase do maior factor de destrución da cobertura vexetal na nosa terra. Un dos retos medioambientais de Galiza para o século XXI é eliminar o problema dos incendios forestais, tanto pola súa incidencia medioambiental como pola destrución dun sector estratéxico para o conxunto do país.

ARDE GALIZA PERO NON QUEIMA

As estatísticas oficiais reflicten que dende 1988 ata hoxe en Galiza téñense producido máis de 110.000 incendios forestais, que calcinaron máis de 500.000 hectáreas de monte, das que perto de 200.000 hectáreas estaban arboradas.

A partir de 1995 acádanse niveis alarmantes: máis de 10.000 incendios ao ano, un incendio por cada dous quilómetros cadrados de superficie forestal. A media estatal é a dun incendio por cada vinte-cinco quilómetros cadrados. Contando co 7,7% da superficie forestal do Estado, no territorio galego acontecen o 45% de todos os incendios e sitúase o 30% da superficie forestal estatal afectada.

Analizando estes fríos datos estatísticos, comparando a nosa situación coa do resto do planeta, podemos considerar a Galiza como unha das primeiras potencias pirómanas mundiais.

UN PAÍS DE NEGRO NA MONTAÑA AO QUE TAMÉN LLE QUEIMAN O MAR

Agochar a realidade non axuda a solucionar o problema. Xa son moitos anos de enganos e xustificacións, mais a triste e teimuda realidade imponse co paso do tempo e os efectos dos incendios obsérvanse na paisaxe espida sen árbores, na perda irreversible de bosque autóctono, na erosión das serras, na perda de biodiversidade.

"A incidencia dos incendios forestais en Galiza é de 8 a 12 veces superior á media estatal, malia as súas condicións climáticas máis húmidas e atlánticas"

Aos forestais non nos estrana a manipulación informativa e a ocultación da realidade do que está a acontecer na costa pola catástrofe que está queimando o noso mar. Estamos acostumados a que se minimicen os danos e se intoxique á opinión pública, os gobernantes do país





Distribución territorial dos incendios maiores de unha hectárea (Fonte: web www.incendiosforestales.org, Ministerio de Medio Ambiente)

están máis preocupados polo impacto mediático que polos impactos ambientais producidos. No caso dos incendios non dubidan en utilizar xustificacións peregrinas do tipo: cambio climático, mafias organizadas, móbiles político-ideolóxicos... Exemplos: no ano 1995, un incendio na Serra de Meda oficialmente só queimou 1280 hectáreas. Unha vez planimetrada a superficie, constatamos a perda de 2600 hectáreas, das cais 2300 estaban arboradas; o recente incendio no Parque Natural da Enciña da Lastra calcinou en catro días o 10% da superficie do espazo protexido, hoxe aínda non sabemos oficialmente canto ardeu.

"Hai alternativas: as Landas francesas pasaron de ser a zona europea con máis incendios e maior superficie afectada, combinando medidas pasivas-preventivas (infraestrutura, organización, sensibilización, educación, participación cidadá...) e activas (vixilancia e extinción...), e hoxe os incendios provocados practicamente non existen"

Os lumes producidos na raia seca ourensá, para a Xunta de Galiza sempre veñen do outro lado. Non hai moito un articulista dun diario portugués queixábase dos galegos, baixo o título de "A agonía das florestas e o descuido de nuestros hermanos": "Por incrível que pareça, da

meia dúzia de incêndios que houve na nossa freguesia nenhum nasceu nela, se a memória não me engana quatro vieram da Espanha..."

AS CAUSAS ESTRUCTURAIS E CULTURAIS DOS INCENDIOS

A elevada incidencia dos incendios forestais en Galiza (de 8 a 12 veces superior á media estatal), malia as súas condicións climáticas máis húmidas e atlánticas, é explicable en termos de intencionalidade ligada a condicións estruturais e culturais. Cómpre sinalar ao respecto o seguinte:

- A sociedade non ten en conta suficientemente o valor ecolóxico e económico do monte, perdeuse sensibilidade diante do fenómeno incendiario.
- O abandono do rural, o despoboamento e envellecemento das zonas rurais leva consigo o non aproveitamento integral que se facía do monte, sendo esta unha das primeiras causas obxectivas para que o monte poida arder con máis facilidade.
- O uso do lume como útil vencellado a modelos lume-pastos, lume-ferramenta agrícola, lume-caza, lume-limpeza de montes, lume-especulación. Sobre a base dun monte abandonado conflúen unha serie de intereses que no seu conxunto constitúen un factor pirógeno de primeira orde.
- A economía dos incendios, derivada dos grandes investimentos en sectores que dependen da existencia dos incendios (industria do lume); primouse a

extinción fronte ao necesario e imprescindible equilibrio prevención-extinción. Non se sabe ou premeditadamente non se quere saír do círculo vicioso de "máis incendios-máis medios de extinción-máis incendios".

- A falla de profesionalización e a situación laboral precaria dos traballadores/as forestais, incluso sen convenio laboral.
- A falla de investimentos en medidas preventivas e tratamentos silvícolas permanentes ao longo do ano, que ademais permitiría crear emprego estable no rural.
- A total impunidade con que actúan os incendiarios por falla de investigación das causas dos incendios (escasamente se detén ao 1% dos presuntos incendiarios). Coñecer as causas resulta imprescindible para elaborar e aplicar as necesarias medidas preventivas. Co estudo das causas antrópicas dos lumes, pódese chegar a coñecer as pautas de comportamento da poboación que incide na orixe dos lumes.


CAUSALIDADE, INTENCIONALIDADE, CONSPIRACIÓN, DESGRAZA...

Diante da situación creada, a Consellería de Medio Ambiente, como xa fixo antes a Consellería de Agricultura (anos 1990 ao 1995), trata de xustificar a súa incompetencia e incapacidade baseándose na proliferación de pirómanos, mesmo non dubida en centralizar a autoría dos incendios en "mafias organizadas" con conspiracións dos máis diversos intereses; para iso emprega como probas o horario dos lumes, a reincidencia en determinadas zonas, o incremento de incendios no mes de agosto e o descubrimento duns poucos aparellos rudimentarios.

"Galiza queimámola os/as galegos/as, axudando a isto os propios servizos forestais da Xunta, que fomentan a cultura do lume mediante a realización de "queimas controladas" para eliminar mato"

A piromanía é a xustificación menos crible. Os propios datos oficiais corroboran esta afirmación: dos preto de 500 detidos dende 1998, só dúas persoas foron tratadas por este problema psiquiátrico.

No caso de mafias e "organizacións incendiarias", o problema vense arrastrando dende a década dos anos sesenta. De existiren, xa levan connosco arredor de corenta anos. Esta grande persistencia no



tempo, o enorme número de lumes provocados e a súa distribución espacial por practicamente toda a xeografía galega implicaría a existencia dunha "organización" importante, con:

- Dirección, financiamento e "activistas" adestrados, capaces de pasaren desapercibidos nun territorio altamente humanizado.
- Infraestrutura con medios técnicos e materiais, locais para se reunir, coordinar, elaborar e distribuír os aparellos incendiarios.
- Móviles definidos, especificando tipo de terreo a queimar, pois é distinto segundo o terreo teña ou non interese urbanístico, árbores madeirables, mato ou cultivos.
- Móviles secretos, até o de agora nunca confesados, os incendios nunca foron reivindicados por ningunha organización.

Que unha "organización" desta categoría e con tan manifesta eficacia non deixase máis rastro en corenta anos que uns poucos aparellos incendiarios, máis ben rupestres, que ningún dos seus "activistas" fose identificado e/ou detido, demostraría, en primeiro lugar, unha total falla de eficacia policial e, en segundo

lugar, e en realidade, que estamos diante da maior trola ambiental exculpatoria de Europa.

Diversos feitos o demostran: todos os detidos e denunciados son veciños do lugar ou das súas proximidades, galegos de nacemento ou adopción; asimismo, todos os móbiles manexados nos estudos sobre causalidade dos lumes forestais son locais; e ningún outro país utiliza estas teorías exculpatorias, a pesar de sufrir en diverso grao os efectos da eiva incendiaría.

Estudos sociolóxicos e as propias enquisas que manexa a Xunta reflicten que un 0,4% da poboación galega acepta ou está disposta a queimar o monte, dato facilitado polo anterior Conselleiro de Medio Ambiente. O que resulta inadmisíble é que o 99,6% da poboación teña que aturar a actual situación pola deixadez e incompetencia dos gobernos.

Tendo en consideración todo o anterior pódese afirmar que a Galiza queimámola única e exclusivamente os galegos/as, axudando a isto os propios servizos forestais da Xunta, que fomentan a cultura do lume mediante a realización de "queimas controladas" para eliminar mato, non tendo en conta nin a época de cría da fauna, nin a topografía, nin a vexetación, nin a perda de biodiversidade... Actuacións inconcebibles en pleno século XXI.

Hai alternativas e perto de nós temos exemplos claros dunha boa actuación. Nas Landas francesas, até os anos cincuenta había unha alta actividade incendiaria, era a zona europea con máis incendios e con maior superficie afectada; tomaron medidas contra incendios de tipo pasivas-preventivas (infraestrutura, organización, sensibilización, educación, participación cidadá...) e activas (vixilancia e extinción...). Nesta rexión atlántica hoxe os incendios provocados practicamente non existen.

U-LOS CARTOS GASTADOS?


Nos Plans de Loita contra os Lumes INFOGA a Xunta leva gastado dende 1990 uns 591 millóns de € (90.000 millóns de ptas.). É o territorio da UE que máis diñeiro público ten destinado á extinción de incendios. Xa que este forte gasto non conseguiu eliminar os lumes, polo menos tiña que ter modernizado os servizos forestais. Porén, se nos comparamos cos territorios do noso contorno, Galiza destaca por:

"A Consellería de Medio Ambiente trata de xustificar a súa incompetencia e incapacidade baseándose na proliferación de pirómanos e "mafias organizadas"

- Falla de medios materiais e técnicos axeitados.
- Condicións laborais precarias dos traballadores/as forestais
- Incumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo.
- As instalacións fixas, centros de traballo, bases de helicópteros... non cumpren coas máis mínimas condicións de habitabilidade.
- A estrutura administrativa ficou ancorada na noite dos tempos, a modernización dos servizos forestais e ambientais segue sen adaptarse ás actuais necesidades socioeconómicas.
- Falla de participación social na toma de decisións.

OUTRA POLÍTICA FORESTAL É NECESARIA

Diante da gravidade do problema, as organizacións sociais si temos alternativas e propostas co fin principal de rematar coa





actual insostibilidade forestal, propostas baseadas no principio de precaución, isto é, "evitar que os lumes se produzan para non ter que apagalos". É necesario establecer unha xestión forestal integral que concilie conservación e produción mediante políticas axeitadas.

A sociedade non debe de se acomodar á lentitude e pasividade dos gobernos, hai que elaborar estratexias nos ámbitos local e autonómico, fomentar a participación social baixo os principios do Río e da Axenda 21.

O informe Bianco sobre a política forestal francesa para o século XXI lembra que "Os programas forestais débense de

executar de abaixo cara a arriba, coa participación e consenso dos sectores, institucións locais e axentes sociais implicados". Recomendacións como esta tamén se recollen no Sexto Programa Comunitario de Medio Ambiente 2001-2010, recomendacións nunca postas en práctica pola Xunta. ¿Por que lle terán medo á participación e ao diálogo?, ¿por que rexeitan as propostas?

Unha pequena escolma de propostas consensuadas en Ourense por máis de vinte organizacións integrantes do *Comité de Defensa do Monte Galego*:

- Creación do Consello Forestal Galego e de Consellos Forestais comarcais.

- Creación de Fiscalías de Medio Ambiente con medios técnicos e materiais, apoiadas por equipos de investigación con profesionais forestais.
- Mando único dos equipos de extinción, que deben depender na súa totalidade da Consellería de Medio Ambiente.
- Cambio na política forestal, coa revisión do Plan Forestal de Galiza e do Plan INFOGA.
- Trasladar ao eido educativo os contidos e coñecementos ambientais, fomentando valores que favorezan comportamentos compatibles coa preservación e mellora do medio (campañas de concienciación e sensibilización do conxunto da poboación).
- Fomentar a creación de emprego no rural e a estabilidade laboral das persoas que traballen en labores relacionados co monte.

Os incendios forestais representan un dos episodios máis tristes da nosa relación coa natureza. Sendo unha situación grave, precisase dunha acción decidida, cunha base social ampla, onde as solucións deben de partir do consenso de todos os sectores implicados. Accións que teñen que ser lideradas pola Administración galega, mais mentres esta permanece alérgica, máis que nunca debemos de conservar aquilo que é fermoso. É preciso aínda carecendo de nome, de filiación, de patria, de idioma. As árbores, a paisaxe. A vida.

*Xosé Santos Otero é axente forestal, sindicalista de CCOO e naturalista



UXÍA SENLLE: A VOZ INSUBORNABLE DA NOSA CONCIENCIA COLECTIVA

Rosa Aneiros*

Ela puxo voz á nosa conciencia colectiva. Á nosa rabia, á nosa impotencia e ás nosas ansias de superación. Ela foi a embaixadora do berro unánime do noso país no Obradoiro e Lariño pasando por Bruxelas, Madrid, Xaén ou Murcia. Uxía Senlle, voceira da Plataforma cidadá Nunca Máis, reúne nas súas palabras sen ambages ese timbre melancólico e á vez enérxica denuncia de quen sabe que aínda queda moito por facer. Di lembrar nitidamente o momento en que se iniciou a traxedia. Como esquecelo. O 19 de novembro de 2002, o día en que o Prestige afundiú, Uxía Senlle cumpría anos. Ela empezaba un novo ano de vida pero nunca imaxinou que este fose tan transcendental. Recoñece que, durante estes nove meses á cabeza de Nunca Máis, houbo momentos duros con ganas de abandonar. Pero nunca o fixo. Ela sóubose voz de milleiros de persoas que entón clamabamos na rúa e seguiu adiante. Di non arrepentirse de nada e sentencia: "Non o volveremos permitir".

- ¿Como comezou todo?

- Chamáronme para ler o manifesto da manifestación do 1 de decembro e non o pensei dúas veces. A partir dese día, e sentindo o que sentimos todos e todas, tomei conciencia clara da dimensión do propio movemento e da propia catástrofe. No meu caso a responsabilidade foi en aumento e eu non sabía ata que punto me ía implicar pero así foi. Houbo que asumir cousas para as que non nos imaxinabamos estar preparados e preparadas. Asistín á primeira reunión da xestora, comecei a formar parte dela e, ademais, asumín a portavocía. Naquel momento pensei que era a miña responsabilidade e que alguén tiña que facelo, aínda que me agobiara bastante. Logo, a día de hoxe, sintome orgullosa aínda a pesar de todos os atrancos e todas as dificultades, que foron moitas porque é un movemento moi grande con centos de asociacións de diferentes ideoloxías.... Sen embargo, ese foi o reto e velai a riqueza de Nunca Máis.

"Se algo nos salvou precisamente da queima foi a unión da xente, sermos conscientes de que había que autoxestionarse e tomar o relevo da administración que neste caso desertou do seu labor"

- ¿Sentícheste sobrepasada polas circunstancias?

(Sorri) Un pouco. Sobre todo polo peso da responsabilidade e a dimensión que foi tomando todo isto. Pensas sempre se estarás á altura das circunstancias, se o teu traballo vai ben, se tes a suficiente información, se estás



Uxía Senlle asumiu a portavocía de Nunca Máis: "Naquel momento pensei que era a miña responsabilidade e que algún tiña que facelo"

representando o sentir da xente. E non porque non lle prestara dedicación que nalgúns intres foi absoluta... En todo caso, creo que se algo nos salvou precisamente da queima foi a unión da xente, sermos conscientes de que había que autoxestionarse e tomar o relevo da administración que neste caso desertou do seu labor que é, sim-

plemente, gardar a nosa casa e velar polos nosos intereses. Non foi así e a propia sociedade civil tivo que poñerse á altura das circunstancias. O movemento social e a unión dos diferentes sectores, dende ecoloxistas ó sector pesqueiro pasando polo común da cidadanía, propiciou que non caesemos nunha profunda depresión. Estas

situacións tremendas de ansiedade provocan grandes trastornos anímicos que neste caso aínda non se estudia- ron pero haberá que avaliar nun futu- ro. A nós salvounos a unión. Foi moi duro ver como se derrubaba a nosa casa e como o mar que sentimos como noso está de socato silenciado polo fuel. O verdadeiramente importante é que nunca me sentín soa, que sempre sentín o apoio de milleiros e milleiros de persoas.

- **¿Nunca Máis salvounos daquela do naufraxio emocional?**

- En certa maneira, si. Salvámonos precisamente polo nacemento deste movemento cívico, a única escapatoria que tiñamos ante a desgracia. Nunca Máis foi unha táboa de salvación. O feito de que lograsemos, superando moitas barreiras, crear unha resposta conxunta, que fructificase en algo que tivese continuidade no tempo, que nos organizasemos... A chegada masiva de voluntariado foi tamén moi importante para darnos pulo, sobre todo nas poboacións máis afectadas. Na Costa da Morte a chegada de miles de perso- as provocou que a xente tomase con- ciencia da súa terrible situación, saíse á rúa e esixíse solucións.

- **A nove meses do afundimento e creación da plataforma, ¿cales consi- deras que foron os seus principais logros?**

- Nunca Máis tratou de canalizar a resposta social para presionar á Admi- nistración para que puxese en marcha un mínimo seguimento da crise e esi- xir solucións inmediatas e a longo prazo. Sen Nunca Máis está claro que

"As fronteiras de Nunca Máis foron moitas pero eu salientaría a presión cara á Administración como caixa de resonancia dunha sociedade que esixía ser escoitada"

as cousas serían moito peor, non che- garían as axudas, os medios de comu- nicación non se farían eco da mesma maneira. Está claro que houbo un antes e un despois do 1 de decembro. Non só a xente que sae á rúa senón todos os apoios que recibe Nunca Máis. Serviu tamén para ir conseguin- do pequenos logros como a presión para a creación da Comisión de inves- tigación dos parlamentos español e galego; a viaxe ó parlamento euro- peo... Debo salientar, ademais, o traba- llo do colectivo de artistas contra a Burla Negra que puxo a disposición do movemento todo o enxeño, creativi- dade, talento e vontade para facer das protestas actos lúdicos, non violentos. Axudou a consolidar e tamén a dotar de cor e alegría o que podían ser momentos dramáticos porque estamos a falar dun desastre realmente dramá- tico con consecuencias nos ámbitos ecolóxico, social e económico de envergadura como nunca se ten vivido neste país. Sabémolo todos e todas agás eses poucos que se negan a reco- ñecelo porque, se así o fixesen, estarían implicitamente recoñecendo a súa derrota e incompetencia. Foron moitas fronteiras pero eu salientaría a presión cara á administración como caixa de resonancia dunha sociedade que esixía ser escoitada.

- Esa non foi precisamente a lec- tura que fixo a Administración...

- Non. Houbo a tentativa de estig- matizar e criminalizar a plataforma precisamente porque creaba concien- cia e quixo ser a voz de presión da cidadanía ante o goberno. Atacáron- nos porque só queríamos informar para facer cidadáns máis libres e rei- vindicar, non suplir o papel da admi- nistración a nivel económico. Ó final, Galicia ten dobre mérito dadas as cir- cunstancias e os límites predemocráti- cos que existe na dereita deste país. Foi a manifestación tanxible de como unha sociedade se pon en pé e traba- lla neste sentido.

"Somos a cabeza dun movemento cívico multitudinario que sacudiu este país e non nos calaron nin os apagóns informativos, nin as censuras, nin as manipulacións das que fomos vítimas"

- Ser voceira de Nunca Máis supuxo neste sentido ser branco de insultos e difamacións, unha especie de cabeza de turco a nivel mediático.

- Houbo momentos francamente malos. Suño que é inevitable. Ves que a maquinaria do poder é tan atroz, tan poderosa que acabas preocupán- dote. De socato, non tes dereito á réplica, a túa imaxe pública é vilipen- diada, a túa cara aparece nos medios vinculada a delitos tan graves como a estafa... Non só te preocupas por ti senón pola túa familia pero neses intreos tes que continuar, se claudica- mos neses momentos pérdese todo. E aturas porque es consciente de que, aínda que a nivel profesional vaia estar complicado, isto ten que rematar algún día. O traballo de todos ten que valer para algo, outro mundo é posible, outra maneira de gobernar, outra sociedade máis responsable que medre en compromiso co seu contorno. Eu aprendín moitísimo nestes meses, creo que moito máis que en anos anterio- res. Considerábame unha persoa com- prometida coas ideas xustas pero neste caso a implicación foi alén do que cría. Non pasa nada, tamén sabes que hai unha contrapartida, o recoñe- cimento do teu traballo por parte da xente que o di de corazón. Eu só



Casa Pousadoira

Fermosa casa tradicional restaurada. Situada a 15 Km do parque natural Fragas do Eume e a 8 Km da Praia Grande de Miño e a 800 m do río Lambre. Ademais Adegas Pousadoira foi a primeira adega en sacar ao mercado Viño de Betanzos etiquetado e hoxe é o máximo expoñente dos Novos Viños de Betanzos.

Tlf. e fax.: 981-195118.
Móvil: 629-280565



Turismo rural, horta ecolóxica e produción de viño de Betanzos

expresei en voz alta o que outros milleiros de persoas estaban a sentir. Sempre me preocupou moito esa sintonía coa xente. Nunca Máis non é un pequeno grupo de iluminados, nin tres ou catro artistas con vocación mesiánica. Non. Nós somos a cabeza dun movemento cívico multitudinario que sacudiu este país e non nos calaron nin os apagóns informativos, nin as censuras, nin as manipulacións das que fomos vítimas.

- Houbo quen quixo ver nos resultados do 25-M un fracaso de Nunca Máis, ¿que opinión che merece isto?

- Nunca Máis non se presentou ás eleccións. E por moitas lecturas superficiais que se fagan é evidente que algo cambiou, algo moito máis fondo e lento na sociedade galega. Resulta un cambio de mentalidade que se veu percibindo nos últimos tempos e que nas eleccións foi clarísimo. Demostramos máis madurez e aprendemos a castigar un xeito de gobernar. Existe un cambio de conciencia sen volta atrás que dependerá exclusivamente de nós.

"En trinta anos, seis barcos danaron o noso litoral e iso é como para berrar ¡Nunca máis! dunha maldita vez, para impedir que esta historia se repita ciclicamente como unha maldición. Ningún de nós está disposto a volver a permitilo".

- ¿Cres que houbo tamén un salto na conciencia ambiental dos galegos?

- Houbo un salto grande. É evidente que a clave está na educación e por iso foi tan importante esa cadea humana organizada por Area Negra coa que corenta mil rapaces uniron os corenta quilómetros de Laxe a Muxía. Eles son o futuro para ter unha conciencia ecolóxica que impida que isto se repita. En trinta anos, seis barcos danaron o noso litoral e iso é como para berrar ¡Nunca máis! Dunha maldita vez, para impedir que esta historia se repita ciclicamente como unha maldición. Ningún de nós está disposto a volver a permitilo. Somos máis conscientes da importancia de salvagardar o medio e por iso demandamos



Uxia Senlle: "É fundamental o labor diario coa afiliación a colectivos ecoloxistas. Somos cómplices e cómpre abrir os ollos"

máis información sobre as consecuencias de atentar contra el. O *Pres-tige* simboliza o capitalismo campan-do ás súas anchas no mar ó pé dunha costa que está indefensa. É fundamental o labor diario coa afiliación a colectivos ecoloxistas para ser cons-

cientes do dano que, moitas veces inconscientemente, facemos ó medio e para paliar determinados erros na vida cotiá de efectos dramáticos no noso contorno. Somos cómplices e cómpre abrir os ollos. Eu son optimista por natureza e teño esperanzas

"A PLATAFORMA CONTRA A BURLA NEGRA DEMOSTROU QUE É POSIBLE CONCILIAR ARTE E COMPROMISO"

- Dende o inicio da catástrofe van aló moitas manifestacións, concentracións, actos de desagravio, exposicións, concertos... ¿con que te quedas?

- Bufffff, é moi difícil escoller pero salientaría o máis recente no tempo. Teño varias imaxes: unha delas é o faro de Lariño ó anoitecer coa carpa do País de Nunca Máis alí á beira do mar da Costa da Morte. Esa carpa simbolizou o país que soñamos e que non ten nada que ver co país que nos queren vender. Fóra da cultura de subvencións existe outra na que a xente é protagonista co seu propio esforzo. Na fotografía, na música, na literatura, no teatro deuse un despegue de inventiva, enerxía, ilusión, talento sen precedentes e que a carpa acolleu no seu seo. Para min ela simboliza que a sociedade que demandamos pode ser posible. Outra das imaxes que gardo

moi nítida na memoria é o día da inauguración da exposición Botella ao mar, cando Quintana Martelo nos contactou a todos a súa emoción.

- ¿Podería falarse da Burla Negra como un punto de inflexión no mundo cultural galego?

- A Plataforma contra a Burla Negra deu inicio á interrelación entre diferentes disciplinas artísticas e a toma de conciencia de que somos capaces de "ceder" ese potencial creativo a un movemento social. É o inicio dun camiño diferente marcado pola interdisciplinabilidade. Supuxo destapar o tarro das esencias e unir a un grupo de xente que descubriu a posibilidade de recuperar a ilusión e o valor do seu traballo en individual e en colectivo. A arte serve para cambiar as cousas, a maneira de comprometerse coa realidade. Volvemos conciliar arte e compromiso.

porque, de non ser así, estaríamos ante a fin do mundo, a destrución total.

- No teu caso, como no caso de moitos galegos, parece que se trata do despertar dunha conciencia durmida.

- Non tiña demasiado clara a miña conciencia ecoloxista, si unha preocupación pero nin con moito todo o que xurdiu nos últimos meses. Foi o despertar dunha conciencia durmida, de valores que temos e descoñecemos. O importante é ser consecuente con eses compromisos. Confeso que a min me pasou a posteriori. Logo de ver o desastre cos meus propios ollos pensei ¿que pasa aquí? A natureza é un ben que gozamos todos pero ata que a atacan non notamos o que vale. Sentín unha progresión en moita xente, especialmente da xente nova. Esa xente nova que estaba criminalizada co tema

"Namentres o perigo siga aí nós seguiremos aquí en estado de vixilancia permanente, continuaremos sendo a pedra no zapato de quen toma decisións importantes. Nunca Máis seguirá sendo unha especie de xuíz cívico do que pasa, a esperanza de moita xente"

do botellón e pasotismo amosou que era capaz de moito máis. E velaí o fenómeno do voluntariado. Non foi unha moda, foi que había uns valores aí que saíron á luz espontaneamente.

- ¿Cales son agora os retos inmediatos de Nunca Máis?

- Temos aí o Foro da verdade que está a levar Manolo Rivas e que está previsto que se desenvolva no mes de novembro. Tentaremos xuntar a exper-

tos da comunidade científica para que fagan un informe clarificador das verdadeiras consecuencias da catástrofe. Temos dereito a saber, a que se nos conte que pasou e onde está o perigo do futuro e para iso é importante unha boa campaña informativa. Outro dos retos reside en repensarnos, porque un movemento asembleario tan grande ten que repensarse continuamente para dar respostas a novos problemas. Namentres o perigo siga aí nós seguiremos aquí en estado de vixilancia permanente, continuaremos sendo a pedra no zapato de quen toma decisións importantes. Nunca Máis seguirá sendo unha especie de xuíz cívico do que pasa, a esperanza de moita xente.

"Rosa Aneiros forma parte da Plataforma contra a Burla Negra"

O novo traballo discográfico de Uxía Senlle:

UN PASEO MUSICAL POLA MESTIZAXE CULTURAL DA "AVENIDA ATLÁNTICA"



Xon G. Muros

"Rosalinda se tu fores à praia, se tu fores ver o mar, coidado não te descaia o teu pé de catraia em óleo sujo à beira-mar". A canción de Fausto escoitouse na voz de Uxía Senlle durante o concerto do Canto de autor por Galicia de xaneiro en

Santiago e na Carpa do País de Nunca Máis en Lariño en xuño. Daquela voz que nos cantou unha Rosalinda trémula en Compostela á Rosalinda emocionada da carpa de Carnota houbo unha ducia de estados emocionais indescribibles con

palabras. Houbo mar. Como mar volve haber, a presas, no novo traballo discográfico de Uxía Senlle

-O anterior disco "A danza das areas" sabía a salitre, espuma e vento, ¿a que saberá o vindeiro traballo?

-Tamén a mar, como todos os meus anteriores. Este novo disco, que posiblemente se chamará "Avenida Atlántica", recollerá o legado musical dos países de área lusófona (Brasil, Portugal, Mozambique, Cabo Verde, Galicia), países unidos polo mar e pola lingua. O proxecto foi xestado antes do Prestige pero se demorou por motivos obvios. Agora ando a traballar na selección de letras e músicas e teño pensado comezar a gravar no verán. Esta "Avenida Atlántica" ten moito que ver cun proxecto que desenvolvemos en Pontevedra o 16 de agosto chamado "Cantos na maré", no que convidei a amigos de Mozambique, Portugal e Brasil nun encontro de culturas unidas polo Atlántico e pola lingua.

MARÉ NEGRA

SITUACIÓN ACTUAL DA COSTA

Xabier Vázquez Pumariño e Martiño Nercellas Méndez

Meses despois do vertido do Prestige, a situación na costa galega dista moito de terse normalizado; antes ben, continua a chegar fuel a numerosas praias e comézanse a percibir con claridade algúns dos impactos negativos xa denunciados anteriormente. Por outra banda, a punto de finalizar as labores de retirada do fuel, imos comprobar a auténtica vontade política para restaurar os ecosistemas afectados polas actuacións de limpeza.

NOVAS CHEGADAS DE FUEL

Non pasa nin un só día no que non apareza fuel nalgunha praia do litoral galego (por non falar do litoral asturiano, cántabro, vasco ou francés, ata ao norte da Bretaña). O fuel aparece en fragmentos de diferentes tamaños, dende pequenas gotas do tamaño dunha lentella ata grumos do tamaño dunha boina.

As áreas que están a rexistran maiores chegadas novas de fuel son:

- Mariña lucense: zona moi duramente castigada, as chegadas de fuel ás praias durante o mes de xullo foron constantes e mais intensas que nos meses anteriores.
- Ferrol-Cabo Ortegal: tamén seriamente afectada, particularmente os grandes areais da zona, como o de Valdovíño, que se viron bañados repetidas veces polo chapapote.
- A Coruña-Malpica: dende as praias urbanas da capital ata as praias máis abertas como Razo e Baldaio, víronse sucesivas chegadas de fuel.
- Malpica-Muros: as chegadas de fuel, a esta zona foron menores en comparación con outros tramos, aínda así houbo chegadas de pequenas 'galletas' a diferentes areais.
- Muros-Rías Baixas: chegadas ocasionais a diferentes puntos moi dispersos, como a Costa da Vela, Palmeira, Lanzada, etc.

Vista a gran cantidade de fuel que aínda queda en deriva polo Atlántico, a presenza do chapapote en fondos e pegado a rochas e que aínda está a saír diariamente do péo do *Prestige*, é previsíbel que co cambio nas condicións do mar cara a finais do mes de agosto e o longo do outono, a situación poida ser moito máis complicada pola chegada do piche a moitos puntos simultaneamente e en cantidades importantes. Posibelmente, esta situación prolongarase durante todo o outono e inverno próximos. Neste senso, manter un dispositivo rápido de alerta e recollida vai ser absolutamente necesario.

Igualmente a presenza de fuel no mar fai previsíbel outra nova onda de aves mariñas mortas ou afectadas nas nosas

costas, posto que vai coincidir de cheo co paso destas aves mariñas fronte as costas e coa invernada.

LABORES DE RETIRADA DO FUEL E LIMPEZA

Continúanse a realizar labores de retirada de fuel ao longo de todo o litoral, fundamentalmente de hidrolimpeza; esta é levada a cabo por diferentes empresas constructoras e pola empresa pública Tragsa, presentando diferentes eivas que xa denunciadas e dadas a coñecer aos responsábeis (Comisionado do Medio Ambiente para o *Prestige*); estas eivas son fundamentalmente o emprego de auga doce e elevada temperatura, combinados con presións excesivas nalgúns casos. O impacto derivado destas tarefas hai que

consideralo a nivel global posto que o conxunto das comunidades biolóxicas da liña supramareal vanse ver seriamente afectadas, e o impacto só é reversíbel tras longos períodos de tempo. Hai que destacar, en cambio, que no Parque Nacional das Illas Atlánticas, as tarefas estanse a desenvolver dun xeito moito máis correcto, xa que se está a empregar auga salgada a temperatura ambiente; cabe preguntarse porqué se segue un criterio ambiental claro no Parque Nacional e non no resto da costa, con moitos tramos candidatos a formaren parte da Rede Natura 2000, figura máxima de protección a nivel europeo.


Igualmente, compre mentar que tras as primeiras actuacións de ADEGA e doutros colectivos, melloráronse determinados aspectos da hidrolimpeza como é o emprego de mantas hidrófugas para recoller o fuel desprendido tras ser atendidas as nosas demandas por parte da empresa Tragsa.

Unha consecuencia das labores de limpeza é a abertura indiscriminada de pistas por todo tipo de ecosistemas e lugares -incluíndo as fráxiles dunas e zonas candidatas á Rede Natura 2000-. Neste momento, unha vez finalizadas as labores de retirada do fuel, vaise comprobar a auténtica vontade política por parte de diferentes administracións de restaurar os ecosistemas ou ben de deixar correr a situación e permitir o deterioro do noso litoral.

O PLANO GALICIA

Independentemente dos contidos deste Plano a nivel xeral, hai que ter en conta que esta *marea gris* xa comezou a chegar. Compre destacar o comezo ilegal das obras da piscifactoría do Cabo Touriñán (comezaron o mesmo día en que ADEGA recibía a notificación da Consellería de Medio Ambiente pola que se tería solicitado a cualificación ambiental das obras); esta piscifactoría sitúase en pleno LIC (Lugar de Interese Comunitario) da Rede Natura 2000, o que dá conta do interese pola conservación dos valores naturais do noso litoral.

Xabier V. Pumariño




Non pasa un só día sen que non apareza fuel nalgunha praia do litoral galego (agosto 2003)

PROXECTOS DE ADEGA PARA A RESTAURACIÓN E SUPERVISIÓN DA COSTA A DEFENSA DO LITORAL NO VERÁN'03

Xabier Vázquez Pumariño e Martiño Nercellas Méndez (biólogos)

A marea negra do Prestige está a xerar unha inxente cantidade de traballo nas múltiples fronte de defensa do noso litoral, dada a complexidade e a intensidade das súas consecuencias. Nin un só día dende o mes de novembro do ano pasado deixou de chegar fuel á nosa costa; hoxe, máis de nove meses despois do afundimento do buque, segue a chegar chapapote en grumos de diferente tamaño, dende o 'formato pizza' ao de 'galleta'. A revisión do litoral de xeito constante permitiulle á ADEGA dispor de información incontestábel e ofrecer solucións para a prevención mediante a corrección das prácticas e a restauración dos ecosistemas afectados.

Xabier V. Pumariño



Se nun principio, comparativamente, recibiran menos fuel que outras áreas, durante o vrán tanto a Mariña lucense como o litoral norte da Coruña estiveron a recibir unha constante chuvia de piche, e outro tanto ocorre no litoral de Asturias, Cantabria, País Vasco e litoral francés ata o norte da Bretaña.

Ademais dos 2000 traballadores que a diario retiran o fuel recién chegado, continúan no litoral as tarefas de retirada do fuel dalgúns areais e, sobre todo, a limpeza dos sistemas rochosos.

Nas praias estanse a empregar diferentes tipos de cribadoras con desigual fortuna: se ben as grandes cribadoras remolcadas por un tractor son pouco efectivas e contribúen a fragmentar o fuel, as pequenas cribadoras autopropulsadas recollen de xeito efectivo os pequenos fragmentos. Porén, estas tarefas entraron en conflito directo coa preservación do hábitat dunha ave que nidifica en determinados areais do litoral atlántico, e particularmente nos da Coruña: a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) ou pillara papuda. Tras facer as xestións oportunas perante o Comisionado e Tragsa, e recibir o apoio de investigadores do departamento de Bioloxía Animal da USC (Universida-

de de Santiago de Compostela), conseguíuse deter a limpeza nalgúns puntos de nidificación, conseguindo evitar que a tempada de cría desta especie fose un fracaso absoluto. Aínda así, na praia do Rostro, onde se balizara unha superficie dunha ha arredor dun niño, este estragouse finalmente, ao parecer polos voos rasantes dun helicóptero.

RESTAURACIÓN DOS SISTEMAS DUNARES

Os sistemas dunares, en xeral, son algúns dos ecosistemas máis castigados como consecuencia das labores de limpeza. ADEGA está a elaborar os planos e a facer as xestións necesarias para a súa recuperación, mesmo algún plan de intervención inmediata para conter a súa degradación total como é o caso das dunas da praia de Arneta, en Fisterra.

"As tarefas de limpeza das praias entraron en conflito directo coa preservación do hábitat dunha ave: a pillara papuda *Charadrius alexandrinus*"

Outras intervencións de restauración nas dunas deriváronse da súa importancia para determinadas especies de plantas ameazadas como é *Linaria arenaria*; esta especie medra en determinadas dunas do Parque Nacional das Illas Atlánticas que se viron moi estragadas e, neste senso, fixéronse os informes e xestións oportunas para balizar as dunas e permitir a súa conservación na medida do posíbel. Recentemente créanse algunhas brigadas específicas para a descontaminación de dunas, tras serlle exposta esta idea ao Comisionado para o Prestige e a Tragsa; a meto-doloxía de limpeza e a formación correrá a cargo de ADEGA.

Os espazos dunares, por outra banda, continúan a soportar o impacto habitual do uso turístico irracional, que non ten en conta os seus valores. En atención a esta

necesidade, e coa axuda do GOB (Grupo Ornitolóxico Balear) de Menorca, colocáronse uns grandes paneis en Carnota para evitar o tránsito desordenado, a introducción de vehículos, etc.

Igualmente a flora ameazada, en xeral, está a ocupar boa parte do noso tempo: algunhas especies escasas, como o raro *Rumex rupestris*, teñen como hábitat, precisamente, lugares peculiares na beira do mar, lugares que se viron inundados polo chapapote que se está a retirar por medio da hidrolimpeza. Coa colaboración inestimábel de investigadores do Departamento de Botánica da USC, expertos na flora ameazada galega, realizouse a localización dos exemplares, o balizamento dos mesmos e a protección de individuos concretos.

OS COÍDOS E A COSTA ROCHOSA

Outros dos hábitats duramente castigados polo fuel son os coídos, boleiras ou praias de bolos. Moitos deste coídos teñen un gran interese posto que se trata de formacións fósiles cuxa conservación é prioritaria dada a súa singularidade e importancia xeomorfolóxica. Por isto, calquera intervención feita para retirar o chapapote dos mesmos vai a ter algunha eiva. Neste caso actuouse prestando o noso asesoramento a empresa Tragsa, encargada da súa limpeza, de tal xeito que se propuxeron algunhas solucións, atendidas, para a súa descontaminación e conservación. Desafortunadamente, moitas destas formacións xa tiñan sido danadas irreversibelmente nas primeiras actuacións.

A limpeza da costa rochosa estase a facer con hidrolimpadoras, máquinas que botan auga a grande presión. En moitos casos, esta limpeza, aconsellabel e necesaria, faise de xeito que causa un gran impacto nas rochas, eliminando as comunidades biolóxicas que posúen, fundamentalmente de liques e, en menor medida, de tipo intermareal. A través de diferentes informes tratouse de que a hidrolimpeza se fixera con garantías; neste senso conseguíuse que se empregaran suficientes mantas absorbentes, aínda que usos inco-

rectos como o dunha presión e temperatura demasiado elevadas e o emprego de auga doce no foron corrixidos, causando un impacto global importante nas comunidades supramareais galegas. Esta información pódese atopar toda nun informe dispoñíbel na nosa web.

A SITUACIÓN REAL NA COSTA

Fronte a propaganda oficial, esperpéntica no caso da Xunta de Galicia, na que se ven a defender que a situación está máis que superada, a realidade amósasenos moi diferente. Para poñer de manifesto a situación estase a revisar o litoral de xeito constante, atendendo a aqueles lugares preferentemente de maior interese ecolóxico, e elaborando os correspondentes informes, o que nos permite dispor dunha información incontestábel e ofrecer solucións para a prevención mediante a corrección das prácticas e a restauración do tramo afectado. Esta información permítelle a ADEGA ser un interlocutor fiable en toda a maraña de propaganda existente.

"Fronte a propaganda oficial, esperpéntica, da Xunta de Galicia, que defende que a situación está superada, a realidade amósasenos moi diferente"

RELACIÓNS COS SECTORES AFECTADOS

Dentro das posibilidades da Asociación, estanse a manter contactos con confrarías de pescadores e asociacións de percebeiros, o que nos permite dispoñer de información sobre a actividade pesqueira e marisqueira e a evolución da mesma. Ademais da obvia importancia que ten para o sector, e polo tanto, para a economía e benestar do conxunto de cidadáns/as, a xente do mar está nunha posición de privilexio para observar a calidade e situación do medio mariño.

DIVULGACIÓN E REIVINDICACIÓN

A comunicación e divulgación da situación, das súas consecuencias e posibles solucións ocupa igualmente unha parte importante da actividade de ADEGA. Dende o traballo continuo de atender a xornalistas e emitir comunicados de prensa (muitos deles de denuncia, dispoñíbeis na web) a participar en diferentes foros e atender á demanda de artigos de opinión, a presenza de ADEGA está a ser continua. Con todo, é de destacar que moitos dos foros nos que se participa así como boa parte dos xornalistas que se achegan a nós, non son galegos senón doutros puntos do estado e incluso de Europa.

¿PRAIAS LIMPAS OU SUXAS?

A linguaxe é unha poderosa arma e, neste caso, os gobernos estana a empregar (¿intencionadamente?) con éxito. Actualmente boa parte da polémica pública polo *Prestige* céntrase en determinar se as praias están suxas ou limpas. Ao respecto hai que ter en conta dúas cuestións:

1. As praias só ocupan un 35% do litoral galego. Polo tanto, inda que estivesen libres de chapapote, ¿qué ocorre co resto do litoral? Parece quedar claro que o medio ambiente preocupa tan só se o turismo, unha actividade económica máis, se ve prexudicada.

2. O vertido do *Prestige* supón un grande episodio de contaminación, invisible a máis perigosa, polo que a dialéctica limpo/suxo non é en absoluto válida para esta situación. Limpa ou suxa pode estar a cociña da casa, pero non un ecosistema que terá diferentes niveis de contaminación.

O rigor na fala e nos conceptos é fundamental para sermos obxectivos.

¿ÓNDE ESTÁ A XUNTA DE GALICIA?

Sabemos onde está a Consellería de Pesca: tratando de que mariñeiros, mariscadoras e mariscadores se vexan atrapados nunha arañeira que rematará co sector para abrir á veda ás grandes multinacionais que instalarán grandes parques de acuicultura cun impacto ambiental desmedido e insostíbel, como xa está a ocorrer no cabo Touriñán, en Muxía, onde se pretende crear unha grande instalación deste tipo, a maior do mundo, sobre terreos da futura Rede Natura 2000, contravindo a lexislación comunitaria; é destacábel que mentres chegaba a ADEGA a resposta da Xunta de que se pedira a cualificación ambiental para esta instalación, iniciábanse as obras e días máis tarde o Presidente da Xunta e máis o de Pescanova daban o pistoletazo de saída á operación; meses máis tarde saíu a exposición pública o estudo de impacto ambiental. ¿para qué?

Pero o que non sabemos é onde está a Consellería de Medio Ambiente. Tendo en conta que o vertido do *Prestige* afectou á moitos espazos naturais da Rede Natura 2000 e a boa parte do patrimonio natural galego, non se entende que a Consellería se inhiba das súas competencias. Non cabe dúbida de que boa parte do traballo feito por ADEGA en defensa de determinadas especies e hábitats debería ter sido labor da Consellería.



Xabier V. Pumarín

A EXPERIENCIA E A ACHEGA DE ADEGA

O VOLUNTARIADO NA LUITA CONTRA A MARÉ NEGRA DO PRESTIGE

Manuel Soto, Alberte Sánchez e Belén Martín (ADEGA)

A Asociación ADEGA, a FEG e outras entidades de defensa ambiental responderon coordinadamente á catástrofe do Prestige e mobilizaron todos os seus efectivos nesta tarefa, que se viu compensada pola mobilización xeral da sociedade e multiplicada polos miles de voluntari@s nas mais diversas tarefas relacionadas coa traxedia que a Galiza viviu no último ano.

Neste breve artigo facemos balanço do traballo de ADEGA co voluntariado, no amplo contexto dun voluntariado que atinxiu a todos os sectores da sociedade galega, coordinado na Plataforma Nunca Máis, do que son exemplo claro os numerosos colectivos formados para a ocasión, como a Plataforma contra Burla Negra, o Colectivo de artistas plásticos, o Colectivo de sanitarios, o Colectivo científico... A todos eles o noso recoñecemento.

O CONTEXTO

O *Prestige*: segundo accidente grave en Fisterra, terceira maré negra na Costa da Morte, quinto accidente grave dun petroleiro na Galiza, sétimo sinistro dun buque con mercadorías perigosas na Galiza... Quince anos atrás (*CASON*), as xentes de Fisterra saíron precipitadamente das súas casas; dez anos atrás (*Aegean Sea*), 100 kn de litoral pechados ao marisqueo e á pesca. Co *CASON* non houvo indemnizacións, co *Aegean Sea* aínda non se cobraran dez anos mais tarde cando o sinistro se repite e multiplica baixo o nome de *Prestige*. Nos sete casos referidos, os danos ambientais, sociais, e os económicos indirectos nunca foron avaliados.

Mas algo cambiou: se dez anos atrás (10-01-93), 3.000 persoas protestan na Coruña contra a maré negra do *Aegean Sea*, o 1 de decembro de 2002 manifestan-se 300.000 persoas en Compostela. Unha mobilización plural e xeralizada da sociedade galega tiña comezado.

A resposta social contra a maré negra do buque *Prestige* tivo alcance sen precedentes na Galiza, traduciu-se na participación voluntaria de centos de miles de persoas en tarefas como a inspección e información sobre a situación do litoral, a atención ás aves afectadas, a recolla de residuos de fuel no litoral, a mobilización social e a información e educación ambientais.

Peza chave desta mobilización foi o voluntariado dedicado á recolla de fuel e limpeza do litoral. Impulsado inicialmente por ADEGA, desbordou todas as previsións a raíz de que os mariñeiros das Rías Baixas decidiran facer o propio, saíndo ao mar a recoller fuel cos medios de que dispuñan, mesmo coas mans. En todo caso, o voluntariado do *Prestige* incluíu o voluntariado de tipo permanente que realiza o seu labor nas asociacións de defensa ambiental e noutras esferas da

sociedade, e desbordou-no ao multiplicar os seus efectivos varias veces por cen ou por mil.

INSPECCIÓN E INFORMACIÓN SOBRE O LITORAL

Esta labor foi inicialmente coordinada pola Federación Ecoloxista Galega (FEG), tamén coa colaboración de ADEGA, que realizou sucesivos informes sobre o estado das costas, atendendo aspectos tais como:

- Chegada de fuel e marés negras ás diferentes zonas
- Impacto nas aves e nos diferentes ecosistemas
- Marcha das operacións de recolla de fuel
- Impactos nos ecosistemas polas diferentes actuacións no litoral, realizadas por empresas contratadas, exército, mariñeir@s e voluntari@s
- Atención especial aos 17 Lugares de interese comunitario (LICs) propostos para formaren parte da Rede Natura 2000

Unha das primeiras actuacións foi a creación dun dispositivo para a recollida e recuperación de aves afectadas. A costa galega foi dividida en 14 tramos e a FEG encargou-se de promover e formar os grupos de voluntari@s, maiormente a través dos seus grupos locais. A SEO-Birdlife encargaría-se en parte das tarefas de atención ás aves e das cuestións mais técnicas. Ao longo dos primeiros seis meses foron recollidas na Galiza mais de 12.000 aves, e case outras tantas no resto do litoral atlántico atinxido pola maré negra. Estima-se entre 100.000 e 200.000 as aves afectadas.




A RECOLLA DE RESÍDUOS DE FUEL NO LITORAL

Segundo a Xunta de Galicia, mais de 60.000 t de residuos sólidos de fuel con area e outros materiais foron recollidos só na Galiza, aos que hai que sumar unhas 20.000 t de residuos de fuel-agua recollidos por buques e outros dispositivos no mar.



Grupo de voluntarios limpando en Carnota (agosto 2003)

Xobier V. Pumarino



Perto de 200.000 voluntari@s participaron nas tarefas de recolla de fuel, constituindo o colectivo mais numeroso, por riba dos grupos de mariñeiros, militares e persoal contratado. A Asociación ADEGA destacou na súa promoción e organización, coordinando directamente unhas 15.000 xornadas de traballo ao longo dos primeiros 7 meses da catástrofe, a través do dispositivo centralizado en Santiago de Compostela (ver gráficos), ás que teriamos que sumar algúns miles mais noutras localidades. O primeiro impulso a este movemento xurriu en Santiago de Compostela, tras unha convocatória de ADEGA en centros universitarios. A fin de semana do 23-24 de novembro, ADEGA coordinou o primeiro continxente significativo de voluntariado nas praias de Seiruga e Beo (Malpica).

Os grupos de voluntarios/as coordinados por ADEGA traballaron nun total de 50 praias correspondentes a 15 concellos, maiormente da Costa da Morte, ademais do traballo realizado directamente en Ferrolterra e nas Rías Baixas. Carnota (praias de Boca do Río, Caldebarcos, Ardeleiro...), Fisterra (O Rostro...), Camariñas (Reira...), Ribeira (Ladeira, Corrubedo...), Muxía e Malpica (Beo, Seiruga...) foron os concellos mais visitados.

Este voluntariado caracterizou-se por:

- Ser en grande medida un movemento autónomo na súa decison de colaborar. Así, muito do traballo realizado por ADEGA foi o de formación e coordinación de grupos de voluntari@s autoorganizados

- Procedencia galega dos grupos en aproximadamente un 70%, o resto maioritariamente doutras zonas do Estado español, pero formando parte dos grupos numerosas persoas e colectivos chegados de toda Europa e doutras zonas do Mundo
- Constituído maiormente por persoas xoves e de mediana idade, coñecedoras en xeral da problemática ambiental e mobilizadas por grupos locais sensíbeis á deterioración do medio natural, pero procedentes de círculos sociais mais amplos que os de incidencia habitual do ecoloxismo
- Diversidade de actitudes, aptitudes e pautas de comportamento en relación co medio ambiente, o que levou a existencia de debates xeralizados sobre a función do voluntariado, a súa forma de actuar e o respecto á natureza.

MOBILIZACIÓN SOCIAL

O arranque da mobilización social que seguiu á catástrofe do *Prestige* foi a constitución da Plataforma cívica *Nunca Máis* e a convocatória dunha primeira mobilización xeral en Santiago de Compostela. Seguirían outras, en ocasións convocadas por colectivos sectoriais, entre os que destacou a Plataforma cultural contra *Burla Negra* coa *Maré gaiteira* do 6 de decembro tamén en Compostela e o velório de A Coruña, as manifestacións de *Nunca Máis* en A Coruña, Madrid e de novo en Compostela, esta última xa a seis meses de iniciarse o desastre. O desagravio ao povo galego diante da concesión pola Xunta das medallas "Galicia" aos principais responsábeis da catástrofe foi outro éxito de *Nunca Máis*, como tamén foi un éxito a carpa voluntaria "O País de Nunca Máis", de contra *Burla Negra*, coa que colaboraron mais de 500 artistas.

Nunca Máis reúne perto de 500 entidades de todo tipo (ONGs ambientalistas, sindicatos, asociacións veciñais, culturais, políticas...), pero de todas elas cabe salientar numerosos colectivos formados para a ocasión, como a xa mencionada Plataforma contra *Burla Negra*, o Colectivo de artistas plásticos, o Colectivo de sanitarios, o Colectivo científico... *Nunca Máis*, en xeral, e estes últimos colectivos en particular, son exemplo claro da contribución do voluntariado a esta faceta da loita contra a catástrofe.

INFORMACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL

A páxina web www.adegagaliza.org, elevou considerabelmente a súa difusión ao alcanzar as 40.000 visitas ao longo do primeiro mes tras a catástrofe. ADEGA reuniu nesta web os principais documentos relacionados coa catástrofe do *Prestige*, e


tamén outros moitos que podían aportar algunha clarificación para a cidadanía en xeral e para colectivos específicos, como o de voluntari@s. Os protocolos de recollida de aves e de limpeza das praias, ou a toxicidade do fuel foron algúns dos aspectos mais demandados.

No plano mais directamente relacionado coa actuación do voluntariado, cabe destacar:

- A elaboración do primeiro *Protocolo de recollida do fuel* dispoñible na Galiza, mellorado progresivamente nos aspectos relacionados coa prevención de riscos para a saúde e de danos aos ecosistemas litorais
- A elaboración dun extenso *Manual de coordinación de equipos de recollida de fuel* no litoral
- A formación de equipos con coñecementos sanitarios para a axuda e auxilio aos grupos de voluntari@s, tanto en colaboración con Médicos do Mundo como coa *Plataforma de sanitarios de Nunca Máis*.
- O encargo de analíticas e a avaliación dos riscos para a saúde da exposición ao fuel.

No eido da educación ambiental, as primeiras actividades foron de tipo informativo, respondendo a numerosas solicitudes de charlas por centros de ensino e por outros colectivos, tanto da Galiza como do estranxeiro.

ADEGA continua con este traballo de información e educación ambiental, como se pon de manifesto nas páxinas do presente número de *Cerna*. Mas cumpre destacar a achega do colectivo de ensinantes *Area Negra*, que iniciou o seu traballo coa organización dunha cadea humana na que finalmente participaron mais de 40.000 alun@s de ensino secundario. A palabra VIDA ficou escrita con letras humanas nas praias da Costa da Morte.



Xabier V. Pumarínho

O 70% dos grupos de voluntarios eran de procedencia galega, aínda que se incluían numerosas persoas chegadas de todo o mundo

AGRADECIMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS

ADEGA agradece-lle ás seguintes entidades a achega de medios materiais e económicos para loita contra a maré negra do *Prestige*:

- | | | |
|---|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▮ Monte do Gozo (Albergue) ▮ Televis S.A. ▮ Finanzauto S.A. ▮ GOB (Grupo Ornitológico Balear) ▮ Amics de la Terra-Gen-Els Verds-Diario de Ibiza ▮ Asociación Estudiantil UNE-Salamanca ▮ Ajuntament de Reus (Institut Municipal de Formació i Empresa) ▮ Festival Benéfico Ibiza con Galiza ▮ Ordiziako Udala ▮ Escola Publica Mestres Montaña de Granollers ▮ Sindicat de Treballadores y Treballadors D'Ensenyament Valencià ▮ Association Trou de Mémoire -Association Dorn Ha Dorn, de Breizh ▮ Colexio Peleteiro ▮ Asociación os Rondeiros do Eo-Ribadeo ▮ Eps de Gandia (Valencia) ▮ Asoc. de Bolseiros da Fundación "Pedro Barrié de la Maza" ▮ Colegio Oficial de Psicólogos de Andalucía ▮ Danmarks Naturfredningsforening ▮ Intersindical Valenciana ▮ Colegio la Devesa de Carlet (Valencia) ▮ Asoc. Gancons dels Joves Amics de la Natura ▮ Endimari ▮ Banco de Alimentos de Valencia | <ul style="list-style-type: none"> ▮ Asociación Cachoeira, en colaboración con Ascensores ENOR ▮ TELECON S.A. ▮ Global Nature, en colaboración con Unilever ▮ S.A. Eduardo Vieira (Vigo) ▮ Escuela Municipal de Música y Danza de Alpedrete ▮ Totamka Kuentos ▮ Universitat Autònoma de Barcelona ▮ Ajuntament de la Riera de Gaià (Tarragonès) ▮ Oficina de Turismo de Egipto ▮ Asociación Epa L'Alguer ▮ Estudis Soterrania S.L. ▮ Wild Rescue Veterinarian Association Wrv ▮ Máquinas Electromecánicas (Las Rozas) ▮ I.E.S. López de Los Arcos (Ibros) ▮ C.D. Indarra ▮ I.E.S. Dolores ▮ Promoción 25 Anos de Matemáticas da USC ▮ Alvarella Ecoturismo ▮ Churreria Grela (Cerdeja) ▮ C.E.I.P. Carles de Fortuny ▮ I.E.S. de Arán ▮ Amics de Cervera-Pub Noctambul ▮ Albergue Juan Pablo II ▮ Vodafone-Galicia ▮ Falla Universitat Bella Plaza del Patriarca (Valencia) | <ul style="list-style-type: none"> ▮ A.P.A. "Pedra Viada" do IES de Viceso (Brion) ▮ Colla de la Fiesta Mayor de Vila Seca (Tarragona) ▮ Alumnos de 3º de ESO de la Escola El Drac (EL Vedat del Torrent) ▮ Club de Futbol Sala L'Alfàs de Pi (Alicante) ▮ IES La Vall del Tene (Barcelona) ▮ Peña Gallega-Club España (New York) ▮ Les Monges Associacio Cultural ▮ Cine Club UTIYE -Ajuntament d'Ontinyent ▮ Talia Teatro ▮ Plataforma Defensa Del' Ebre ▮ Laussan ▮ Treballadores de DAIMLER-CHRYSLER, ALEMANIA ▮ Diser Grafic ▮ Casa de Xantar O Dezaseis ▮ Medicos do Mundo ▮ A Mesa pola Normalización Lingüística ▮ Concello de Santiago ▮ Concello de Malpica ▮ B.N.G. ▮ Univ. de Santiago de Compostela ▮ Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra (Suiza) ▮ I.E.S. A PARALAI (Moaña) ▮ Pub-Cafeteria A Pravia de Vilalva ▮ Ministerio de Medio Ambiente |
|---|---|---|

AGRADECIMENTO AOS VOLUNTARI@S E COORDENADOR@S

Asimesmo, ADEGA agradece á todas as persoas que colaboraron como voluntários/as na recolla de fuel ou noutras tarefas a súa imprescindible achega. A continuación relacionan-se as persoas que se responsabilizaron de diferentes tarefas de coordinación, ás que tamén manifestamos o agradecemento da Asociación.

COORDENADOR@S E COLABORADOR@S NA XESTIÓN DO VOLUNTARIADO PARA A RECOLLA DE FUEL

• **EQUIPA PERMANENTE DE COORDENACIÓN:** Alberte Sánchez Regueiro (Secretario Xeral de ADEGA, coordinación xeral), Xabier Vázquez Pumariño (Coordinador de biodiversidade de ADEGA, actuacións no medio litoral e prevención de impactos), Belen Martín Méndez e Francisco Bañobre Gonzalez (organización do voluntariado), Santiago Sanchez Pardo, Francisco Javier Sanchez Lopez, Andres Duro Fernández e Valeri Esteban San Julian (coordinadores de equipos de recolla de fuel).

• **VOLUNTÁRI@S IMPLICADOS NA COORDENACIÓN XERAL:** Maria José Rodríguez Alvarez, Ellen Wise, Berta Travieso, Martiño Nercellas Méndez.

• VOLUNTÁRI@S COORDENADOR@S DE RECOLLA DE FUEL:

- **COMPOSTELA:** Xan Duro Fernández, Maria Gigirey Suárez, Margarita Echave Durán, Ester Herves Sayar, Ernesto Smith Chamosa, Marta Domínguez Domínguez, Xosé Fiz Sanz Rincón, Raquel Rodríguez Gómez, Encarna Marín Estévez, Luís Díaz Cabanela, Suso Domínguez.

A **CORUÑA:** Alfonso Sánchez Regueiro, Antón Cruz Freire, Armando Herrero Mayor, Emilio Graña Mosquera, Verónica Campos, Natalia Margalejo, Xosé Aller, Francisco Gallego, Arturo López García, Lourenzo Díaz García, Mariola Pazos Oviedo.

- **LUGO:** Daniel López Vispo, Montserrat Lombardía Fernández, Adela Figueroa Panisse, Miguel Díaz Osés.

- **OURENSE:** Aurelio Prado Rodríguez, Sonia Couso.

- **BARBANZA:** Fins Eirexas Santamaría, Xoan España.

- **TRASANCOS:** Antón Fortuna Rodríguez, Estebo Lamas López, Belen Arenas, Humberto Fidalgo, Eva Seoane, Xosé Rodríguez Permuy, Ernesto López.

- **PONTEVEDRA E VIGO:** Fernando Malvar Cortizo, Xose Manuel Álvarez, Maria Xosé Vázquez.

• **PERSOAL E MEMBROS DA DIRECTIVA DE ADEGA PARTICIPANTES NA COORDENACIÓN XERAL:** Silvia Amor Faya, Xosé Veiras, Ramóns Pérez, Manuel Soto, Alberte Sánchez, Xosé Salvadores, Virxinia Rodríguez, Maria Xosé Rodríguez, Luís Díaz.

CONTRA A INCOMPETENCIA E A DESMEMORIA

PRESTIGE

MAREA DE LETRAS E DE ARTE

Emilio Xosé Insua

Afinal aínda vai ter razón nalgún sentido un coñecido cazador vilalbés que afirmou a respecto da catástrofe do "Prestige" aquilo de "no hay mal que por bien no venga". Cando menos iso dá para pensar a auténtica eclosión de literatura, música e arte galega que se ten producido nos últimos meses, desde o aciago novembro de 2002. Os andeis das nosas bibliotecas teñen de facer sitio desde entón a unha nutrida fornada de novos volumes que surxiron da indignación, da consternación e do desexo de que nunca máis aconteza outra hecatombe ecolóxica diante das nosas costas, no noso mar

A "Difusora de Letras, Artes e Ideas" elaborou un volume imprescindible baixo o título *Nunca Máis. A voz da cidadanía*, resultado dun proxecto dirixido por Xabier Paz e Alba Vázquez Carpentier. En pouco máis de cento setenta e cinco páxinas ben colmadas insírense máis de mil cincocentas imaxes, que constitúen unha crónica visual cáseque exhaustiva de varios meses de mobilización, e reproducense ademais os manifestos e comunicados surxidos do entramado civil galego para facer fronte ás mentiras e ao abandono gubernamentais. Unha escolma de frases célebres pronunciadas polo "engominado" e demais corifeos da incompetencia nos días da traxedia permite ao lector escoller, coa perspectiva que outorga o tempo, entre botar unha gargallada catárquica ou deixar correr o pranto ao pensar que eses mesmos individuos proseguen a súa desfeita desde as poltronas, eleccións municipais por medio.

Xurxo Lobato entrega o seu particular relato fotográfico e testemuñal do poderoso movemento cívico articulado após a catástrofe no libro *No país de Nunca Máis* (Editorial Galaxia), con introdución de Manuel Rivas e epílogo de Suso de Toro.

O volume inclúe ademais testemuños e reflexións de coñecidas personalidades do mundo da cultura e do xornalismo (Saramago, Ramonet, Uxía Senlle...).

Adela Leiro, Mon Daporta, Marta Lois e Manuel Domínguez contribúen desde o Salnés á abordaxe didáctica e divulgativa da catástrofe cun volume intitulado *As marés negras* (Ed. A Nosa Terra). O profesorado de Ciencias Medio Ambientais ten aquí un precioso elemento para o traballo nas aulas, ben organizado e mellor exposto, cunha linguaxe clara e asequíbel. Así mesmo, o debuxante Pepe Carreiro, célebre autor da serie "Os Bolechas", agasalla ao seu público infantil co álbum *Marea negra*, na colección "Contos do Miño" (Ed. A Nosa Terra).


A "Asociación Galega de Artistas Visuais", despois de realizar a excelente montaxe da exposición "Botella ao mar", que puido contemplarse en Vigo e Santiago entre abril e maio deste ano que corre, vén de editar un volume que recolle os textos e as reproducións fotográficas das máis de trescentas obras que fixeron parte desa mostra. Senllos textos limiares de Quintana Martelo (Presidente da AGAV) e Rafa Villar (voceiro de NM en Compostela) contextualizan o cómo e por qué desta Exposición, bautizada co rótulo dunha das casas editoras que promoveu o incansábel Luís Seoane no exilio bonaerense.

A catástrofe do "Prestige" ten xerado xa algún volume de narrativa de ficción, como *O corvo do chapapote* (Ed. A Nosa Terra) de Luís Rei Núñez, e dous interesantísimos libros á cabalo entre a crónica xornalística, o ensaio de urxencia e a filípica parlamentar: *A catástrofe do Prestige* (Ed. Laiovento, Colección "Breviarios") de Xosé Manuel Beiras, que reproduce o discurso lido polo voceiro do BNG no



debate da moción de censura presentada en decembro do 2002 no Parlamento autonómico; e *Nunca Máis. Galiza á intemperie* (Edicións Xerais), de Suso de Toro, en que se recollen as crónicas que o escritor santiagués redixiu a pé de fuel para os xornais *La Vanguardia* de Barcelona e *El País* de Madrid durante os primeiros compases da traxedia. Son artigos que iluminan con moita forza e lucidez a dupla dinámica que vivimos naqueles días: o abandono e a mentira dunha banda; a solidariedade, o esforzo ata o límite e o surxir cívico, doutra.

Finalmente, neste compendio necesariamente incompleto, temos que mencionar a aparición de dous volumes poéticos colectivos: *Negra Sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Federación de Libreiros de Galicia-Edicións Xerais-Edicións Espiral Maior), con cento vinte textos, e *Alma de beiramar* (Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra), con oitenta e catro. A variedade de enfoques, estilos e tratamentos, dentro do común motivo temático, converte estes dous libros en perfectos mostrarios do alto nivel de calidade e do pluralismo existente no panorama poético galego das últimas décadas.




ECOLOXIA NO COTIÁN

A AUGA NO FOGAR

Ramsés Pérez

*Principio 4º do Fórum Social das Águas:
Promover atitudes ecológicamente corretas, pesquisas
e diagnósticos para aumentar o conhecimento da sociedade
para a conquista da efetiva gestão participativa e
integrada dos recursos naturais*

março-2003 Cotia-SP-Brasil



Ramsés Pérez

O PLANETA AUGA

A visión que nos dan os satélites do planeta terra non é precisamente dun lugar de cores ocre e terras, senon dunha esfera azul, a cor da auga. A auga ocupa dous tercios do espazo do planeta, o Planeta Auga. Pero esta visión pode levar a engano, xa que de toda esta cantidade de auga só unha parte moi pequena, o 0,007%, é accesíbel para o consumo humano.

Non podemos esquecer que a vida e a humanidade naceron á beira da auga, dos ríos. Galiza, o país dos mil ríos, non é unha excepción. A auga dende sempre tivo uns usos moi variados, rega para cultivos e prados, como enerxía para transformar moitas das colleitas, uso doméstico, etc. E a nosa cultura deixa abondo probas desta dependencia da auga por calqueira recuncho do país en forma de muiños, lavadoiros, fontes, cortidorias, mallos, etc.

A auga como outros moitos recursos do noso planeta, está mal xestionada e a súa explotación pode levar a conflitos. En anos vindeiros, como hoxe en día sucede co petróleo, probabelmente nos enfrontemos a loitas pola auga, o "ouro azul" do século XXI. Se en 1990 a falta de auga afectaba a 300 millóns de persoas, segundo estimacións das Nacións Unidas, no 2025 a escasesade auga poderá atinxir a máis de tres mil millóns de persoas.

SATISFACER A DEMANDA OU REDUCIR O CONSUMO?

A sociedade consumista na que vivimos, do "usar e tirar", que dilapida recursos e materias primas sen preguntarse de donde veñen e desfáise rapidamente deles sen pensar a onde van, repite este mesmo modelo coa auga.

O noso consumo de auga é excesivo así como a contaminación que producimos, sen decatarnos que estamos a destruír un recurso sen o cal a nosa supervivencia non é posíbel. Así, segundo un estudo dos compañeiros ecoloxistas portugueses da Quercus, no seu país (como na maioría das sociedades occidentais) non se percibe o consumo de auga coma un problema ambiental, nen se coñecen cales son as actividades cotiás que provocan maiores gastos de auga (cales son?, sábeo o/a lector/a?), e o que é máis grave, o consumo é moi elevado en comparanza ao que se precisa para unha vida confortábel.

E este consumo tamén leva parello unha pegada no noso medio que ten forma de encoros, vertidos de augas residuais aos ríos e ao mar, sustancias químicas na auga, perda de humedais e da súa biodiversidade, etc. Deberíamos pensar non en como manter ou aumentar a demanda (máis encoros, novos transvases...) senon en como reducir o consumo.

A ineficiencia apoderouse de todos os usos da auga: o agrícola, o doméstico e o industrial. Mostra desta ineficiencia é o dato de que o Estado español é o primeiro de Europa no uso de auga na agricultura, pero o cuarto en produtividade agrícola.

A auga debe ser considerada un factor estratéxico no desenvolvemento sustentábel dun país, e como un recurso básico que é debemos solicitar ás diferentes administracións que se xestione eficientemente. Debemos esixirlle plans e campañas de aforro de auga con medidas que garantan o seu uso eficaz, conxugando xestión e educación. Promover campañas de educación ambiental, como propón O Foro Social das Augas no seu primeiro principio, aplicar tarifas axeitadas a realidade, penalizando o uso de auga por exceso de consumo, dar certificados que garantan uns

critérios de aforro en electrodomésticos e instalacións, incentivar e apoiar aos fabricantes destes dispositivos, así como a investigar e innovar neste eido, etc, poden ser outras medidas.

Hai que transmitir tamén esa necesidade a toda a cidadanía, unha concienciación en canto a que os recursos hídricos non son ilimitados e que debemos protexelos e conservalos.

A auga é tamén reflexo da desigualdade do planeta: cunha só vez que tiramos da cisterna estamos a consumir o mesmo que moitos dos habitantes da Asia ou África en todo o día.

"O consumo está moito por riba do que se precisa para unha vida confortábel, pero non o percibimos coma un problema ambiental. Nen siquera coñecemos cales son as actividades cotiás que provocan maior gasto. Sábeo o/a lector/a?"

AS CIFRAS DO CAMBIO

Ademais de todo o anterior, cada un e unha de nós podemos aforrar auga en distintos momentos da nosa vida cotiá. No recadro presentámosche algunhas medidas de optimización do consumo da auga no fogar, que tamén axudan á redución dos volumes de augas residuais e da contaminación.

Por insignificantes que parezan, moitas destas medidas poden supoñer un aforro considerábel ao longo dos meses ou do ano. Arredor do 40% do consumo diario de auga ten lugar no uso da cisterna. Unha cisterna "normal" descarga uns dez litros ou máis cada vez, polo que nunha casa de catro persoas, cunha frecuencia de descarga de catro veces diarias por persoa atínxense uns 160 litros/día, ou perto de 5 mil 4.880 litros cada mes.

A mellor opción para reducir este consumo é a instalación de cisternas de dobre pulsador, con descargas grande (6 litros) e pequena (3 litros) diferenciadas. Se temos en conta que a descarga completa se precisa só un trinta por cento das veces e



polo tanto o restante 70 % das veces podemos usar a descarga pequena, o aforro é considerábel: gastamos uns 60 litros e aforramos uns 100 litros ao día. A redución do consumo será portanto do 62% do consumo de auga na cisterna, e do 25% sobre o consumo total, con só esta medida. Se ademais disto, deixamos de usar o

retrete como papeleira, a redución do consumo pode ser maior.

EXPERIMENTAR PARA APRENDER... E PARA MUDAR: CALCULA O CONSUMO DA TUA DUCHA

A ducha é un dos lugares da casa no que máis auga se consome (sobre un 39%, o segundo lugar despois das cisternas), calcula se o teu caudal nesta é o axeitado. Para averiguar cal é o caudal da ducha (ou de calquera outra billa da casa) podemos facer un simple experimento. Enchemos un recipiente coñecido pola súa capacidade (por exemplo un caldeiro ou balde de 5 ou 10 litros) e medimos o tempo que tarda en encherse. Se o caudal que resulta é menor ou igual a dez litros por minuto, trátase dun dispositivo eficiente. Se pola contra fora superior a dez litros por minuto, estuda a posibilidade de mudalo por un máis eficiente, ou controla a presión (unha presión excesiva aumenta o consumo) e reduce os tempos na ducha. Obterás un importante aforro de auga. Coa auga deste experimento rega, frega, coce... reutilízaa.



Ligazóns:

www.ecodes.org
www.unesco.org/water
www.portal-agua.com/
www.adegagaliza.org

CÓMO AFORRAR AUGA NO FOGAR

NO BAÑO:

- Dúchate en lugar de bañarte. Un baño gasta entre 150 e 200 litros de auga, unha ducha, pechando a villa ao xabonarse, entre 20 e 40.
- Enche un vaso de auga para escobar os dentes. Aforra entre 10 e 20 litros (fai o mesmo no caso de afeitarte)
- Tira da cisterna só cando sexa preciso, cada vez que o fas gasta entre 10 e 15 litros de auga
- Reduce a cantidade de auga introducindo unha botella chea de auga ou de area na cisterna e, ou múdaa por unha de dobre descarga.

NA COCIÑA:

- Non freges coa auga correndo, introduce a louza nunha tina ou na bacia do fregadeiro, para que se molle e ablande, e logo frega empregando o deterxente preciso, sen abusar del, nen facer espuma como nos anuncios da TV
- Non desconxeles os alimentos con auga, sácaos co tempo preciso
- Reutiliza a auga de ferver ovos, verduras, etc, para regar prantas, aforras e aportas-lles nutrientes.

NO BAÑO E NA COCIÑA:

- Emprega difusores, atomizadores ou aireadores na grifería, reducen a cantidade de auga consumida
- Revisa a grifería e repara as perdas: unha pinga convértese en moitos litros ao longo dun día ou dunha semana, centos nun mes e milleiros nun ano
- Controla a presión, esta é a responsábel da cantidade de auga que sae polas billas
- As billas monomando reducen o consumo de auga e tamén aforran augas residuais e enerxía

NA REGA:

- Rega as plantas pola mañanciña ou pola tarde-noite, xa que do contrario a auga evaporarase máis rapidamente
- Se tes un xardín (ou no balcón) emprega plantas autóctonas ou que consuman poca auga
- Reutiliza a auga de lavar verduras e froitas para regar as plantas
- Almacena e reutiliza a auga da chuvia para regar

OUTROS:

- Abonda con limpar o coche ou a bici unha vez ao mes, como muito; faino cun caldeiro e non con manguera
- Revisa as instalacións e o contador por se hai algunha fuga
- Se atopas algunha fuga de auga na rua, avisa canto antes ao servizo de augas do teu concello.

CÓMO EVITAR A CONTAMINACIÓN DA AUGA

NO BAÑO:

- Non empregues o retrete coma se fose unha papeleira, de facelo contribues a malgastar auga ao premer o botón, contaminas a auga, e dificultas a súa depuración

NA COCIÑA:

- Non vertas aceites, pinturas e outros materiais ou residuos polo retrete, nen no sumidoiro do fregadeiro
- Rexeita os produtos de limpeza sofisticados, que adoitan ter formaldeídos, fenoles... emprega os de gama ecolóxica ou solucións caseiras (por exemplo: vinagre e limón)

NO BAÑO:

- Esquecete de desodorantes para o baño que se disolven na auga, cunha ventilación de dez minutos abunda.

NAS MÁQUINAS LAVADORAS:

- Pon a lavadora ou o lavavaixelas cando este estén cheos (carga completa)
- Emprega deterxentes sen fosfatos, e lava en auga fría, aforras deterxente... e disgustos.

O RIO MIÑO: PARA ALEN DAS FRONTEIRAS

Adela Figueroa Panisse*

Un grupo de profesoras de aquí e alén Minho vimos desenvolvendo desde o ano 2000 un traballo interdisciplinar acerca do noso río común, o Pai Minho, con alun@s de ensino secundario. O obxectivo era o coñecemento do estado do río tanto na súa desembocadura como no nascento. A iniciativa partiu da profesora de química Rosa Almeida, despois de que os propios estudantes de Valença demandaran coñecer os lugares onde o "seu" río nasce.

Resulta mui curioso o concepto que en Portugal se ten acerca das nascentas do Minho. Nos seus libros de xeografía figura como que o río nasce nos Montes Cántabros, e así é coñecido por todo o mundo, lá naquelas terras. A existencia de "Fon Miñá" ou do "Pedregal de Irímia" lugares que para os/as galegos/as teñen tanta importancia, sonlles descoñecidos.

O primeiro ano desta experiencia educativa centróuse no mútuo coñecemento das dúas Escolas secundarias. Houvo encontro dos estudantes en Lugo e Valença, con exposicións dos traballos mútuos e, por suposto, visita ás fontes e á desembocadura do río.

No segundo ano de traballo contactouse con Ourense, parte media do río, e responderon ao noso chamado profesoras do IES Otero Pedraio, que se incorporáron mui activamente ao proxecto. Os participantes dos tres centros de ensino encontráronse en Ourense para expor os seu traballos, discutilos e confraternizar.

Xa no terceiro ano do traballo, que ven de rematar, continuouse co estudo do río ampliándoo á súa bacia. Os participantes encontráronse en Valença no pasado mes de Marzo, onde pasaron unha agradable xornada, con presentación de traballos, xogos populares, recital poético e musical, comida campestre e paseo pola Fortaleza. Non faltou a visita ao lugar onde o río Minho se entrega ao mar, na praia de Caminha que coincidiu cun espectacular solpor na inmensidade das augas. Fronte a aquel océano límpido e calmo non podíamos crer que as costas galegas, só a poucos kilómetros ao norte, estaban lixadas pola maldición do fuel, ou que no Iraque se estaba perpetrando a ignominia dunha invasión vergonhenta.

OS TRABALLOS NO PRIMEIRO ANO

Neste inicio, en Lugo fíxose un estudo do río ao seu paso pola cidade, desde diferentes puntos de vista: estudo da contaminación a partir de análises microbiolóxicas, en colaboración coa Delegación de



Sanidade; da depuración das augas que entran e saen da cidade, e do funcionamento das plantas potabilizadora e depuradora de augas residuais, en colaboración cos funcionarios responsables das mesmas; da ordenación e proxectos urbanos próximos ao río, en colaboración con técnicos e funcionarios do Concello.

Pola parte portuguesa, os traballos centráronse en analizar o estado de contaminación e eutrofización das augas ao seu paso por Valença, relacionándoo cos cambios nos usos das terras e nas prácticas agrícolas.


O SEGUNDO ANO: A ENTRADA DE OURENSE

No curso 2001/2002 entrou Ourense nestes traballos, o que permitiu unha visión do río mais global. Decidimos centrarmonos nos usos do río, aínda que repetindo algúns dos temas anteriores, para procurar algún dato concluinte. Neste sentido, tivemos en conta que os dous invernos foran mui diferentes en cuanto á pluviometría: no 2000/01 choveu muitísimo, rexistrándose cheas importantes, mentras que en 2000/01/2 choveu mui pouco; isto tiña que afectar aos resultados de contaminación e, sobre todo, aos de eutrofización das augas, por causa dos adubos arastrados ao invadiren estas os

terreos de labor. Tamén o diferente rexime pluviométrico incide na eficacia das potabilizadoras e depuradoras, que se ven afectadas polo caudal e o nivel das augas.

Con relación aos usos do río, tema de referencia, en Lugo abordáronse os parques das beiras do río ao seu paso pola cidade; os muiños destruídos, restaurados, e en funcionamento activo; a circulación xeral das augas na cidade, desde os tempos históricos (acueductos romano e medieval, fontes e nascentas na cidade, etc); as augas termais e o balneario de Lugo; e a pesca, através dun estudo do río desde Belesar até Lugo. Recabouse a colaboración de case todas as entidades públicas: Concello, Deputación, Sanidade, Consellerías de Pesca, Agricultura e Medio Ambiente, a onde os estudantes foron procurar información.

En Ourense, o grupo de traballo estudou a evolución da cidade con relación ao río: cómo se tiña conformando o burgo primitivo á volta das fontes termais das Burgas e, posteriormente, como a cidade se foi desprazando conquistando as beiras do río, e englobando bairros como o da Ponte. Isto acompañouse dun estudo das diferentes pontes ata chegar ás seis actuais, das orixes e evolución das Termas, a chegada do tren... Tamén se contou coa colaboración dos diferentes organismos oficiais.



"Rio Minho vivo mas non muito" así describía o colectivo Corema a situación do noso río común nas xornadas sobre os ríos organizadas por ADEGA en xuño de 2000

O grupo de Valença traballou desde as áreas de química e de economía, por cuanto reslacionaron o grao de contaminación das augas, químico e de eutrofización coas mudanzas nas actividades desde as tradicionais agrícolas até as actuais nas que a agricultura perde peso e predominan as industriais. Estudaron as augas termas asociadas ao río, como as de Melgaço, e contaron coa colaboración da Cámara municipal, entre outros organismos oficiais.

O TERCEIRO ANO

Os traballos tomaron outras direccións, ao introducir as áreas de influencia do río. Así en Lugo, todos os traballos tiveron como referencia à recentemente declarada Reserva da Biosfera *Terras do Miño*, inluindo as Lagoas da Terra Cha, a paisaxe ecolóxica, os muiños e aceñas, a pesca, o proxecto de construción dunha presa no río Narla, e outros como un estudo global dos encoros do río Miño, produción eléctrica e características medioambientais dos mesmos.

A reserva *Terras do Miño* está xestionada polo INLUDES, instituto dependente da Diputación provincial, que nun principio negouse a facilitar información aos alumnos dicíndolles que non era pública. Posteriormente, a través de contactos persoais, algúns dos traballos puéronse realizar utilizando información fornecida

desde a institución. Ademais de institucións públicas, procurouse a axuda de organizacións non gobernamentais como ADEGA.

En Ourense centráronse na toma de auga da cidade, desde o río Barbaña, afluente do Miño, estudando o seu estado ambiental (bioindicadores, flora e fauna asociadas, etc) e o funcionamento da potabilizadora e da depuradora, etc.

En Valença, ás áreas de química e economía sumáronse as de historia, etnografía, música, lingua portuguesa, lingua inglesa, etc, para un estudo multidisciplinar do río ao seu paso pola rexión. Múltiples traballos trataron das aceñas, comparándoas coas que se encontran en Irlanda, da economía da auga, da contaminación, etc, intercalado todo con poesía relativa ao río.

Este ano, o convivio de presentación dos traballos cerrouse cun recital poético do grupo de Lugo contra a guerra-invasión do Iraque. Tamén, como referencia ao desastre ecolóxico e económico do *Prestige*, expuxéronse dous paneis relativos á cadea humana *Area Negra*, na que tiña participado o grupo. Os/as compañeiros/as de Valença interpretaron unha cantiga sobre o Río Minho, reivindicativa, contra os encoros e a perda de vida do río.

Todos os traballos foron resumidos en paneis, que fican na forma dunha exposición itinerante entre os tres centros como recordatorio dos estudos feitos.

CONCLUSIÓN

Este tipo de actividades axuda a valorar o noso patrimonio natural, como un primeiro paso para defendelo das agresións a que se ve continuamente sometido. Entre os aspectos positivos salientamos o encontro de estudantes de diferente procedencia, realizando un traballo común desde a interdisciplinariedade e a pluridisciplinariedade, o que debe de facilitar a adquisición dunha visión global e de conxunto dun sistema integrado como é o río.

A exposición pública dos traballos permite aos estudantes aprender a expresarse e a escoitar en público, gañando soltura e seguranza na expresión oral e vencendo falsas inibicións; utilizáronse soportes como transparencias, proxeccións informáticas (power point), maquetas, etc.

O convivio é sempre positivo, axuda a romper falsas fronteiras, e facilita a intercomunicación de dous povos que levan muito tempo de costas viradas. A experiencia, mui valiosa desde o punto de vista educativo, de recollida de material acerca do noso río principal e de tomada de conciencia do valor do noso patrimonio natural común, aconséllanos continuala o ano próximo.

*Adela Figueroa Panisse é profesora do IES Lucas Augusti de Lugo e membro de ADEGA

PARTICIPACIÓN

Nº de alumnos:

1º ano: 60

2º ano: 100

3º ano: 100

Profesores:

Lugo: Carmen Lema, Pilar Gómez, Juan Hermida e Adela Figueroa

Ourense: Emilia Nogueiras e Concepción López, coa colaboración do conxunto do Departamento Didáctico de Bioloxía e Xeoloxía

Valença do Minho: Rosa Almeida, Sameiro Corrêa e Inês Ferreira

CONCLUSIÓNS SOBRE O ESTADO DO AMBIENTE

No conxunto dos traballos destacáronse as deficiencias en materia de medioambiente e as agresións ao medio. Por exemplo, todas as centrais hidroeléctricas estudadas están fora da normativa ambiental e son altamente agresivas co ambiente, sen que teñan introducido compensacións, nen respeitan as especies migratorias, gravemente afectadas.

As depuradoras de augas residuais demostráronse insuficientes para a súa función, nomeadamente nos momentos de cheas, cando desbordan deitando as augas directamente ao río.

O Plan hidrolóxico nacional español foi tamén considerado e criticado desde diferentes puntos de vista, particularmente polo que respecta á bacia do Minho. Foi mui criticado o proxecto da presa no río Narla, afluente do Miño nas proximidades da cidade de Lugo, polo grande impacto ambiental que supón e a súa competencia co abastecimento de augas á cidade.

PROXECTO DE EDUCACIÓN E VOLUNTARIADO AMBIENTAL

RECUPERACIÓN DA CANTEIRA DE ARÍNS

Virginia Rodríguez e Ramsés Pérez
(Adegas-Compostela)

Dende hai dous anos Adegas-Compostela, en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente do Concello de Santiago de Compostela, está a desenvolver o "Proxecto de recuperación do contorno da Mina de Aríns". Esta antiga mina de cobre é actualmente o vertedoiro municipal de residuos inertes. O espazo a recuperar abrangue diversas superficies como a corta da mina (hoxe vertedoiro), a entulleira e outras superficies de vexetación natural de queirugal-toxeira e bosque de ribeira, así como unha plantación de castiñeiros abandonada dende hai anos.

O obxectivo do proxecto é recuperar esta área degradada, combinando as medidas de restauración ambiental coa educación e o voluntariado ambiental. Trátase de minimizar os impactos na zona e fomentar a toma de conciencia pola sociedade dos problemas que xeneran as actividades humanas no ambiente.

O PROXECTO EDUCATIVO

O proxecto desenvólvense por unha banda coa poboación en xeral, veciños/as do lugar, da cidade, estudantes da Universidade, socios/as de Adegas ou simpatizantes, etc, que é o que poderíamos chamar voluntariado ambiental. Tamén cos estudantes de primaria e secundaria de Compostela se desenvolven actividades de educación ambiental.

Co voluntariado ambiental veñense realizando diferentes actividades, como son desbroze da plantación abandonada de castiñeiros, retirada de lixo, plantación de árbores autóctonas, podas, rega das árbores no verán, etc. Os distintos traballos de recuperación realízanse os sábados pola mañán. Tamén se imparten actividades de formación para unha consecución axeitada e segura destes traballos. Un exemplo disto é o curso de poda que se fixo neste dous anos e que foi unha das actividades máis exitosas, o que implicou un coñecemento específico do traballo a realizar así como seguridade para os persoas e as árbores. Ademais dos días e das actividades sinaladas, realízanse outras tendo en conta a época do ano, e celebracións como as do día da Terra, do día da árbore, do magosto, etc.

As actividades de educación ambiental inscriben-se dentro do Programa de Educación Ambiental que ADEGA ten co Concello de Compostela, ampliándose á calquera outra entidade que se solicite. O espazo ofrece unha grande variedade de aspectos a traballar, entre outros:

- A paisaxe e a súa evolución, así como a influencia das persoas nesta
- O estudo do río, antes e despois de chegar á mina, permite avaliar a influencia da contaminación polos vertidos da mina na biodiversidade; no curso do río anterior a mina está presente, por exemplo, a salamandriña rabilonga (*chioglossa lusitánica*).



- A diversidade de árbores do lugar, tanto as xa presentes como as que se plantaron, e a avaliación das razóns para a ubicación destas últimas, usos, propiedades, etc.
- A problemática dos residuos e, polo tanto, das consecuencias que o consumismo, as modas, etc teñen no medio ambiente en xeral e neste espazo cercano á cidade de Compostela en particular.
- Traballar temas como a auga, a biodiversidade, a xeodiversidade, etc sen ter que recurrir a espazos naturais protexidos; como se valorou con profesores/as e alumnos/as, someter estes espazos moi sensíbeis, moitas veces o único referente "natural", a un uso de visitas intensivas contribúe ao seu deterioro. Coa visita a mina compro-

bouse que este lugar pode ser tan adecuado coma outro para traballar os temas citados e mesmo relacionalos *in situ* con outros como son os residuos, o consumo, o ruído, a contaminación da auga, etc.

OBXECTIVOS CONQUERIDOS NO PRIMEIRO ANO

Coas actividades que realizamos na primeira fase do proxecto (primeiro ano), desenvolvéronse boa parte dos obxectivos que nos propuxeramos a hora de definir o proxecto:

1º Conseguiuse en grande parte (tendo en conta que este é un proxecto a medio-longo prazo) o obxectivo xeral de recuperación da zona baseada na educación ambiental e no voluntariado ambiental. Grande parte dos centros que

acudiron a realizar actividades son do contorno da parroquia de Aríns, algo de interese, xa que buscabamos traballar coa poboación local.

2º Comezouse un estudo da xea, fauna e flora do lugar que aínda se está a elaborar, que levou a atopar algunhas especies de interese e mesmo protexidas e ou endémicas do noso país que dan un maior valor ao espazo e ao proxecto do que inicialmente se esperaba. En canto a vexetación, as árbores, plantas menciñais e fieitos, son abundosas e danlle un maior valor didáctico ao lugar.

3º Como xa dixemos arriba, ademais do traballo cas rapazas e rapaces dos centros escolares do contorno, tamén houbo un achegamento á poboación do lugar. Nun roteiro, a presidenta de veciños de Aríns fixo de guía, e a participación no curso de poda que foi o que trouxo máis cantidade de veciños fixo que logo máis adiante se achegaran como voluntarios outros sábados a traballar na recuperación do lugar.

4º A creación dun roteiro que comeza na mina e que percorre o río Fornás ata Santa Lucía consolidouse.


NOVAS ACTUACIÓNS

Para o segundo ano, o novo curso 2003-2004, propómonos a consolidación das actividades que desenvolvimos durante o primeiro ano así como a realización de novas actuacións, entre as que destacan:

1. Consolidar un grupo de voluntariado ambiental que permita a todas as persoas que o desexen participar no seu tempo libre na prevención, defensa e conservación do medio ambiente a través dunha organización como é ADEGA.
2. Realización dun pequeno roteiro por toda a parcela de Aríns.
3. Modificacións no espazo, como a substitución da entrada por outra nova, próxima a parcela dos apicultores, para o que é necesaria unha ponte para atravesar o río.
4. Afianzar o roteiro que une Aríns con Santa Lucía, así como sacar un folleto sobre o proxecto e un roteiro polo río Fornás.
5. Posibilidade de habilitar un espazo para guardar o material. Se o Concello se implica, podería ser unha pequena aula da natureza, sala con exposicións/paneis, viveiro, taller, etc.
6. Campaña de Divulgación do proxecto para lograr unha maior difusión tanto de centros de ensino como de voluntariado ambiental.



Román Pérez




Román Pérez

XERARDO ÁLVAREZ LIMESES, O POETA QUE ESCRIBEU ENTRE DOUS SÉCULOS (II)

Emílio Xosé Ínsua

Alberte Sánchez



Como apuntamos na anterior entrega, en 1934 Xerardo Álvarez Limeses publicou en Pontevedra o seu único libro de poemas na nosa lingua, *Antre dous séculos (Versos gallegos)*, con prólogo do seu grande amigo Castelao.

O proémio do político e artista rianxeiro divide-se claramente, canto ao contido, en dúas partes. Na primeira, Castelao confesa a súa incapacidade para facer versos ("*Eu non nascín para poeta nin podo comprender-a esencia da poesía, cicais para que o seu misterio abale mellor o meu corazón*"), autodefine-se como "*un humorista embebido de melancolía*", enuncia unha árdida defensa do idioma galego ("*os que refugan a nosa fala non son dignos de chamarse galegos, porque desprecian o cerne da nosa democracia e cegan as mellores fontes de creación*") e defende con paixón, por último, a arte e a poesía populares, agardando "*un retorno do Arte ô espírito do pobo, para tomar pulo e renovarse, porque certamente o instinto popular é a única reserva que conta o Arte para non morrer de Cencia e para que volva a cumprir a súa función social*".

Polo que di á segunda parte, Castelao define ao autor do poemario que prologa como "*patriota de dous séculos*", cataloga o poemario *Antre dous séculos* como libro "*nidío como a i-auga, fermoso como unha*

fror" e resume as principais liñas ético-estéticas presentes no mesmo aseverando que o poeta pontevedrés foi quen de sentir a fremosura da Terra, compadecer as dores da Raza e expresar ledicias de mozo e saudades de vello.

Os poemas que compoñen *Antre dous séculos* foron escritos en diferentes épocas. O máis antigo é, probabelmente, "Antoniño", publicado na revista pontevedresa *Galicia moderna* en 1897. Entre os máis recentes (isto é, achegados á data de publicación do volume) cabe asinalar "A morte de Viriato", escrito no mesmo ano de 1934 en que o libro saíu do prelo. Formalmente, Álvarez Limeses opta maioritariamente por esquemas e versos de corte tradicional, con uso de rimas consonantes e asonantes. Ningunha das novidades ou audacias vangardistas ten, desde logo, acollida na súa lira, aínda que rexistramos algúns ecos da escola hilozoísta que liderou o poeta pontevedrés Amado Carballo (1901-1927), volcada nunha nova visión da paisaxe desde a base da súa esencialización e da súa personalización.

Antre dous séculos é un volume misceláneo e pluritemático. Está organizado en tres partes, de moi desigual extensión. Unha primeira está conformada polo longo poema "Canto a Galiza", composto por catro tempos intitulados "¡Terriña das saudades!", "Vexo a Mariña brava", "Choi-va miudiña e morna" e "¡Terra dos meus amores!", respectivamente. Expresan, no fundamental, a morriña do autor mentres vive afastado da Terra, anxeando o regreso a ela, e definen en conxunto Galiza como o lugar máis fermoso do mundo, en versos como estes:


*"Vexo a Mariña brava
e o mar que se estrelaba
toupando nos petoutos feramente,
e, de cote, mansiñ
ía bicar a praia,
onde a fera corrente
xa cansa de bulir, dôce, mainiña,
nas areas esmaia...
E tamén ollo a serra,
vixiador da Terra,
na que zoan os ventos que da medo.
D'un tras outro penedo,
brinco co pensamento cara às veigas,
cara ôs prados, muíños, fondonadas,
e n'as campías meigas
pousan as miñas aas esmalleadas..."*

A segunda parte de *Antre dous séculos*, núcleo fundamental da obra, consta de 49 poemas, de moi variada temática e forma, como axiña veremos. A terceira e derradeira intitúlase "Morriña" e está composta por un só poema homónimo. De contido semellante ao "Canto a Galiza" que inauguraba o libro, "Morriña" exprime novamente a identificación espiritual e biográfica do autor coa paisaxe galega:

*"(...) Eu, pol-as túas leiras
bulín, ceibe de mágoas,
na moceda frolida;
eu nas noites caladas
ouvín os longos brúos
que aló, na costa brava,
ô batir dos petoutos
o Atlántico levanta.
Eu, nas tardes xeitosas,
escoitei as pregarías
do vento, que abirtaba pol-as veigas,
e ouvín as lingoas máxicas,
parleiras, armoniosas
do grilo e a carricanta.
Eu collín nos teus agros
as froreciñas brancas,
aspirei túas brisas
e bebín túas augas (...)"*

Centrándonos xa nesa segunda parte da obra, cos seus 49 poemas, cómpre dicir antes de máis que presenta varias liñas de contido, entre as que non falta a que podemos denominar "ecoloxista".

Unha primeira liña evidencia unha forte coloración relixiosa católica, de corte franciscanista. Está representada por poemas como "Orazón", "Cousas de Dios", "Rendimento" ou "Fai vinte séculos". No primeiro dos citados, Álvarez Limeses canta á figura da Virxe, pede a súa protección para os pobres, os fementos, os doentes, os maltratados polas inxustizas, etc. e lamenta a perda de relixiosidade que a sociedade galega, ao seu ver, estaba experimentando nesa época: os peregrinos eran, na súa opinión, "*xa cansos e poucos*"... No segundo poema mencionado, posto en boca dunha muller campesiña, expresa-se confianza en Deus porque a súa intervención arránxa os desaxustes e as inxustizas que padece a xente labrega galega. "Rendimento" é un canto aos cruceiros aldeáns, entanto "Fai vinte séculos" glorifica o nacemento do Neno Xesus en Belén.



que cante porque os seus arrulos, "como o queixume do vento / que zoa no salgueiral/ como o murmurio da fonte" lembran aos da nai morta. En "Xa vou vello", Álvarez Limeses exprime os sentimentos dunha persoa que ve chegar a hora da súa morte e manifesta pouco ou nulo interese polas cousas que cando novo lle importaban. No poema intitulado "Néboa" o poeta amosa-se satisfeito cunha soidade e cun isolamento que lle permiten estar "ceibe de mágoas e loitas".

Dentro da temática intimista englobárian-se ademais algúns poemas de evocación de lugares que encerran algun valor sentimental ou biográfico para o autor. Así "No Valado" describe o estado de ruína e abandono da noutroira casa petrucial, habitada agora só por mouchos e morcegos, entanto "Fai anos, no Valado" evoca tempos, anécdotas e contos de infancia escoitados ou vividos nese mesmo lugar.

Un cuarto apartado temático de *Antre dous séculos* podería configurar-se en base aos poemas de pendor claramente ideolóxico, quer desde unha perspectiva agrarista, quer desde outra galeguista. No primeiro grupo entrarían poemas como "¡Vela aí vai!", "No valado", "Como os bois", "Moe, muiño", "Xantar", "¡Volve!" (posto en boca dunha moza aldeá, que prega ao seu mozo emigrado que regrese a unha aldea que vai ficando cada vez máis pobre e fantasmagórica) e "Nós". No segundo grupo, o dos poemas abertamente galeguistas, caberían os catro textos do apartado "Canto a Galiza", o epílogo "Morriña" e os poemas intitulados "Terra de Ourense", "Día de Galiza en Bayón" e o antes mencionado "A morte de Viriato".

Un quinto e penúltimo apartado temático do volume que nos ocupa estaría configurado polos poemas "anecdóticos", na liña costumista, ruralista e popularista

(imitación dos cantares do pobo) que, consagrada desde 1864 pola Rosalía dos *Cantares Gallegos*, tanto éxito chegou a ter na literatura galega intersecular e da que tanto aborreceron poetas máis novos e vangardistas como o Manuel Antonio do manifesto *Máis alá* (1922). Representativo desta vertente en *Antre dous séculos* é o poema intitulado "Triadas celtas":

*"O río chorando vai,
as frores bican a terra
¿qué foi do meu a-ia-iai?"*

*Di ti, herbiña dos amores:
¿Por que prendes no inverno
e no vran botar-as frores?"*

*Costa que vas ô meu lar:
¿que boa estás de rubir,
que mala estás de baixar!...*

*¡Ai, o alalá, miña santa,
cántase cando se chora,
chórase cando se canta!*


*Terra fría non dá millo.
Moza quer non ten côr
n'ha de casar co meu fillo.*

*¿Coitas tes? Pois non che pese,
qu'eu non vin o arco da vella
reloucir, sin que chovese."*

Finalmente, hai no libro unha serie de poemas en que o interese e o arroubo pola natureza, nomeadamente pola paisaxe, marca máis que ningún outro ingrediente a substancia dos versos. Veremo-lo na seguinte entrega, que será derradeira, deste traballo.

Unha segunda liña ten a ver con retratos de figuras históricas, literarias, artísticas ou de persoas veneradas e queridas polo poeta. Fan parte deste núcleo composicións como "Antoniño" (dedicada cariñosamente a un "parviño" ou "inocente" de Tui), "A morte do poeta", "Introito" (en memoria de Rosalía de Castro), "Na morte de Lamas Carvajal", "Don Perfecto" (dedicado á figura do gaitero e folclorista pontevedrés Perfecto Feixó, iniciador dos coros populares galegos que tan importante papel desempeñarian na recuperación do noso legado literario e musical tradicional), "Xenerosa Coto" (escrito na morte dunha velliña así chamada, que constituía, en palabras do propio Álvarez Limeses, "o fio que ô tempo pasado / miña rota memoria enfiñaba") e "Cantiga" (breve poema dedicado a Curros Enríquez, gabando a mestría do seu poema "A Virxe de Cristal").

En función da temática hai un terceiro tipo de poemas nesta segunda parte do libro, que podemos caracterizar como "intimistas". O intitulado "¡Non volverei!" resposta á dor do poeta pola prematura morte da súa afillada, entanto "¡Canta rula!" expresa sentimentos de pena semellantes: ao contrario da protagonista do coñecido poema de Rosalía "Tecín soia a miña tea", que conminaba "Cala rula; os teus arrulos / ganas de morrer me dan", o poeta pontevedrés prega-lle a unha rula



Coa mesma periodicidade trimestral que a revista Cerna en papel, publicará-se a versión electrónica de Cerna, que incluírá os principais contidos daquela, así como outros artigos que resumimos aquí. A Cern@ estará dispoñible ao longo do seguinte mes da publicación de cada número da revista. Cern@ 38 xa se pode ver en <http://www.adegagaliza.org/cern@/index.htm>. Os seguintes artigos están dispoñíbeis só na versión electrónica de CERNA

SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL

Prevención ambiental e tecnoloxías limpas en Galiza

Isabel Ruiz e Manuel Soto. Universidade da Coruña.

Analízase o concepto de tecnoloxías limpas e abórdase a súa introducción entre as industrias galegas, a receptividade da administración e a divulgación social de que foron obxecto na Galiza. A nivel xeral existe un escaso coñecemento dos principios e das metodoloxías dos enfoques preventivos. O feble entramado industrial, por unha banda, e o desinterese da actual administración autonómica, por outra, explican unha situación na que só a empresa mais contestada de Galiza, a fábrica de celulosa de ENCE en Pontevedra, ten realizado cambios tecnolóxicos en profundidade, aínda que globalmente insuficientes. O acceso á información ambiental segue a ser unha caréncia importante. Unha breve análise das factorías de Repsol Ypf e Ence en Galiza indica que a disposición dunha certificación ISO 14001 non supón avances significativos na xestión.

Documento de posición da ANEC e a OEA sobre as Normas dos Sistemas de Xestión Ambiental ISO 14001 e EMAS

Asociación Europea para a Coordinación da Representación dos Consumidores en Estandarización (ANEC) e Oficina Europea do Ambiente (OEA), 2003.

Estas dúas entidades realizaron unha avaliación do potencial destas normas que as empresas, sobre todo as máis grandes, comezan a usar como referente de xestión ambiental para demostrar a súa responsabilidade e bon facer. Indícase que ambas normas responden ao paradigma neoliberal que relega o control ambiental das empresas á iniciativa e responsabilidade das mesmas (autoregulación). Critícanse aspectos básicos destas normas como a ausencia de requirimentos de eficiencia ambiental, a non diferenciación entre empresas cunha boa

e unha má xestión ambiental (á hora de dispor da certificación), e as vantaxes inxustificadas que as empresas certificadas obteñen da administración, como a redución dos controles ambientais. A ANEC e a OEA conclúen que se as normas dos SXA non son obxecto de cambios sustantivos no seu contido e aplicación non garantirán avances na xestión ambiental en Europa e tampouco servirán como instrumentos para o desenvolvemento de novas políticas (eco-deseño, Política Integrada de Produtos, Equipamentos de Uso Final...), como agora pretende a Comisión Europea.

DIREITO

Responsabilidades e competencias no caso Prestige

Alba Nogueira. Profesora de Dereito administrativo. Universidade de Santiago de Compostela.

Analízase a responsabilidade e a competencia dos cargos gubernamentais encausados no xuízo penal pola catástrofe do Prestige, que a autora conclúe como non discutíbeis. Pola contra, indica que a xustiza o que debe aclarar é se os encausados se basearon ou non en informes técnicos que ampararan as decisións tomadas e se seguiron as pautas de actuación estableci-

das para protexer na medida do posíbel as nosas costas.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

O dereito de acceso á información sobre medio ambiente

Mercedes Pérez. Avogada. ADEGA-Coruña. Considerando que un sistema democrático só se pode desenvolver con plenitude, cando se educa e informa á sociedade de maneira axeitada, a autora revisa a normativa reguladora do dereito de acceso á información sobre medio ambiente, partindo da Constitución Española e a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Proceso Administrativo Común, e chegando á Lei 38/1995, de 12 de Decembro, que o regula de forma específica. Quén pode pedir información, quén está obrigado a facilitala, ou qué información se pode solicitar son algunhas das cuestións que se responden no artigo, ademais de explicar os procedimentos de solicitude. Unha cuestión que recobra actualidade tras a entrada en vigor do Convénio internacional de Aarhus e unha nova directiva europea na materia, feitos tamén revisados no artigo.

A catástrofe do Prestige e a educación ambiental: algunhas reflexións e posíbeis consecuencias educativas

Ramón López Rodríguez. Escola Universitaria de Maxisterio de Lugo - Universidade de Santiago.

O autor aborda a posibilidade dunha lectura en positivo que se pode sacar de catástrofes ou crises da magnitude da do Prestige, e analiza o papel que a educación ambiental pode xogar na posta en valor desta lectura. O sistema de creencias existente leva a unha grande maioría de cidadáns a cargar todas as responsabilidades nas industrias, nos fallos do sistema, ou nas administracións, pero non a formular as nosas propias responsabilidades como participantes activos duns modelos absolutamente insustentábeis. E aquí é onde parece fundamental o labor e a tarefa da educación ambiental.



Tamén DEPENDE DE TI



Plan de tratamento de residuos sólidos urbanos de A Coruña



Na natureza os residuos son aproveitados nun ciclo permanente de produción e reciclado.

*Imitar á natureza para acadar que as novas xeracións disfruten dun planeta e unha cidade en equilibrio ecolóxico **tamén depende de ti**. Para iso necesitamos a túa colaboración: separa o lixo na túa casa e deposítalo nos contedores correspondentes.*

*Coa a túa axuda, na Coruña, **daremos un novo valor a todo o que che sobra**.*



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña

 **Albada**
Babcock Kommunal - Tecmed UTE



Fotografía: Xabier Vázquez

NO CULTIVO
DE PALABRAS ONDE PRANTAS
OS NARCÓTICOS
ATOPEI NA SECCIÓN (S)
SEGADORAS

ESTEVO CREUS, 2003